

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA LEVADA A CABO POLO PLENO DO CONCELLO
O DÍA 25 DE ABRIL DE 2019

ÍNDICE DE PUNTOS

A) PARA DAR CONTA.....

Punto Primeiro.- Dación de conta ao Pleno da Corporación dos decretos ditados pola Alcaldía dende a última sesión plenaria ordinaria.....

B) PARA DELIBERACIÓN E ACORDO:.....

Punto Segundo.- Aprobación, se procede, de actas anteriores (acta da sesión ordinaria do 28 de marzo de 2019).....

Punto Terceiro.- Aprobación da novena modificación puntual da RPT consistente nunha nova valoración e adecuación do complemento de destino (niveis) dos postos da Policía Local.....

Punto Cuarto.- Restablecemento das retribucións minoradas no complemento específico do persoal da Policía Local que ten sido obxecto de reclasificación profesional.....

Punto Quinto.- Terceira modificación do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ames, período 2017-2018-2019.....

Punto Sexto.- Aprobación Plan Estabilización do Emprego Temporal no Concello de Ames en execución do establecido na Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.....

Punto Sétimo.- Primeira prórroga do contrato de xestión do servizo público Ciclo Integral da Auga do Concello de Ames.....

Punto Oitavo.- Aprobación da constitución da Asociación do Camiño da Ría de Muros Noia. Aprobación de estatutos e designación de representante municipal.....

Punto Noveno.- Proposta dos membros da Corporación do Concello de Ames solicitando unha mellora da atención sanitaria urxente no transporte sanitario no Concello de Ames (R.E. numero 20190000002445).....

C) MOCIÓN.....

D) PARA CONTROL DO GOBERNO.....

Punto Décimo.-Rogos e Preguntas.....

ROSA ANA PRADA QUEIPO SECRETARIA DO CONCELLO DE AMES NA PROVINCIA DA CORUÑA

CERTIFICO: QUE O PLENO DESTE CONCELLO LEVOU A CABO SESIÓN ORDINARIA O DÍA 25 DE ABRIL DE 2019. DESA REUNIÓN REDACTOUSE A CORRESPONDENTE ACTA QUE É DO TEOR LITERAL SEGUINTE:

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA LEVADA A CABO POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 25 DE ABRIL DE 2019.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ames, ás vinte horas e trinta minutos (20:30) do día 25 de abril de 2019 reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria de primeira convocatoria, baixo a presidencia do señor alcalde, José M. Miñones Conde, e coa asistencia das/os señoras/os concelleiras/os seguintes:

Grupo municipal Popular	M ^a Oliva Agra Costoya
	Fco. Javier Olmo Olmo
	Roberto José Martínez Viaño
	M ^a Encarnación Santiago Hermo
Grupo municipal Socialista	José Manuel Miñones Conde
	Luisa Feijóo Montero
	José Blas García Piñeiro
	M ^a Isabel González Cancela
Grupo municipal IC- Ames Novo	M ^a del Carmen Calviño Miramontes
	Ana Isabel García Reig
	Roberto Amarelle Garabán
	Enrique Costas Bastero
Grupo municipal Contigo Pódese	Genma Otero Uhía
	Francisco Javier García Guldrís
	Silvia Dapena Liñares
Grupo municipal Pacto X Ames	Ramón García Argibay
	Emilio Martínez Carballeira
Grupo municipal BNG-Asembleas Abertas	David Santomil Mosquera
	M ^a Isabel Vaquero Quintela
-----	-----

Actúa como **secretaria** a titular da Corporación, Rosa Ana Prada Queipo.

Asiste a **interventora**, Margarita Fernández Sobrino.

Non asiste pero xustifica a súa ausencia a concelleira do grupo municipal Pacto X Ames, M^a Dolores Fernández Álvarez

ORDE DO DÍA:

A) PARA DAR CONTA

Punto Primeiro.- Dación de conta ao Pleno da Corporación dos decretos ditados pola Alcaldía dende a última sesión plenaria ordinaria.

O señor alcalde, **José M. Miñones Conde**, informa á Corporación que os decretos ditados pola Alcaldía dende a última sesión plenaria ordinaria, estiveron á disposición de todas/os as/os concelleiras/os na Secretaría Xeral, engadindo que o acceso aos decretos é libre para todas/os as/os concelleiras/os en calquera momento na Secretaría Xeral do Concello, así como nos distintos departamentos nos que foron elaborados, e que ditos decretos foron remitidos por vía telemática aos señores/as concelleiros/as.

O último decreto do que se da conta é o decreto 1109/2019 do 22 de abril.

B) PARA DELIBERACIÓN E ACORDO:

Punto Segundo.- Aprobación, se procede, de actas anteriores (acta da sesión ordinaria do 28 de marzo de 2019).

A acta da sesión plenaria de 28 de marzo de 2019 é aprobada por unanimidade dos membros presentes da Corporación Municipal.

Punto Terceiro.- Aprobación da novena modificación puntual da RPT consistente nunha nova valoración e adecuación do complemento de destino (niveis) dos postos da Policía Local.

Expediente 2019/X999/000055

Figura no expediente informe conxunto de Secretaría e Intervención Municipal do teor literal seguinte:

Informe de conxunto de Secretaría e Intervención Municipal

Expediente 2019/X999/000055

Asunto: Proposta da Alcaldía de novena modificación puntual da RPT consistente nunha nova valoración e adecuación do CD (niveis) dos postos da policía local.

Antecedentes

Mediante providencia da Alcaldía no expediente 2019/G003/000694 foi solicitado informe á Secretaria e Intervención municipal, entre outros, sobre os seguintes extremos:

(.....)

Primeiro.- Posibilidade de unha adecuación retributiva que levaría á novena modificación puntual da RPT, consistente nunha modificación do CD dos postos de policía local de acordo co informe da asesoría xurídica da Deputación Provincial da Coruña de 8 de febreiro de 2019.

Con data 2 de abril de 2019 foi emitido o informe solicitado no que se conclúe, no aspecto que nos ocupa o seguinte:

(.....)

Primeiro.- En relación á primeira proposta que se somete á consideración das informantes é a modificación do CD dos postos de policía local de acordo co informe da asesoría xurídica da Deputación Provincial da Coruña de 8 de febreiro de 2019, cumpre dicir que este informe vai en liña coa proposta do asesor redactor técnico da RPT Santos Lorenzo Lorenzo.

Non obstante, e salvo mellor criterio fundado en dereito, para as informantes ningunha circunstancia de feito ou de dereito hai nova con respecto ao informe solicitado con data 15 de xaneiro de 2019 á Secretaria e Intervención e emitido co número 15/2019.

A pesar do seu carácter reiterativo cumpre recordar que o CD do corpo da policía local non foi modificado no ano 2010 con ocasión da reclasificación realizada ao abeiro da Lei de coordinación de policía locais do ano 2007.

Disposición transitoria primeira Lei de coordinación de policía locais 4/2007 do 20 de abril:

1. No prazo de tres anos desde a entrada en vigor da presente lei, os funcionarios dos corpos de policía local da escala básica, executiva, técnica e superior se entenderán clasificados unicamente a efectos retributivos nos grupos C,B e A sen que este feito poderá supoñer necesariamente un incremento de gasto público nin modificación do cómputo anual das retribucións totais dos funcionarios desa escalas e categorías.

2. Transcorridos tres anos, a contar desde a entrada en vigor da presente lei, o persoal funcionario que posúa a titulación académica requirida para o acceso ás escalas e categorías en que é reclasificado quedará integrado, a tódolos efectos, nas mesmas. Polo contrario aquel que carecese da citada titulación académica quedará integrado, a tódolos efectos, nas escalas e categorías nas que é reclasificado, pero neste caso na situación de a extinguir, permanecendo nelas ata que acredítase a obtención dos niveles de titulación académica esixidos en cada caso.

4.- A clasificación dos funcionarios da policía local prevista na presente disposición se levará a efecto de modo que non supoña necesariamente incremento no computo conxunto das súas retribucións. Nestes casos percibirán o soldo base e os trienios correspondentes ao novo grupo de titulación pero o exceso sobre o grupo anterior se deducirá das súas retribucións complementarias, preferentemente do concepto de produtividade, se houbera, referidas a catorce mensualidades ao cómputo anual de forma que se perciban idénticas remuneracións globais respecto á situación anterior.

Naquel momento o Concello de Ames optou por non realizar incremento de retribucións do corpo da policía local e así, mediante decreto 477/2010 procedeuse á clasificación dos funcionarios/as da policía local deducindo o exceso do seu complemento específico e non modificando o CD. En relación ao CD mantívose o CD que lles correspondía polo grupo de ingreso na administración pública.

O criterio da Deputación da Coruña de modificar o CD para evitar situacións de desigualdade non se comparte; o novo persoal que puidera ingresar na policía local de Ames o faría nun grupo concreto (C1) e sería razoable que o seu CD valorase esa titulación que non foi esixida para o actual corpo de policía local que pertence ao grupo C1 por reclasificación pero non por ingreso. Se trata de valorar desigualmente situacións que son desiguais o que non atenta contra o principio de igualdade retributiva.

Segundo.- A segunda proposta que se somete a consideración das informantes é modificar o CD en coherencia co grupo profesional en que, ope legis lei 4/2007, foron reclasificados.

Insistir, unha vez mais, en que esta reclasificación tal e como di a propia lei de coordinación de policía locais 4/2007 non suporía necesariamente aumento de retribucións no seu cómputo anual. O Concello de Ames optou (dado que a propia lei de coordinación de policía locais recollía tal posibilidade) en non realizar aumento retributivo e así reclasificou o grupo (tal e como recollida a lei), mantivo o CD e minorou o CE.

Cumpre recordar que o decreto da Alcaldía do Concello de Ames de reclasificación da policía local (decreto 477/2010) foi obxecto de recurso contencioso administrativo sendo confirmada a legalidade da decisión municipal mediante sentenza 773/2012 do 23 de maio do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A efectos ilustrativos reproducese o fallo da sentenza e parte dos seus fundamentos xurídicos. Polo tanto a redución do CE con ocasión da reclasificación é unha decisión conforme coa legalidade, como tamén é conforme á legalidade o manter o CD anterior á reclasificación para aqueles que foron reclasificados e que non impediría que novas incorporacións percibiran un CD acordo co grupo de acceso á administración e no que se valorase a titulación esixida.

Fallamos que con acollemento do recurso de apelación interposto contra a sentenza do xulgado do contencioso administrativo nº1 de Santiago de Compostela de 28 de xuño de 2011, debemos revocar e revocamos a mesma, e no seu lugar desestimamos o recurso contencioso administrativo deducido por don José Antonio Rodríguez Freire e outros vinte e catro membros da policía local contra o acordo de 14 de xuño de 2010 do Pleno do Concello de Ames polo que se desestima a petición de deixar sen efecto a minoración do complemento específico que viñan percibindo, sen facer pronunciamento especial sobre as costas desta alzada.

Fundamento de Dereito Terceiro: (.....) O Pleno do Concello pode acordar dita redución dos afectados pola reclasificación, como medio de contención do gasto público (,,,) ante a imposibilidade de levar a cabo a rebaixa con cargo ao complemento de produtividade so era factible facela mediante aquela redución do complemento específico todo elo sen perxuízo de que inmediatamente despois se reflecta na RPT a nova contía da minoración. Non tería sentido esixir a previa aprobación da modificación da RPT cando a redución ten lugar ope legis e sen necesidade de unha valoración previa do posto de traballo que ocupa cada un dos afectados, porque aquela alteración da contía do CE non deriva de que se tivesen modificados as condicións particulares do posto senón como vía para conter o gasto público e impedir o mencionado incremento no cómputo conxunto das retribucións dos funcionarios afectados.

Terceiro.- Con data do 4 de abril de 2019 solicítase por parte da Alcaldía que se emita informe en relación á proposta de novena modificación puntual da RPT acompañada de documento técnico de Santos Lorenzo Lorenzo no que propón:

Primeiro.- Prestar aprobación inicial á novena modificación puntual da RPT, consistente nunha nova valoración e adecuación do complemento de destino (niveis) dos postos do departamento de policía local, nos termos sinalados no anexo I adherido a este acordo. E que os niveis de destino resultantes sexan percibidos por todo o persoal ocupante dos postos afectados, agás no caso do ocupante actual do posto de inspector/a; cuxo nivel surtirá efectos tras nova ocupación do mesmo por vacante temporal/definitiva do seu actual ocupante (previo proceso de cobertura con arranxo aos procedementos/ figuras legais de provisión definitiva ou temporal), achegando proposta elaborada ao respecto por Santos Lorenzo Lorenzo (....)

Lexislación aplicable.

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).

Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do estatuto básico do empregado público (TREBEP).

Real decreto 861/1986, do 25 de abril, de retribucións dos funcionarios de administración local.

Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Fundamentos de Dereito.

Primeiro.- A reclasificación da policía local de Ames en cumprimento da lei de coordinación de policía locais de Galicia do ano 2007 tivo lugar a través dun decreto da alcaldía (decreto 477/2010), ditado ao abeiro da disposición transitoria primeira da lei e foi unha decisión confirmada por sentenza xudicial firme 773/2012, do 23 de maio, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Disposición transitoria primeira Lei de coordinación de policía locais 4/2007 do 20 de abril:

1. No prazo de tres anos desde a entrada en vigor da presente lei, os funcionarios dos corpos de policía local da escala básica, executiva, técnica e superior se entenderán clasificados unicamente a efectos retributivos nos grupos C,B e A sen que este feito poderá supoñer necesariamente un incremento de gasto público nin modificación do cómputo anual das retribucións totais dos funcionarios desa escalas e categorías.

2. Transcorridos tres anos, a contar desde a entrada en vigor da presente lei, o persoal funcionario que posúa a titulación académica requirida para o acceso ás escalas e categorías en que é reclasificado quedará integrado, a tódolos efectos, nas

mesmas. Polo contrario aquel que carecese da citada titulación académica quedará integrado, a tódolos efectos, nas escalas e categorías nas que é reclasificado, pero neste caso na situación de a extinguir, permanecendo nelas ata que acredítase a obtención dos niveles de titulación académica esixidos en cada caso.

4.- A clasificación dos funcionarios da policía local prevista na presente disposición se levará a efecto de modo que non supoña necesariamente incremento no computo conxunto das súas retribucións. Nestes casos percibirán o soldo base e os trienios correspondentes ao novo grupo de titulación pero o exceso sobre o grupo anterior se deducirá das súas retribucións complementarias, preferentemente do concepto de produtividade, se houbera, referidas a catorce mensualidades ao cómputo anual de forma que se perciban idénticas remuneracións globais respecto á situación anterior.

A pesar do seu carácter reiterativo cumpre recordar (tal e como foi informado nos expedientes 2019/G003/000694 e 2019/X999/000014) que o CD do corpo da policía local non foi modificado no ano 2010 con ocasión da reclasificación realizada ao abeiro da Lei de coordinación de policías locais do ano 2007; o que foi minorado foi o CE.

En todo caso, con ocasión da súa reclasificación, a policía local de Ames non experimentou rebaixa de retribucións porque o minorado no CE foi a mesma cantidade que foi aumentada nas súas retribucións básicas.

O Concello de Ames optou, con ocasión da reclasificación da policía local (dado que a propia lei de coordinación recollía tal posibilidade) en non realizar aumento retributivo e así reclasificou o grupo (tal e como recollida a lei), mantivo o CD e minorou o CE.

A forma concreta de reclasificación da policía local realizada en Ames, sen aumento de retribucións, foi confirmada en sede xudicial pola sentenza 773/202 do 23 de maio do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Segundo.- Nesta nova proposta alúdese (o que resulta unha novidade) a que dentro do orzamento municipal 2019 se ten habilitado crédito para os custes derivados desta modificación, dentro da aplicación orzamentaria do fondo de continxencias e ao abeiro do previsto no artigo 3 do RDL 24/2018, do 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.

Artigo 3. dous RDL 24/2018: No ano 2019 as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao 2,25% respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2018, en termino de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como a antigüidade do mesmo e sen considerar a tales efectos os gastos de acción social que, en términos globais, non poderán experimentar ningún incremento no 2019 respecto aos do 2018. ademais do anterior, se o incremento do produto interior bruto (PIB) a prezos constantes en 2018 alcanzase ou superase o 2,5% se engadiría con efectos de 1 de xullo de 2019, outro 0,25% de incremento salarial. Para un crecemento inferior ao 2,5% sinalado o incremento diminuirá proporcionalmente en función da redución que se producira sobre dito 2,5% de maneira que os incrementos globais resultantes serán:

PIB igual a 2,1: 2,30%

PIB igual á 2,2,: 2,35 %

PIB igual á 2,3: 2,40%

PIB igual á 2,4: 2,45%.

Ademais, se poderá autorizar un incremento adicional do 0,25 por cento da masa salarial para, entre outras medidas, a implantación de planes ou proxectos de mellora da produtividade ou a eficiencia, a revisión de complementos específicos entre postos con funcións equiparables, a homologación de complementos de destino ou a achega a plans de pensións. Nas Administracións e resto de entidades do sector público definido neste artigo en situación de superávit orzamentario no exercicio 2018, este incremento adicional poderá alcanzar o 0,3 por cento.

Se ben este artigo 3 do RDL 24/2018 permitiría ter crédito orzamentario, previa a entrada en vigor do orzamento 2019 e modificación orzamentaria pertinente, para a modificación do CD, o certo é que o incremento do CD so sería de aplicación entender das informantes ás novas incorporacións de policía local e non aqueles que foron reclasificados polo decreto da alcaldía 477/2010, ao ser confirmado pola sentenza 773/2012 do TS de Xustiza de Galicia.

Terceiro.- A cuantificación do incremento do CD da policía local pretendida ascende á 14.663,88 euros mais a seguridade social (4.932,92 euros) o que fai un total de 19.596,81 euros para o exercicio 2019.

No orzamento municipal 2019 aprobado inicialmente en sesión plenaria de 14 de marzo de de 2019 contemplase unha contía (en aplicación do artigo 3 do RDL 24/2018) de 22.553,00 euros.

O importe orzamentado resulta suficiente para facer fronte as obrigas económicas que derivan da proposta unha vez aprobado definitivamente o orzamento municipal 2019 e tramitada a oportuna modificación orzamentaria, polo que a efectividade do acordo (no caso de adoptarse) debería quedar supeditado a dita circunstancia.

Conclusións:

Por todo o exposto por parte de Secretaría Municipal emítase informe desfavorable á proposta da Alcaldía de incremento do CD da policía local de Ames tal e como está plantexado. Nada impediría modificar o CD na RPT pero ese novo CD soamente podería ser percibido polo persoal que tivera accedido á administración pública con arranxo á titulación esixida na lei de coordinación de policías locais, pero non polo persoal reclasificado polo decreto 477/2010.

Pola Intervención fórmulase reparo de acordo co artigo 215 do TRLRFL, en base aos fundamentos recollidos neste informe. O reparo non ten carácter suspensivo ao non referirse a ningún dos supostos do artigo 216.2 do TRLRFL.

Ames, de abril de 2019.

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo

A interventora
Margarita Fernández Sobrino

(.....)

Rematadas as intervencións o pleno da Corporación por maioría absoluta do número legal de membros, coa abstención de José M. Miñones Conde, Genma Otero Uhía, David Santomil Mosquera e M^ªIsabel Vaquero Quintela e o voto a favor dos restantes membros presentes da Corporación Municipal (Blas García Piñeiro, M^a Isabel González Cancela, Luisa Feijoo Montero, Javier García Guldrís, Silvia Dapena Liñares, Oliva Agra Costoya,

Francisco Javier Olmo Olmo, Roberto José Martínez Viaño, M^aEncarnación Santiago Hermo, Enrique Costas Bastero, Roberto Amarelle Garabán, Ana Isabel García Reig, M^adel Carmen Calviño Miramontes, Ramón García Argibay, Emilio Martínez Carballeira) adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a novena modificación puntual da RPT consistente nunha nova valoración e adecuación do CD (niveis) dos postos da policía local, con arranxo ao anexo I que se recolle a continuación. Os efectos económicos desta modificación so terán lugar no momento no que se habilite o crédito necesario e suficiente o que require da entrada en vigor do orzamento municipal 2019 e da tramitación da oportuna modificación orzamentaria.

Anexo I

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ESPECIALIZACIÓN		RESPONSABILIDADE			COMPET.	XEF/MAND O	COMPLEXID		PUNTO S	REDONDE O	GRUP O	NIVE L
		FOR M.B ÁSIC A	FORMAC. COMP.	RESULT.O UT	DIÑEIRO/ CONTAB	RELAC. OUT			TERRIT.	FUNC.				
		PTO S	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS			PTOS	PTOS				
04.00.01.	INSPECTOR/A*	120	40	28	6	28	90	80	12	102	506	525	A2	24
04.00.02 e 03.	OFICIAL	90	20	28	6	28	30	40	6	51	299	300	C1	18
04.00.04 a 25	POLICÍA	90	20	7	6	28	30	20	6	51	258	275	C1	18

Segundo.- Someter dita modificación puntual a información pública por prazo de 20 días mediante anuncio no BOP e taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

Para o suposto de non presentarse reclamacións, alegacións ou suxestións durante o trámite de información pública, a aprobación inicial quedará elevada a definitiva de forma automática. De presentarse reclamacións, alegacións ou suxestións, serán resoltas polo pleno da Corporación que procederá á aprobación definitiva da novena modificación puntual da RPT.

Terceiro.- Publicar a novena modificación puntual da RPT, definitivamente aprobada, e de forma íntegra, no Boletín Oficial da Provincia.

Cuarto.- Remitir a novena modificación puntual da RPT, definitivamente aprobada, á administración xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de trinta días.

Quinto. Facultar ao señor alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Punto Cuarto.- Restablecemento das retribucións minoradas no complemento específico do persoal da Policía Local que ten sido obxecto de reclasificación profesional.

Expediente 2019/X999/000056

Figura no expediente informe conxunto de Secretaría e Intervención Municipal do teor literal seguinte:

*Informe de conxunto de Secretaría e Intervención Municipal
Expediente 2019/X999/000056*

Asunto: Proposta da Alcaldía de restablecemento das retribucións minoradas no complemento específico do persoal da Policía Local que ten sido obxecto de reclasificación profesional.

Antecedentes

Mediante providencia da Alcaldía no expediente 2019/G003/00694 foi solicitado informe á Secretaría e Intervención municipal, entre outros, sobre os seguintes extremos:

(.....)

Terceiro.- Posibilidade de unha adecuación retributiva que non requiriría modificar a RPT e que tería por obxecto o restablecemento de retribucións minoradas no CE do persoal do corpo de policía local que foi obxecto de reclasificación profesional no ano 2010, ao abeiro do disposto na lei de coordinación de policía locais.

Con data 2 de abril de 2019 foi emitido o informe solicitado no que se conclúe, no aspecto que nos ocupa o seguinte:

(.....)

Cuarto.- En relación á terceira opción que suporía o restablecemento do CE anterior á modificación realizada polo decreto da Alcaldía 477/2010, en base á disposición transitoria primeira da lei de coordinación de policía locais, e que suporía deixar sen efecto o decreto da Alcaldía 477/2010, consideramos que a única figura xurídica prevista no noso ordenamento xurídico que o permitiría sería a figura da revogación de actos administrativos do artigo 109 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Artigo 109 LPACAP. Revogación de actos e rectificación de erros.

1. As Administracións Públicas poderán revogar, mentres non transcorra o prazo de prescrición, os seus actos de gravame ou desfavorables, sempre que tal revogación non constitúa dispensa ou exención non permitida polas leis, nin sexa contraria ao principio de igualdade, ao interese público ou ao ordenamento xurídico

Porén, entendemos que o dito artigo non é aplicable ao caso polo seguintes motivos:

1º. A revogación que a norma permite é a dos actos de gravame ou desfavorables; o decreto 477/2010 non se pode considerar como un deles porque non altera as retribucións brutas totais correspondentes á cada posto da policía local reclasificado.

2º. A revogación que a norma permite está condicionada ao non transcurso do prazo de prescrición. Neste caso, o prazo de prescrición, que a falta de regulación expresa da norma, é o xeral de 4 anos da lei xeral orzamentaria 47/2003, do 26 de novembro, está amplamente superado. Ademais a propia lei de coordinación establecía para a adopción da decisión pertinente en orde á adaptación un prazo de 3 anos dende a súa entrada en vigor, prazo que rematou no ano 2010. Polo tanto, a modificación agora da decisión adoptada no seu día sería claramente extemporánea e inviable ao abeiro do artigo 109 LPACAP.

3º. A revogación que a norma permite está supeditada á existencia dunha motivación axeitada que, ademais ten que xustificar cumpridamente por que o concello se aparta da decisión inicialmente adoptada que, recordemos, foi confirmada mediante sentenza xudicial 773/2012 de 23 de maio do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. No presente suposto non concorre tal motivación.

Por todos os motivos expostos non procedería, ao noso entender, a revogación do decreto 477/2010.

Terceiro.- Con data do 4 de abril de 2019 solicítase por parte da Alcaldía, no seno do expediente 2019/X999/000056 que se emita informe en relación á proposta de restablecemento das retribucións minoradas no complemento específico do persoal da policía local que ten sido obxecto de reclasificación profesional, achegando proposta elaborada ao respecto por Santos Lorenzo Lorenzo na que se propón o seguinte:

Primeiro.- Restablecer as retribucións minoradas ao persoal do corpo da policía local do Concello de Ames que foi obxecto de reclasificación profesional ao abeiro do disposto na DT 1ª da Lei 4/2007, de coordinación de policía locais de Galicia; eliminando, a partir do presente acordo e cos efectos e condicións sinalados a continuación a minoración retributiva que se lle vén aplicando no complemento específico. De tal xeito que se lle restableza a percepción da totalidade do complemento específico que, segundo a RPT vixente, corresponda aos postos efectivamente ocupados e desempeñados.

Segundo.- Que o dito restablecemento e o impacto retributivo inherente se materialice de forma gradual, segundo o acordado ao efecto pola Mesa Xeral de Negociación do Concello. Cun criterio de aplicación plurianual, a tres anos, que comenzaría no presente exercicio, tras a adopción do presente acordo plenario, e a razón dunha recuperación porcentual mínima (agás mellora posible e previamente acordada pola Mesa Xeral) do 34%, 33% e 33%, respectivamente. E ilo sen perxuízo das variacións ou modificacións que, por aplicación das previsións legais aplicables en cada momento, puideran resultar pertinentes.

Estando condicionado, en todo caso, á existencia / habilitación dentro do orzamento correspondente do crédito adecuado e suficiente.

Terceiro.- Facultar á Alcaldía para cantas actuacións de trámite, e propias das súas retribucións, sexan precisas para a mellor execución do acordado.

No argumento desta proposta de modificación alúdese que neste momento existen novas previsións normativas, nomeadamente o RDL 24/2018 do 21 de decembro cuxo artigo 23 permitiría acudir ao restablecemento de retribucións minoradas en contías non previstas nas normas estatais básicas do Estado con cargo ao fondo de continxencias do orzamento municipal 2019.

De conformidade co exposto emítase informe ao abeiro dos artigos 3 e 4 do Decreto 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, co seguinte contido:

Lexislación aplicable.

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).

Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do estatuto básico do empregado público (TREBEP).

Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, de retribucións dos funcionarios de administración local.

Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Real decreto Lei 24/2018 do 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.

Fundamentos de Dereito.

Primeiro.- Na proposta remitida para informe contemplase a posibilidade de restablecer as retribucións minoradas ao persoal da policía local con ocasión da reclasificación profesional realizada ao abeiro da Lei de coordinación de policía locais do ano 2007, baseada en dous motivos:

1º Por un lado, a minoración respondeu a un criterio de oportunidade e non a unha obriga legal polo que non sería necesario acudir a un expediente de revogación nin ningún outro tipo de procedemento de revisión de actos previos resultando suficiente a adopción de un novo acordo por parte de pleno no exercicio das súas competencias (fixación das retribucións complementarias do persoal funcionario).

2º Por outra banda en que o RDL 24/2018 introduce no seu artigo 23 a posibilidade de que as administracións públicas e o resto das entidades que integran o sector público restablezan as retribucións minoradas en contías non previstas nas normas básicas do Estado.

Cumpre analizar cada unha desta dúas motivacións.

En relación ao primeiro dos motivos, que xa foi informado no expediente 2019/G0003/000694, cabe poñer de manifesto que a reclasificación da policía local de Ames tivo lugar a través do decreto da alcaldía 477/2010, ditado ao abeiro da disposición transitoria primeira da lei, decisión confirmada por sentenza xudicial firme 773/2012 do 23 de maio, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En ningún caso a minoración do CE (que non das retribucións) se fixo a título persoal; a sentenza do TSX ven a determinar que se ben o decreto da Alcaldía se ditou con anterioridade á modificación da RPT esto non impedía que posteriormente se tramitase unha modificación da mesma o que ben a deixar claro que non se aplica a minoración a título persoal e, polo tanto, non cabería falar de aplicación do principio de igualdade retributiva para este suposto.

Si no seu día non tivo reflexo na RPT esta minoración, o certo é que calquera acordo que afecte a valoración de postos da RPT, debería realizarse vía modificación da mesma. Polo que este argumento non pode ser empregado agora para falar minoración a título personal.

Así mesmo, se ben a decisión acordada no seno do decreto 477/2010 respondeu a un criterio de oportunidade o mesmo tiña amparo no recollido na disposición transitoria primeira da Lei de coordinación de policía locais

Disposición transitoria primeira Lei de coordinación de policía locais 4/2007 do 20 de abril:

1. No prazo de tres anos desde a entrada en vigor da presente lei, os funcionarios dos corpos de policía local da escala básica, executiva, técnica e superior se entenderán clasificados unicamente a efectos retributivos nos grupos C, B e A sen que este feito podería supoñer necesariamente un incremento de gasto público nin modificación do cómputo anual das retribucións totais dos funcionarios desa escalas e categorías.

2. Transcorridos tres anos, a contar desde a entrada en vigor da presente lei, o persoal funcionario que posúa a titulación académica requirida para o acceso ás escalas e categorías en que é reclasificado quedará integrado, a tódolos efectos, nas mesmas. Polo contrario aquel que carecese da citada titulación académica quedará integrado, a tódolos efectos, nas escalas e categorías nas que é reclasificado, pero neste caso na situación de a extinguir, permanecendo nelas ata que acredítase a obtención dos niveles de titulación académica esixidos en cada caso.

4.- A clasificación dos funcionarios da policía local prevista na presente disposición se levará a efecto de modo que non supoña necesariamente incremento no computo conxunto das súas retribucións. Nestes casos percibirán o soldo base e os trienios correspondentes ao novo grupo de titulación pero o exceso sobre o grupo anterior se deducirá das súas retribucións complementarias, preferentemente do concepto de produtividade, se houbera, referidas a catorce mensualidades ao cómputo anual de forma que se perciban idénticas remuneracións globais respecto á situación anterior.

Non se pode confundir o acto administrativo en sí coas razóns que o motivan.

Neste senso, o decreto da Alcaldía polo que se levou a cabo a reclasificación da policía local sen incremento de retribucións (conforme ao disposto na Lei de Coordinación de Policía Locais), con independencia de que no seu día puidera estar baseado en razóns de oportunidade ou que respondese ao exercicio dunha facultade discrecional, o certo é que é un acto administrativo plenamente válido e eficaz, confirmado o seu axuste a dereito por unha sentenza xudicial firme, e que despreza os seus efectos dende a súa data, e que só pode ser expulsado da realidade xurídica mediante os procedementos de revisión legalmente establecidos.

Isto supón que as consecuencias económicas da reclasificación soamente poderían desaparecer pola vía da revisión de oficio do decreto da alcaldía 477/2010 prevista nos artigos 106 e seguintes da LPAP e consideramos que non é posible por que non se dan os supostos legais para unha revogación, para unha declaración de lesividade nin para unha revisión de oficio.

- A revisión de oficio prevista no artigo 106 LRXSP non procede porque o decreto da alcaldía 477/2010 que realizou a reclasificación e a rebaixa do CE non é nulo de pleno dereito; a sentenza 773/2012 do 23 de maio, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, confirmou a legalidade do decreto en cuestión.

- A declaración de lesividade de actos anulables do artigo 107 LRXSP tampouco procede porque require como presuposto que o acto a anular incorra en infracción do ordenamento xurídico diferente da nulidade absoluta; o decreto 477/2010 non é anulable xa que a legalidade do mesmo foi confirmada pola sentenza 773/2012 do 23 de maio, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

- Finalmente, a revogación tampouco procede tal e como se informou no expediente 2019/G003/000694:

1º. A revogación que a norma permite é a dos actos de gravame ou desfavorables; o decreto 477/2010 non se pode considerar como un deles porque non altera as retribucións brutas totais correspondentes á cada posto da policía local reclasificado.

2º. A revogación que a norma permite está condicionada ao non transcurso do prazo de prescrición. Neste caso, o prazo de prescrición, que a falta de regulación expresa da norma, é o xeral de 4 anos da lei xeral orzamentaria 47/2003, do 26 de novembro, está amplamente superado. Ademais a propia lei de coordinación establecía para a adopción da decisión pertinente en orde á adaptación un prazo de 3 anos dende a súa entrada en vigor, prazo que rematou no ano 2010. Polo tanto, a modificación agora da decisión adoptada no seu día sería claramente extemporánea e inviable ao abeiro do artigo 109 LPACAP.

3º. A revogación que a norma permite está supeditada á existencia dunha motivación axeitada que, ademais ten que xustificar cumpridamente por que o concello se aparta da decisión inicialmente adoptada que, recordemos, foi confirmada mediante sentenza xudicial 773/2012 de 23 de maio do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. No presente suposto non concorre tal motivación.

Por todos os motivos expostos non procedería, ao noso entender, a revogación do decreto 477/2010.

En relación á segunda argumentación, con alusión ao artigo 23 do RDL 24/2018 de 21 de abril, entendemos que non é aplicable ao suposto que nos ocupa xa que non se trata de un suposto de minoración de retribucións porque o decreto da alcaldía 477/2010 de reclasificación da policía local non minorou retribucións senón que as mantivo reducindo o CE na mesma contía na que aumentou as retribucións básicas.

Por outra banda o Concello de Ames, como mínimo dende o ano 2007, ven aplicando ao seu persoal o máximo de incremento retributivo previsto nas LOXEs.

Artigo 23. Restablecemento das retribucións minoradas en contías non previstas nas normas básicas do Estado.

Un. As Administracións e o resto das entidades que integran o sector público que en exercicios anteriores houberan minorado as retribucións dos seus empregados en contías non esixidas polas normas básicas do Estado ou que non houberan aplicado os incrementos retributivos máximos previstos nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado, poderán restablecer as contías vixentes antes da minoración ou as que correspondan ata alcanzar o incremento permitido nas Leis de Orzamentos.

Dous. As cantidades que se devenguen en aplicación desta medida non terán a consideración de incrementos retributivos dos regulados na correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Tres. Esta medida soamente poderá aprobarse polas Administracións e entidades que cumpran os obxectivos de déficit e débeda, así como a regra de gasto, nos termos que resultan do artigo 17 apartados 3 e 4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira. A estos efectos, o límite de débeda que se debe considerar para cada una das Entidades Locais é o que fixen as Leis de Orzamentos Xerais do Estado ou a lexislación reguladora das Facendas Locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.

Polo exposto, entendemos que este artigo 23 non sería de aplicación ao incremento que se plantexa e, polo tanto, os incrementos propostos terían a condición de incrementos retributivos o que suporía incumplir o límite máximo de incremento previsto no RDL 24/2018 para este exercicio 2019, ao ter aplicado o Concello de Ames o importe máximo de retribucións fixadas para este exercicio mediante decreto da Alcaldía 201/2019 do 25 de xaneiro, previamente acordado na Mesa Xeral de Negociación en sesión do 25 de xaneiro de 2019.

Segundo.- En canto ás repercusións económicas do restablecemento do CE da policía local cabe poñer de manifesto o seguinte:

1- Segundo informe emitido polo redactor da proposta de adecuación do CE dos postos de policía local, os custes anuais do restablecemento da minoración do CE, incluída a seguridade social tería o seguinte impacto:

	CE PERCIBIDO ACTUALMENTE (ANUAL)	C.E FIXADO NA RPT (ANUAL)	AUMENTO ANUAL	Nº DE AXENTES	IMPORTE ANUAL	SS %	SS	CUSTE PARA O CONCELLO (CE+SS)
POLICÍAS	6.615,84	8.410,37	1.794,53	22	39.479,66	36,64	14.465,35	53.945,01
OFICIAIS	9.144,66	10.939,42	1.794,76	2	3.589,52	36,64	1.315,20	4.904,72
INSPECTOR/A	9.095,52	12.645,95	3.550,43	1	3.550,43	36,64	1.300,88	4.851,31
				Totais	46.619,61		17.081,43	63.701,04

2.- No orzamento municipal 2019 aprobado inicialmente en sesión plenaria de 14 de marzo de de 2019 contemplase dentro do capítulo V baixo a rúbrica Fondo de Continxencia o importe de 30.000 euros. O importe orzamentado resulta a todas luces insuficiente para afrontar os custes indicados na táboa anterior. Para dar cabida a eses importe na proposta recollese o seguinte: Cun criterio de aplicación plurianual a tres anos que comenazaría no presente exercicio, tras aprobación polo pleno, e a razón de unha recuperación porcentual mínima (agás mellora posible e previamente acordada pola mesa xeral) do 34%, 33% e 33%, respectivamente.

Atendendo á proposta para este exercicio 2019 que supón unha porcentaxe do 34% e que ascende a 21.658,35 euros, tería crédito orzamentario sempre e cando unha vez aprobado o orzamento municipal se tramite a correspondente modificación orzamentaria. Polo que de adoptarse o acordo debería quedar supeditado a esta circunstancia.

Conclusiones:

Por todo o exposto por parte de secretaría municipal emítese informe desfavorable á proposta da Alcaldía de restablecemento do CE da policía local de Ames, existente antes da reclasificación realizada polo decreto 477/2010.

Pola Intervención fórmulase reparo de acordo co artigo 215 do TRLRFL, en base aos fundamentos recollidos neste informe. O reparo non ten carácter suspensivo ao non referirse a ningún dos supostos do artigo 216.2 TRLRFL.

Ames, de abril de 2019.

A secretaría

Rosa Ana Prada Queipo

A interventora

Margarita Fernández Sobrino

(.....)

Rematadas as intervencións o Pleno da Corporación por maioría absoluta do número legal de membros, coa abstención de José M. Miñones Conde, Genma Otero Uhía, David Santomil Mosquera e M^aIsabel Vaquero Quintela e o voto a favor dos restantes membros presentes da Corporación Municipal (José Blas García Piñeiro, M^a Isabel González Cancela, Luisa Feijoo Montero, Francisco Javier García Guldrís, Silvia Dapena Liñares, M^a Oliva Agra Costoya, Francisco Javier Olmo Olmo, Roberto José Martínez Viaño, M^a Encarnación Santiago Hermo, Enrique Costas Bastero, Roberto Amarelle Garabán, Ana Isabel García Reig, M^a del Carmen Calviño Miramontes, Ramón García Argibay, Emilio Martínez Carballeira) adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Restablecer o CE minorado da policía local como consecuencia do decreto de reclasificación 477/2010 reponendo o CE anterior á dita reclasificación con arranxo ao anexo que figura a continuación.

Este restablecemento terá carácter gradual; así no 2019 reporase o 34%, no 2020 o 33% e no 2021 o 33%. Os efectos económicos deste restablecemento so terán lugar no momento no que se habilite o crédito necesario e suficiente o que require da entrada en vigor do orzamento municipal 2019 e da tramitación da oportuna modificación orzamentaria.

Anexo

Posto (por efectivo)	CE tras a reclasificación	CE anterior á reclasificación	Contía que aumenta no CE
Inspector	9.095,52 euros/ ano	12.645,95 euros/ano	3.550,43 euros/ano
Oficial	9.144,66 euros/ano	10.939,42 euros/ano	1.794,76 euros/ano
Policía	6.615,84 euros/ano	8.410,37 euros/ano	1.794,53 euros/ano

Segundo.- Facultar ao señor alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Punto Quinto.- Terceira modificación do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ames, período 2017-2018-2019.

Expediente 2019/X999/000060

Figura no expediente informe conxunto de Secretaría e Intervención Municipal do teor literal seguinte:

INFORME CONXUNTO SECRETARIA E INTERVENCIÓN.

ASUNTO : 3ª MODIFICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE AMES

Lexislación aplicable

Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións (RLXS)

Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

Antecedentes

Con data de 29.05.2017 o Pleno da Corporación aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ames para o período 2017-2019.

Con data de 28.12.2017 o Pleno da Corporación aprobou a unha primeira modificación do Plan, na que se introduciu a liña de axudas para a promoción de medidas preventivas mediante a plantación de frondosas caducifolias na rede de franxas secundarias de xestión de biomasa.

Con data de 26 de xullo de 2018 o Pleno da Corporación aprobou a segunda modificación do Plan, na que se introduciron e modificaron as liñas de axudas derivadas da aprobación definitiva do orzamento do Concello de Ames para o 2018.

Proponse agora unha terceira modificación que afecta a distintas liñas de subvencións na anualidade 2019 e que veñen recollidas na providencia de Alcaldía que da inicio a este expediente.

Fundamentos de Dereito

Primeiro.- Obrigatoriedade do Plan Estratéxico de Subvencións.

A LXS contempla no seu artigo 8 a figura do Plan Estratéxico de Subvencións.

O referido artigo ten carácter básico (disposición final primeira), polo que en cumprimento do mesmo antes de calquera convocatoria de subvencións deberase aprobar previamente o correspondente Plan Estratéxico de Subvencións.

Artigo 8.1 LXS: Os órganos das administracións públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e os efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custes previsibles e as súas fontes de financiación, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Nos mesmos términos se pronuncia o artigo 5 da Lei de Subvencións de Galicia.

Artigo 5.1 da Lei de Subvencións de Galicia: Os órganos da Administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custes previsibles e as súas fontes de financiación, supeditándose, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Polo tanto calquera liña de axudas que se estableza deberá incluírse no Plan estratéxico de subvencións por ser un documento preceptivo a convocatoria das axudas.

Segundo.- Contido do Plan Estratéxico de Subvencións.

Para a inclusión das nova liña de axudas deberá recollerse no Plan o seguinte segundo o art. 12.1 RLXS o seguinte:

a) *Obxectivos estratéxicos, que describen o efecto e impacto que se espera lograr coa acción institucional durante o período de vixencia do plan e que teñen que estar vinculados cos obxectivos establecidos nos correspondentes programas orzamentarios. Cando os obxectivos estratéxicos afecten ao mercado, deberanse identificar ademais os fallos que se aspira a corrixir, cos efectos previstos no apartado 2 do artigo 8 da Lei Xeral de Subvencións.*

b) *Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación. Para cada liña de subvención deberan indicarse os seguintes aspectos:*

1º áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas.

2º obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación.

3º prazo necesario para a súa consecución.

4º custes previsibles para a súa realización e fontes de achegas, onde se detallarán as achegas das distintas administracións públicas, da Unión Europea e doutros órganos públicos ou privados que participen nestas accións de fomento, así como aquelas que, tendo en conta o principio de complementariedade, correspondan aos beneficiarios das subvencións.

5º plan de acción, no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvencións identificadas no Plan, se delimitarán as liñas básicas que deben conter as bases reguladoras da concesión a que se fai referencia no artigo 9 da Lei Xeral de Subvencións, o calendario de elaboración e, no seu caso, os criterios de coordinación entre as distintas administracións públicas para a súa xestión.

c) *Réxime de seguimento e avaliación continua aplicable as diferentes liñas de subvencións que se establezan. A estes efectos, débense determinar para cada liña de subvención, un conxunto de indicadores relacionados cos obxectivos do Plan, que recollidos periodicamente polos responsables do seu seguimento, permitan coñecer o estado da situación e os progresos conseguidos no cumprimento dos respectivos obxectivos.*

d) *Resultados da avaliación dos plans estratéxicos anteriores nos que se trasladará o contido dos informes emitidos.*

As modificacións propostas e que se recollen na providencia da Alcaldía adecúanse ao recollido nos apartados anteriores.

Así mesmo o sistema de avaliación e seguimento será o recollido xa no plan para todas as subvencións.

No que se refire a modificación dos importes das liñas de subvencións, debemos ter en conta que si ben o plan establece un informe dos obxectivos unha vez rematado o mesmo, sería conveniente que cada área analizase as causas das modificacións, que non deixan de ser outras que a demora nas convocatorias, que deberían regularizarse canto antes aos efectos de cumprir cos obxectivos do Plan estratéxico.

Terceiro.- Órgano competente.

A lexislación de réxime local non concreta cal é o órgano competente para a aprobación do plan e polo tanto para a súa modificación, tampouco a lexislación estatal de subvencións que establece o órgano competente unicamente no ámbito da Administración Xeral do Estado. En canto á lexislación galega a LSG non regula a competencia para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións e o Regulamento da Lei autonómica concreta o órgano competente unicamente no ámbito da Comunidade Autónoma; cumpre recordar que dito Regulamento non é de aplicación ás entidades locais galegas (artigo 1.3).

Non obstante, atendendo o seu carácter programático, e que ten un carácter de instrumento de planificación que prolonga os seus efectos no tempo, subordinado ás dispoñibilidades orzamentarias (e o Pleno é o órgano competente para a aprobación do orzamento), considérase o mais conveniente que tanto a súa aprobación e polo tanto calquera modificación lle corresponda ao Pleno da Corporación sen quórum especial.

Cuarto.- Procedemento de modificación.

A modificación seguirá o mesmo procedemento que o de aprobación do Plan.

- ✓ *Proposta da Alcaldía sobre as modificacións propostas.*
- ✓ *Informe da Secretaría municipal sobre o procedemento.*
- ✓ *Informe da Intervención municipal.*
- ✓ *Aprobación polo Pleno da Corporación sen quórum especial.*

O Plan producirá efectos dende o momento da súa aprobación, esixindo unicamente a súa publicación na web municipal os efectos de transparencia e xeral coñecemento.

Quinto.- Dotación orzamentaria

Os efectos económicos das novas liña de axudas esténdense ao 2019 e afectan aos créditos afectan a 2019.

A aprobación da modificación do Plan supón o compromiso de que no orzamento de cada anualidade se dote crédito adecuado e suficiente para as distintas liñas de actuación previstas e polo importe previsto no Plan estratéxico.

Sexto.- Cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e cumprimento da regra de gasto.

De acordo co previsto no artigo 7.3 da LOEPSF, "as disposicións legais e regulamentarias, na súa fase de elaboración e aprobación, os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración, así como calquera outra actuación dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta Lei que afecten os gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberán valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de forma estrita ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira". En relación a esta previsión, cómpre indicar o seguinte:

Estabilidade.- *O gasto derivado deste expediente finánciase na súa totalidade con fondos propios. As liquidacións aprobadas dos últimos exercicios (2016, 2017) puxeron de manifesto o cumprimento dos tres obxectivos fiscais regulados na LOEPSF.*

O gasto corrente executado no período transcorrido deste o comezo do presente ano ten experimentando un incremento apreciable respecto do rexistrado nos últimos exercicios. O incremento de gasto que representará estas modificacións foron previstos nos cálculos realizados co motivo da aprobación do orzamento para 2019.

Pódese presumir que a aprobación deste expediente non poñerá en risco o cumprimento da estabilidade. Así mesmo estas modificacións xa foron recollidas no Plan Orzamentario a Medio Prazo 2020-2021

Sustentabilidade.- *Polo que se refire ao presente exercicio, e sempre que o restante gasto corrente sexa contido en parámetros asumibles, pódese afirmar que a aprobación deste expediente non vén poñer en risco o cumprimento deste principio.*

Límite de gasto non financeiro.- *Dos tres principios indicados, este é o que corre un maior risco de verse incumprido ao remate do exercicio.*

Reitérase a necesidade de efectuar un seguimento continuo da execución do gasto corrente a fin de manter este dentro dos límites derivados da aplicación da regra de gasto.

Deberá analizarse por tanto cal é a execución do orzamento ao remate do primeiro semestre do ano, a fin de extrapolar o rexistro esperado ao remate do exercicio, adoptando no seu caso as medidas que resulten necesarias para evitar o incumprimento deste principio ao remate do exercicio.

Nos termos expostos, pódese presumir que a aprobación deste expediente polo seu importe non vén a poñer en risco o cumprimento das esixencias derivadas dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, debendo extremárense as cautelas polo que se refire ao límite derivado da aplicación da regra de gasto.

	CUSTE ANUAL PREVISTO 2019	CUSTE ANUAL PREVISTO 2019 COAS MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS	Importe Modificación
SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL	0	17.000,00	17.000,00
SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE MEDIO AMBIENTE	18.000,00	18.000,00	0,00
SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS E PROMOCIÓN SOCIAL.	371.830,55	341.830,55	-30.000,00
SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE EDUCACIÓN	28.500,00	28.500,00	0,00
SUBVENCIÓN EN MATERIAL DE PROMOCIÓN CULTURAL E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	82.174,00	82.174,00	0,00
SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE DEPORTES	113.659,00	175.500,00	61.841,00
SUBVENCIÓN EN MATERIA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	69.700,00	74.700,00	5.000,00
			33.611,68

Conclusión

Por todo o exposto infórmase favorablemente a proposta da 3ª MODIFICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE AMES que quedaría co seguinte contido:

	LIÑA DE SUBVENCIÓN S	OBXECTIVOS	EFFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIO S	PAZO CONSECUÍ N OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVISTO 2017	CUSTE ANUAL PREVISTO 2018	CUSTE ANUAL PREVISTO O 2019	FUNCIÓN NAL	FINANCIACI ÓN	PROCEDEM ENTO DE CONCESIÓN	
	SUBVENCIÓN EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL	Axudas a agrupación de voluntarios de Protección civil de Ames para gastos de funcionamento ordinario	Contribuír ao mantemento da agrupación de voluntarios de protección civil constituída recentemente no concello de Ames. Fomentando as labores de apoio a outros corpos de socorro e seguridade e as tarefas de protección civil dentro do concello de Ames.	Fomentar a colaboración desinteresada en tarefas de protección civil dentro desta concello	Agrupación voluntarios Protección Civil de Ames	2019	0	0,00	17.000,00	135-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Nominativa
					TOTAL	0	0,00	17.000,00				
	SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE MEDIOAMBIENTE	Axudas para a promoción de medidas preventivas e mediante a plantación de frondosas caducifolias na rede de franxas secundarias de xestión de biomasa	Mellorar a prevención nos núcleos de poboación e vivendas illadas fronte os incendios forestais minorando ademais a perda de biodiversidade	Reverter a percepción negativa, que adolta ter o cumprimento das obrigas legais de medidas preventivas relacionadas coa propiedade de terreos de carácter forestal, facilitando a mobilización de condutas que incidan na xestión sostible do noso medio, e incidindo en recuperar actitudes motivadas en relación co entorno máis inmediato. Consequindo beneficios complementarios ao estritamente protector, como poden ser a obtención de aproveitamentos non madeiros; beneficios medioambientais (incremento de biodiversidade, equilibrio de hábitat, protección do solo, fixación do carbono atmosférico, protección fronte a especies invasoras).	Propietarios dos terreos incluídos nas franxas de xestión de biomasa prioritizadas anualmente no Plan Municipal de medidas preventivas contra incendios	2018-2019	12.904,32	18.000,00	18.000,00	1728-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concurrencia competitiva

			Beneficios sociais (proxeito colectivo e común, revalorización e accesibilidade do monte, recuperación das prácticas tradicionais); beneficios económicos (evitar sancións por incumprila lei, deporte e turismo).								
					TOTAL	12.904,32	18.000,00	18.000,00			
	LIÑA DE SUBVENCIÓN S	OBXECTIVOS	EFFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIO S	PRAZO CONSECUCIÓN N OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVISTO 2017	CUSTE ANUAL PREVISTO 2018	CUSTE ANUAL PREVISTO 2019	FUNCIONAL	FINANCIACIÓN	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN
SUBVENCIÓN S EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS E PROMOCIÓN SOCIAL.	Axudas de emerxencia social - Renda Social Municipal	Os servizos sociais municipais dentro do seu marco de competencias pretende apoiar, entre outros, a aqueles sectores da poboación mais desfavorecidos. As axudas teñen o seu encaixe na Ordenanza de emerxencia social municipal do Concello de Ames. Así mesmo establécese unha liña de axudas denominada "Renda Social Municipal" destinada a paliar situacións temporais de necesidade e garantir uns recursos mínimos de subsistencia aos veciños e as veciñas de Ames	Preténdese chegar a aquelas familias ou persoas con maiores necesidades económicas favorecendo a súa integración social.	Veciños/as do Concello de Ames	2017-2018-2019	121.375,00	175.000,00	175.000,00	2311-48	Fondos propios con cargo funcional sinalada	Concorren cia competitiva
	Subvencións para actividades de promoción social	Fomentar e promover o desenvolvemento de proxectos que complementen as competencias e actividades municipais desenvolvidas pola concellaría de Servizos Sociais e Igualdade	Preténdese fomentar este tipo de asociacionismo no Concello de Ames para que as políticas sociais e de igualdade desenvolvidas polo concello cheguen ao maior número de poboación	Asociacións de carácter social e/ou asistencial do concello de Ames	2017-2018-2019	40.531,73	40.531,73	40.531,73	2312-48	Fondos propios con cargo funcional sinalada	Concorren cia competitiva
	Subvención Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaí	Desenvolver o programa Vacacións en Paz	Fomentar no concello de Ames solidariedade e cooperación das familias Amienses cos nenos e nenas saharauís		Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaí	2017-2018-2019	6.298,82	6.298,82	6.298,82	2312-48	Fondos propios con cargo funcional sinalada
					TOTAL	288.205,55	341.830,55	341.830,55			Ç
	LIÑA DE SUBVENCIÓN S	OBXECTIVOS	EFFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIO S	PRAZO CONSECUCIÓN N OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL	CUSTE ANUAL	CUSTE ANUAL	FUNCIONAL	FINANCIACIÓN	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN
SUBVENCIÓN S EN MATERIA DE EDUCACIÓN	Subvención axudas libros	A colaboración financeira na compra dos libros de texto e demais material didáctico precisos para o normal desenvolvemento da actividade académica.	Propiciar que a poboación escolar integrada en familias con menos recursos dispoña do material educativo preciso para o normal desenvolvemento da súa aprendizaxe, centrando o esforzo orzamentario na educación infantil, por ser esta a franxa de idade non cuberta pola Xunta de Galicia.	Pais e nais -ou titores legais-dos nenos e nenas matriculados no curso escolar nun centro de ensino sostido con fondos públicos, no nivel de Educación Infantil	2017-2018-2019	18.500,00	8.500,00	8.500,00	3261-48	Fondos propios con cargo funcional sinalada	Concorren cia competitiva
	Subvención ANPAS	A colaboración financeira en actividades extra escolares e saídas didácticas de	Enriquecer a formación da poboación escolar do Concello de Ames, a	ANPAS existentes nos centros educativos de titularidade	2017-2018-2019	26.500,00	20.000,00	20.000,00	3261-48	Fondos propios con cargo funcional	Concorren cia competitiva

		contido, cultural, artístico de ocio e tempo libre e de reforzo educativo organizadas polas ANPAS	través de actividades complementarias á formación regrada que reciben nos centros educativos. Promover a convivencia da poboación escolar fóra do ámbito puramente académico. Propiciar a mellora do rendemento por parte dos alumnos.	pública do Concello de Ames, legalmente constituídas, e que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións						senalada	
					TOTAL	45.000,00	28.500,00	28.500,00			
LIÑA DE SUBVENCIÓN S	OBXECTIVOS	EFFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIOS	PRAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVISTO 2017	CUSTE ANUAL PREVISTO 2018	CUSTE ANUAL PREVISTO 2019	FUNCIÓN	FINANCIACIÓN	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	
SUBVENCIÓN EN MATERIAL DE PROMOCIÓN CULTURAL E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	Subvención Entidades culturais e sociais	A chegar a cultura ao maior número de individuos, empregando os colectivos como instrumento para acadar este fin.	A existencia dunha vida cultural estable dentro do ámbito territorial do Concello de Ames, programada e desenvolvida polas entidades do ámbito privado, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades que se van desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento. Participación activa da veciñanza nunha actividade cultural de claro interese público, como medio de promover a formación das persoas máis novas, e de propiciar a oportunidade de convivencia entre os veciños e veciñas.	Asociacións culturais existentes no Concello de Ames, legalmente constituídas, e que figuren inscritas no rexistro municipal de asociacións	2017-2018-2019	40.000,00	40.000,00	40.000,00	3341-48	Fondos propios con cargo funcional sinalada	Concurrencia competitiva
	Subvencións Festas populares	Promover a participación activa da veciñanza nas festas, como medio de propiciar a convivencia entre os veciños, preservando as tradicións existentes nas distintas parroquias do Concello, transmitidas a través dos festexos populares.	A existencia dunha programación festiva estable dentro do ámbito territorial do Concello de Ames, programada e desenvolvida polas comisións de festas de cada parroquia, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades a desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento. A difusión da imaxe de Ames a través da súa oferta festiva, de xeito que esta sirva como elemento de dinamización de cada unha das parroquias en que se celebren festas, así como de atracción de visitantes de cara	Asociacións culturais existentes no Concello de Ames, legalmente constituídas, e que figuren inscritas no rexistro municipal de asociacións	2017-2018-2019	29.600,00	29.600,00	29.600,00	3341-48	Fondos propios con cargo funcional sinalada	Concurrencia competitiva

			vindeiros exercicios.								
Premios: Cartas de Reis, Teatro Lido, Certame Cultural Intercentros, e Premios do Entroido	Promover a participación dos alumnos dos colexios de Ames e cidadáns do concello, en distintos programas e eventos culturais relacionadas coas artes ou a educación e cursos destinados non restrinxidos a un determinado grupo social, de idade, etc.	Conseguir una participación activa de certos colectivos nas actividades culturais organizadas polo concello	Alumnos, e habitantes do concello de Ames	2017-2018-2019	8.034,00	5.074,00	5.074,00	3341-48/338-48	Fondos propios con cargo funcional sinalada	Concurrencia competitiva	
Premios: Certame Intercentros, Certame do literario e Cartas Nadal	Promover o uso do galego entre os habitantes do concello de Ames	Conseguir a participación activa de certos colectivos nas actividades de normalización lingüística organizadas polo concello	Habitantes do concello de Ames	2017-2018-2019	3.820,00	5.000,00	5.000,00	3343-48	Fondos propios con cargo funcional sinalada	Concurrencia competitiva	
Premios: Dinamización da lingua no sector económico	Promover o uso do galego entre os habitantes do concello de Ames concretamente no sector económico	Conseguir a participación activa de certos colectivos nas actividades de normalización lingüística organizadas polo concello	Empresas, autónomos e profesionais do concello de Ames	2018-2019	0,00	2.500,00	2.500,00	3343-48	Fondos propios con cargo funcional sinalada	Concurrencia competitiva	
			TOTAL		81.454,00	82.174,00	82.174,00				

	LÍNEA DE SUBVENCIONES	OBJECTIVOS	EFFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIOS	PRAZO CONSECUCIÓN OBTENCION	CUSTE ANUAL PREVISTO 2017	CUSTE ANUAL PREVISTO 2018	CUSTE ANUAL PREVISTO 2019	FUNCIONAL	FINANCIACIÓN	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN
SUBVENCIONES EN MATERIA DE DEPORTES	Subvención entidades deportivas	Promover a participación da veciñanza na vida das entidades deportivas, ao primar o número de socios activos das entidades, complementariade das asociacións cos obxectivos perseguidos pola Concellaría	Achegar o deporte ao maior número posible de individuos, empregando os colectivos como instrumento para acadar este fin. A existencia dunha vida deportiva estable dentro do ámbito territorial do Concello de Ames, programada e desenvolvida polas entidades do ámbito privado, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades que se van desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.	Asociacións e clubs deportivos existentes no Concello de Ames, legalmente constituídas, e que figuren inscritas no rexistro municipal de asociacións	2017-2018-2019	75.000,00	75.000,00	75.000,00	341-48	Fondos propios con cargo funcional sinalada	Concurrencia competitiva
	Subvención a entidades deportivas para realizar programas de escolas deportivas	Fomentar o asociacionismo promovendo e impulsando a ordenación e estruturación do sistema deportivo de Ames e a colaboración coas entidades que o integran, contribuíndo ao desenvolvemento deportivo no concello mediante a oferta de servizos e actividades deportivas, en colaboración cas entidades e clubs deportivos do Concello	Achegar o deporte aos máis novos promovendo a organización de escolas deportivas de interese municipal fomentando a prestación dun servizo que fomenta valores de necesaria implantación na mocidade. Sendo por iso necesaria a colaboración por parte dos organismos públicos con aquelas entidades deportivas capaces de promover eses valores sociais, de saúde e educativos que debe proporcionar toda actividade deportiva e que se queren alcanzar co desenvolvemento das Escolas en cada un dos clubs e entidades	Asociacións e clubs deportivos existentes no Concello de Ames, legalmente constituídas, e que figuren inscritas no rexistro municipal de asociacións que imparten escolas deportivas	2019 e ss. (a liña empeza en 2019)	0,00	0,00	60.000,00	341-48	Fondos propios con cargo funcional sinalada	Concurrencia competitiva

			especializados en cada un das disciplinas									
	Subvención Bertamiráns Club de Fútbol	Promover a participación da veciñanza na vida das entidades deportivas, ao primar o número de socios activos, autofinanciamento das entidades, complementariedade das asociacións cos obxectivos perseguidos pola Concellaría	Achegar o deporte ao maior número posible de individuos, empregando os colectivos como instrumento para acadar este fin. A existencia dunha vida deportiva estable dentro do ámbito territorial do Concello de Ames, programada e desenvolvida polas entidades do ámbito privado, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades que se van desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.	Bertamiráns Club de Fútbol	2017-2018-2019	25.719,00	28.000,00	28.000,00	341-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Nominativa-Convenio	
	Subvención Milladoiro S.D	Promover a participación da veciñanza na vida das entidades deportivas, ao primar o número de socios activos, autofinanciamento das entidades, complementariedade das asociacións cos obxectivos perseguidos pola Concellaría	Achegar o deporte ao maior número posible de individuos, empregando os colectivos como instrumento para acadar este fin. A existencia dunha vida deportiva estable dentro do ámbito territorial do Concello de Ames, programada e desenvolvida polas entidades do ámbito privado, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades que se van desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.	Milladoiro S.D	2017-2018-2019	12.940,00	25.680,00	12.500,00	341-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Nominativa-Convenio	
					TOTAL	113.659,00	128.880,00	175.500,00				

	LIÑA DE SUBVENCIÓN S	OBXECTIVOS	EFFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIOS	PRAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVISTO 2017	CUSTE ANUAL PREVISTO 2018	CUSTE ANUAL PREVISTO 2019	FUNCIONAL	FINANCIACIÓN	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN
SUBVENCIÓN EN MATERIA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	Subvención fomento Comercio Local	Primar actividades abertas á participación do comercio en xeral, e non só aos membros de cada un dos solicitantes. Acadar o autofinanciamento das entidades	Achegar ao comercio amense o maior número posible de clientes, empregando para eles colectivos como instrumento para acadar este fin. Mellorar a calidade da actividade comercial do Concello. A existencia dunha actividade estable de promoción e mellora do comercio dentro do ámbito territorial do Concello, programada e desenvolvida polas entidades asociativas do sector, e na que a administración municipal represente un papel secundario.	Asociacións de comerciantes e profesionais existentes no Concello de Ames, legalmente constituídas, e que figuren inscritas no rexistro municipal de asociacións	2017-2018-2019	40.000,00	25.000,00	20.000,00	4314-47	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concurrencia competitiva

			tanto na elección do tipo de actividades a desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.								
Subvención Eventos Comerciais e de Promoción do comercio	Primar actividades e campañas de promoción do comercio local abertas á participación do comercio en xeral	Achegar ao comercio amiense o maior número posible de clientes, difundido a actividade comercial do Concello. De forma que se poñan marcha distintas campañas de fomento do comercio nas que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades a desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.	Comerciantes e profesionais, asociacións do Concello de Ames	2017-2018-2019	30.000,00	30.000,00	40.000,00	4314-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concurrencia competitiva	
Premios concurso de escaparatismo, concurso de ideas e Gala de Emprendedores	Promover a participación dos comerciantes de Ames en distintos programas e eventos relacionados co comercio	Achegar ao comercio amiense o maior número posible de clientes, difundido a actividade comercial do Concello e premiando o esforzo dos comerciantes na promoción da actividade comercial	Comerciantes e profesionais, do Concello de Ames	2017-2018-2019	14.700,00	14.700,00	14.700,00	4314-47	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concurrencia competitiva	
				TOTAL	84.700,00	69.700,00	74.700,00				

Segundo.- Publicar o Plan estratéxico de subvencións modificado na páxina web do concello.

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo

A interventora
Margarita Fernández Sobrino

(.....)

Rematadas as intervencións o pleno da Corporación por maioría absoluta do número legal de membros, cos votos a favor do 4 concelleiros/as do grupo municipal socialista, dos 3 concelleiros/as do grupo municipal Contigo Pódese, dos 2 concelleiros/as do grupo municipal BNG, dos 4 concelleiros/as do grupo municipal Ames Novo, e a abstención dos/as 4 concelleiros/as do grupo municipal popular e dos 2 concelleiros/as presentes do grupo municipal Pacto x Ames, adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a 3ª modificación do Plan estratéxico de subvencións do concello de Ames período 2017-2018-2019, que quedaría redactado conforme ao anexo que se transcribe a continuación:

ANEXO

PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓN DO CONCELLO DE AMES. PERÍODO 2017-2018-2019. (Recole a 1ª, 2ª e 3ª Modificación)

	LÍÑA DE SUBVENCIÓN S	OBXECTIVOS	EFFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIOS	PAZCO CONSECUCIÓN N OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVISTO 2017	CUSTE ANUAL PREVISTO 2018	CUSTE ANUAL PREVISTO 2019	FUNCIONAL	FINANCIACIÓN	PROCEDE MENTO DE CONCESIÓN
SUBVENCIÓN EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL	Axudas a agrupación de voluntarios de Protección civil de Ames para gastos de funcionamento ordinario	Contribuír ao mantemento da agrupación de voluntarios de protección civil constituída recentemente no concello de Ames. Fomentando as labores de apoio a outros corpos de socorro e seguridade e as tarefas de protección civil	Fomentar a colaboración desinteresada en tarefas de protección civil dentro desta concello	Agrupación voluntarios Protección Civil de Ames	2019	0	0,00	17.000,00	135-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Nominativa

		dentro do concello de Ames.									
					TOTAL	0	0,00	17.000,00			
	LIÑA DE SUBVENCIÓN S	OBXECTIVOS	EFFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIO S	PRAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVISTO 2017	CUSTE ANUAL PREVISTO 2018	CUSTE ANUAL PREVISTO 2019	FUNCIONAL	FINANCIACIÓN	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN
SUBVENCIÓN S EN MATERIA DE MEDIOAMBIENTE	Axudas para a promoción de medidas preventivas mediante a plantación de frondosas caducifolias na rede de franxas secundarias de xestión de biomasa	Mellorar a prevención nos núcleos de poboación e vivendas illadas fronte os incendios forestais minorando ademais a perda de biodiversidade	Reverter a percepción negativa, que adoita ter o cumprimento das obrigas legais de medidas preventivas relacionadas coa propiedade de terreos de carácter forestal, facilitando a mobilización de condutas que incidan na xestión sostible do noso medio, e incidiendo en recuperar actitudes motivadas en relación co entorno máis inmediato. Conseguinte beneficios complementarios ao estritamente protector, como poden ser a obtención de aproveitamentos non madeiros; beneficios medioambientais (incremento de biodiversidade, equilibrio de hábitat, protección do solo, fixación do carbono atmosférico, protección fronte a especies invasoras); beneficios sociais (proxecto colectivo e común, revalorización e accesibilidade do monte, recuperación das prácticas tradicionais); beneficios económicos (evitar sancións por incumprimento lei, deporte e turismo).	Proprietarios dos terreos incluídos nas franxas de xestión de biomasa priorizadas anualmente no Plan Municipal de medidas preventivas contra incendios	2018-2019	12.904,32	18.000,00	18.000,00	1728-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concurrencia competitiva
					TOTAL	12.904,32	18.000,00	18.000,00			
	LIÑA DE SUBVENCIÓN S	OBXECTIVOS	EFFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIO S	PRAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVISTO 2017	CUSTE ANUAL PREVISTO 2018	CUSTE ANUAL PREVISTO 2019	FUNCIONAL	FINANCIACIÓN	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN
SUBVENCIÓN S EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS E PROMOCIÓN SOCIAL.	Axudas de emerxencia social - Renda social Municipal	Os servizos sociais municipais dentro do seu marco de competencias pretende apoiar, entre outros, a aqueles sectores da poboación máis desfavorecidos. As axudas teñen o seu encaixe na Ordenanza de emerxencia social municipal do Concello de Ames. Así mesmo establece unha liña de axudas denominada "Renda Social Municipal" destinada a paliar situacións temporais de necesidade e garantir uns recursos mínimos de subsistencia aos veciños e as veciñas de Ames	Prétendese chegar a aquelas familias ou persoas con maiores necesidades económicas favorecendo a súa integración social.	Veciños/as do Concello de Ames	2017-2018-2019	121.375,00	175.000,00	175.000,00	2311-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concurrencia competitiva
											Ç
	Subvencións para actividades de promoción social	Fomentar e promover o desenvolvemento de proxectos que complementen as competencias e actividades	Prétendese fomentar este tipo de asociaciónismo no Concello de Ames para que as políticas	Asociacións de carácter social e/ou asistencial do concello de Ames	2017-2018-2019	40.531,73	40.531,73	40.531,73	2312-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concurrencia competitiva

		municipais desenvolvidas pola concellería de Servizos Sociais e Igualdade	sociais e de igualdade desenvolvidas polo concello cheguen ao maior número de poboación								
	Subvención Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaí	Desenvolver o programa Vacacións en Paz	Fomentar no concello de Ames solidariedade e cooperación das familias Amieses cos nenos e nenas saharauís	Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaí	2017-2018-2019	6.298,82	6.298,82	6.298,82	2312-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Nominativa- Convenio
					TOTAL	288.205,55	341.830,55	341.830,55			
	LIÑA DE SUBVENCIÓN S	OBXECTIVOS	EFFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIO S	PRAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL			FUNCIONAL	FINANCIACIÓN	PROCEDE MENTO DE CONCESIÓN
SUBVENCIÓN EN MATERIA DE EDUCACIÓN	Subvención axudas libros	A colaboración financeira na compra dos libros de texto e demais material didáctico precisos para o normal desenvolvemento da actividade académica.	Propiciar que a poboación escolar integrada en familias con menos recursos dispoña do material educativo preciso para o normal desenvolvemento o da súa aprendizaxe, centrando o esforzo orzamentario na educación infantil, por ser esta a franxa de idade non cuberta pola Xunta de Galicia.	Pais e nais -ou titulares legais- dos nenos e nenas matriculados no curso escolar nun centro de ensino sostido con fondos públicos, no nivel de Educación Infantil	2017-2018-2019	18.500,00	8.500,00	8.500,00	3261-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concorrencia competitiva
	Subvención ANPAS	A colaboración financeira en actividades extra escolares e saídas didácticas de contido, cultural, artístico de ocio e tempo libre e de reforzo educativo organizadas polas ANPAS	Enriquecer a formación da poboación escolar do Concello de Ames, a través de actividades complementarias á formación reglada que reciben nos centros educativos. Promover a convivencia da poboación escolar fóra do ámbito puramente académico. Propiciar a mellora do rendemento por parte dos alumnos.	ANPAS existentes nos centros educativos de titularidade pública do Concello de Ames, legalmente constituídas, e que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións	2017-2018-2019	26.500,00	20.000,00	20.000,00	3261-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concorrencia competitiva
					TOTAL	45.000,00	28.500,00	28.500,00			
	LIÑA DE SUBVENCIÓN S	OBXECTIVOS	EFFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIO S	PRAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVISTO 2017	CUSTE ANUAL PREVISTO 2018	CUSTE ANUAL PREVISTO 2019	FUNCIONAL	FINANCIACIÓN	PROCEDE MENTO DE CONCESIÓN
SUBVENCIÓN EN MATERIAL DE PROMOCIÓN CULTURAL E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	Subvención Entidades culturais e sociais	Achegar a cultura ao maior número posible de individuos, empregando os colectivos como instrumento para acadar este fin.	A existencia dunha vida cultural estable dentro do ámbito territorial do Concello de Ames, programada e desenvolvida polas entidades do ámbito privado, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades que se ven desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento. Participación activa da veciñanza nunha actividade -a cultura- de claro interese público, como medio de promover a formación das	Asociacións culturais existentes no Concello de Ames, legalmente constituídas, e que figuren inscritas no rexistro municipal de asociacións	2017-2018-2019	40.000,00	40.000,00	40.000,00	3341-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concorrencia competitiva

			secundario, tanto na elección do tipo de actividades que se van desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.								
Subvención a entidades deportivas para realizar programas de escolas deportivas	Fomentar o asociacionismo promovendo e impulsando a ordenación e estruturación do sistema deportivo de Ames e a colaboración coas entidades que o integran; contribuíndo ao desenvolvemento deportivo no concello mediante a oferta de servizos e actividades deportivas, en colaboración cas entidades e clubs deportivos do Concello	Achegar o deporte aos máis novos promovendo a organización de escolas deportivas de interese municipal fomentando a prestación dun servizo que fomenta valores de necesaria implantación na mocidade. Sendo por iso necesaria a colaboración por parte dos organismos públicos con aquelas entidades deportivas capaces de promover eses valores sociais, de saúde e educativos que debe proporcionar toda actividade deportiva e que se queren alcanzar co desenvolvemento das Escolas en cada un dos clubs e entidades especializados en cada un das disciplinas	Asociacións e clubs deportivos existentes no Concello de Ames, legalmente constituídas, e que figuren no rexistro municipal de asociacións que imparten escolas deportivas	2019 e ss. (a liña empeza en 2019)	0,00	0,00	60.000,00	341-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concurrencia competitiva	
Subvención Bertamirás Club de Fútbol	Promover a participación da veciñanza na vida das entidades deportivas, ao primar o número de socios activos - autofinanciamento das entidades, complementariedade das asociacións cos obxectivos perseguidos pola Concellaría	Achegar o deporte ao maior número posible de individuos, empregando os colectivos como instrumento para acadar este fin. A existencia dunha vida deportiva estable dentro do ámbito territorial do Concello de Ames, programada e desenvolvida polas entidades do ámbito privado, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades que se van desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.	Bertamirás Club de Fútbol	2017-2018-2019	25.719,00	28.000,00	28.000,00	341-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Nominativa- Convenio	
Subvención Milladoiro S.D	Promover a participación da veciñanza na vida das entidades deportivas, ao primar o número de socios activos - autofinanciamento das entidades, complementariedade das asociacións cos obxectivos perseguidos pola Concellaría	Achegar o deporte ao maior número posible de individuos, empregando os colectivos como instrumento para acadar este fin. A existencia dunha vida deportiva estable dentro do ámbito territorial do Concello de Ames, programada e desenvolvida polas entidades do ámbito privado, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades que se van desenvolver, como na súa posta en	Milladoiro S.D	2017-2018-2019	12.940,00	25.880,00	12.500,00	341-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Nominativa- Convenio	

			práctica e no seu financiamento.								
					TOTAL	113.659,00	128.880,00	175.500,00			
	LIÑA DE SUBVENCIÓN	OBXECTIVOS	EFFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIOS	PAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVISTO 2017	CUSTE ANUAL PREVISTO 2018	CUSTE ANUAL PREVISTO 2019	FUNCIONAL	FINANCIACIÓN	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN
SUBVENCIÓN EN MATERIA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	Subvención fomento Comercio Local	Primar actividades abertas á participación do comercio en xeral, e non só aos membros de cada un dos solicitantes. Acadar o autofinanciamento das entidades	Achegar ao comercio amense o maior número posible de clientes, empregando para eles colectivos como instrumento para acadar este fin. Mellorar a calidade da actividade comercial do Concello. A existencia dunha actividade estable de promoción e mellora do comercio dentro do ámbito territorial do Concello, programada e desenvolvida polas entidades asociativas do sector, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades a desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.	Asociacións de comerciantes e profesionais existentes no Concello de Ames, legalmente constituídas, e que figuren no rexistro municipal de asociacións	2017-2018-2019	40.000,00	25.000,00	20.000,00	4314-47	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concurrencia competitiva
	Subvención Eventos Comerciais e de Promoción do comercio	Primar actividades e campañas de promoción do comercio local abertas á participación do comercio en xeral	Achegar ao comercio amense o maior número posible de clientes, difundido a actividade comercial do Concello. De forma que se poñan en marcha distintas campañas de fomento do comercio nas que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades a desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.	Comerciantes e profesionais, do Concello de Ames	2017-2018-2019	30.000,00	30.000,00	40.000,00	4314-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concurrencia competitiva
	Premios concurso de escaparatismo, concurso de ideas e Gala de Emprendedores	Promover a participación dos comerciantes de Ames en distintos programas e eventos relacionados co comercio	Achegar ao comercio amense o maior número posible de clientes, difundido a actividade comercial do Concello e premiando o esforzo dos comerciantes na promoción da actividade comercial	Comerciantes e profesionais, do Concello de Ames	2017-2018-2019	14.700,00	14.700,00	14.700,00	4314-47	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concurrencia competitiva
					TOTAL	84.700,00	69.700,00	74.700,00			

Segundo.- Publicar o Plan estratéxico de subvencións modificado na páxina web do concello.

Terceiro.- Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Punto Sexto.- Aprobación Plan Estabilización do Emprego Temporal no Concello de Ames en execución do establecido na Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.

Expediente 2019/X999/000052

Figuran no expediente informe conxunto de Secretaría e Intervención Municipal e informe proposta, sendo ambos documentos do teor literal seguinte:

INFORME DE SECRETARIA E INTERVENCIÓN

ASUNTO: PLAN DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL NO CONCELLO DE AMES AO ABEIRO DA LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O 2018.

Expediente 2019/X999/000052

Antecedentes.

Primeiro. - A Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 (Lei 6/2018 do 3 de xullo) en diante LPXE 2018 establece no seu artigo 19 que no ano 2020 a temporalidade das administracións públicas non superará o 8% e que ese obxectivo deberá acadarse nos exercicios 2018-2019-2020.

No Concello de Ames a temporalidade é actualmente do 67,52%.

Segundo. - Co fin de conseguir o obxectivo de reducir a temporalidade, a propia LPXE 2018 establece unha serie de medidas que son as seguintes:

a) Que as convocatorias consecuencia de sentenzas de persoal indefinido non fixo non computan na taxa de reposición de efectivos (artigo 19.uno.7)

Estas prazas foron incluídas na oferta de emprego público 2018 aprobada en Xunta de Goberno Local do 21 de decembro de 2018

b) Que as prazas de promoción interna non computan na taxa de reposición de efectivos (artigo 19.uno.7).

Estas prazas foron incluídas na oferta de emprego público 2018 aprobada en Xunta de Goberno Local do 21 de decembro de 2018.

c) Que as prazas estruturais que estando dotadas orzamentariamente estiveran cubertas temporal e ininterrompidamente como mínimo 3 anos anteriores a 31 de decembro de 2017 nos sectores de persoal dos servizos de administración e servizos xerais, de investigación, de saúde pública e inspección médica así como outros servizos públicos terán unha taxa adicional (a coñecida como taxa para estabilización do emprego temporal) (artigo 19.uno.9 LPXE).

Estas prazas foron incluídas na oferta de emprego público 2018 aprobada en Xunta de Goberno Local do 21 de decembro de 2018.

d) A taxa de reposición de efectivos propia do ano 2018 que é do 100% (artigo 19.uno.2') e unha adicional ata o 115% por estar no suposto do artigo (19.uno.2 e 6 LPXE).

A taxa propia do 2018 foi incluída na oferta de emprego público 2018 aprobada en Xunta de Goberno Local do 21 de decembro de 2018.

A oferta de emprego público 2018 foi aprobada en Xunta de Goberno Local do 21 de decembro de 2018 e publicada no BOP 246 do 27 de decembro de 2018. A oferta de emprego público 2018 foi recorrida en reposición pola funcionaria Marta Bellas Rodríguez, sendo desestimado por acordo de Xunta de Goberno Local do 28 de febreiro de 2019.

Co fin de tratar de dotar ao desenvolvemento da OEP 2018 da máxima seguridade xurídica considerouse oportuno elaborar un Acordo de Estabilización (AEET) que recollera as liñas xerais da OEP 2018.

O AEET foi obxecto de negociación en aplicación do artigo 37.1c) do TREBEP e 153.1c) da LEPG (reunión de 18 de decembro de 2018) e foi aprobado polo pleno do Concello de Ames en sesión do 31 de xaneiro de 2019 sendo remitido para o seu rexistro diante da autoridade laboral competente.

Con fin de complementar a seguridade xurídica considerase oportuno aprobar, ademais do AEET xa existente, un Plan de Estabilización (PEET) que recolla as liñas xerais dos procedementos selectivos a convocar como consecuencia da OEP 2018.

A tal efecto foi elaborado un documento remitido para o noso informe que se procede a analizar.

Lexislación aplicable

Real decreto 896/1991 do 7 de xuño polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).

Real decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro do estatuto básico do empregado público (TREBEP).

Lei 6/2018 de 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o 2018 (LPXE 2018).

Lei 3/2017, de 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o 2017 (LPXE 2017).

Fundamentos de Dereito

Primeiro.- Necesidade de reducir a temporalidade no emprego público local do Concello de Ames.

Nas últimas décadas realizáronse continuas chamadas legais á excepcionalidade da figura do funcionario interino e do persoal laboral temporal se ben parece que non foron suficientes para evitar o abuso desta figura nas distintas administracións públicas e tamén no Concello de Ames.

As restricións incorporadas nas últimas leis de orzamentos sobre a taxa de reposición de efectivos viñeron a favorecer aínda mais esta situación especialmente nas entidades locais cada vez mais cargadas de servizos que acudiron reiteradamente á figura das interinidades para paliar as restricións de persoal e dar cobertura aos servizos municipais básicos.

Ante esta realidade o lexislador estatal adoptou dúas medidas, unha en relación co ingreso na función pública e outra, respecto da permanencia na situación de interinidade ou temporalidade.

En relación coa primeira, a LPXE 2017 (disposición adicional 34ª, de carácter básico e vixencia indefinida) establece que os órganos competentes en materia de persoal en cada unha das Administracións Públicas e nas entidades que conforman o seu sector público instrumental serán responsables do cumprimento dos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade no acceso ao emprego público e, en especial, velarán para evitar calquera tipo de irregularidade na contratación laboral temporal que poida dar lugar á conversión dun contrato temporal en indefinido non fixo.

Por outro lado intenta regularizar situacións anteriores mediante as seguintes medidas:

- A LPXE 2017 fai referencia a un proceso de estabilización do emprego temporal nas Administracións Públicas, mediante a convocatoria en determinados sectores de actividade, en quenda libre, dun número de prazas superior ao resultante da taxa de reposición. Serán aquelas prazas dotadas presupuestariamente e ocupadas desde unha data anterior ao 1 de xaneiro de 2005 que se rexerán pola disposición transitoria cuarta TREBEP; é a coñecida como cláusula de estabilización.

- A convocatoria das prazas correspondentes ao persoal declarado indefinido non fixo mediante sentenza xudicial que non computaría a efectos de taxa de reposición de efectivos.

A LPXE 2018 consciente de que coa LPXE 2017 non era suficiente, xa que algunhas administracións non iniciaran procesos de estabilización, continua ca liña xa iniciada en 2017 e establece no seu artigo 19.9 que ademais do establecido no artigo 19.un.6 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, autorízase unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluírá as prazas de natureza estrutural que, estando dotadas orzamentariamente estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos no tres anos anteriores a 31 de decembro de 2017 nos seguintes sectores e colectivos: persoal dos servizos de administración e servizos xerais, de investigación, de saúde pública e inspección médica así como outros servizos públicos. Nas Universidades Públicas, só estará incluído o persoal de administración e servizos.

As ofertas de emprego que articulen estes procesos de estabilización, deberán aprobarse e publicarse nos respectivos Diarios Oficiais nos exercicios 2018 a 2020 e serán coordinados polos Departamentos ministeriais competentes.

A taxa de cobertura temporal das prazas incursas nos procesos de estabilización, deberá situarse ao final do período, en cada ámbito, por baixo do 8 por cento.

A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrência, igualdade, mérito, capacidade e publicidade, poderá ser obxecto de negociación en cada un dos ámbitos territoriais da Administración Xeral do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais, podendo articularse medidas que posibiliten unha coordinación entre as diferentes Administracións no desenvolvemento dos mesmos.

Da resolución destes procesos non poderá derivarse, en ningún caso, incremento de gasto nin de efectivos, debendo ofertarse nestes procesos, necesariamente, prazas de natureza estrutural que se atopen desempeñadas por persoal con vinculación temporal.

As LPXE 2017-2018 impoñen ás Administracións a obriga de convocar as prazas de persoal cubertas de forma interina ou temporal, atendendo ao interese xeral en reducir a temporalidade do emprego público e dando aos empregados/as temporais a oportunidade de alcanzar a estabilidade e ao resto da cidadanía de dispor a oportunidade de ingresar no emprego público en condicións razoables de igualdade.

Polo tanto o co fin último que é reducir a temporalidade no sector público (de xeito que no ano 2020 quede reducida por debaixo do 8 por cento) tal e como resulta do artigo 19.9 LPXE 2018 autorízase esta medida excepcional; esta prescrición, a xuízo das que subscriben este informe, non esixe que os procesos selectivos que permitan reducir a temporalidade estean finalizados no ano 2020 pero si que estean realizadas as correspondentes convocatorias.

Polo tanto existirían dous límites temporais que deben ser cumpridos co fin de reducir a temporalidade no Concello de Ames:

1º. Antes do 31-12-2020 deben estar convocados todos os procesos selectivos OEP 2018, salvo os correspondentes á taxa de reposición de efectivos 2018 (arquitecto).

2º. Antes do 21-12-2021 deben estar rematados todos os procesos selectivos correspondentes á OEP 2018 (incluído o posto de arquitecto correspondente á taxa de reposición de efectivos 2018) xa que a realización das ofertas de emprego público ten un prazo máximo de 3 anos para a súa execución.

Segundo.- Excepcionalidade da convocatoria incluída na OEP 2018.

O Concello de Ames conta na actualidade con unha temporalidade do 67,52%, excesiva a todas luces xa que afecta a mais da metade da plantilla.

O obxectivo legalmente previsto é acadar no ano 2020 unha temporalidade por debaixo do 8% para o cal a LPXE 2018 (na mesma liña que a de 2017) recolle unha taxa adicional de estabilización de emprego temporal.

Estamos ante unha medida legal excepcional ante situacións excepcionais no conxunto do estado.

Cabe destacar que no Concello de Ames esta excepcionalidade tamén se xustifica en que é a primeira vez que se realiza un proceso de estabilización ou consolidación do persoal temporal, a pesares de que o convenio Colectivo do concello para o período 2005-2007, no seu capítulo XV, facía referencia a este proceso, nunca chegouse a realizar.

Por outra banda, con data de 7-12-2019 o Tribunal Superior de Xustiza de Madrid (STSJM2/2019) veu a confirmar esta excepcionalidade ao ditar sentenza relativa ao recurso interposto contra a sentenza ditada en primeira instancia, na que impugnaba a resolución de convocatoria do proceso selectivo iniciado pola Universidade Complutense de Madrid ao amparo do establecido no artigo 19 un da LPXE para 2017, para a escala de Auxiliares Administrativos, na que ven a recoñecer no seu fundamento terceiro o carácter singular e excepcional da convocatoria indicando que xa na exposición de motivos da Lei se xustifica "sobradamente" o carácter singular e extraordinario da oferta de emprego público que posibilita o proceso.

Polo tanto, atendendo á LPXE 2017 e 2018 pódese xustificar o carácter excepcional da convocatoria no marco dos procesos de estabilización indicados.

Terceiro.- Necesidade de convocar simultaneamente prazas idénticas.

O PEET recolle no artigo 3 que as prazas idénticas serán obxecto de convocatoria conxunta agás razóns como podería ser a dificultade/ imposibilidade material polo elevado número de prazas a incluír.

Esta previsión parece aludir ao grupo máis numeroso (que é o de auxiliares administrativos e persoal de servizos xerais de comedores escolares).

Ao noso entender non estaría xustificada a convocatoria de prazas idénticas en diferentes momentos temporais dado o elevado esforzo persoal e material que conleva cada convocatoria.

Artigo 3 da LRXSP : As administracións públicas serven con obxectividade os intereses xerais e actúan de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Constitución, á Lei e ao Dereito.

Por razóns de eficacia as prazas idénticas deben convocarse simultaneamente.

Cuarto.- Temario das convocatorias. Numero de temas e contido.

En materia de temarios deben terse en conta as previsións do Real Decreto 896/1991 do 7 de xuño polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de subministración local.

As previsións deste RD afectan fundamentalmente ás seguintes limitacións:

1ª Os exercicios teóricos conterán materias comúns e específicas. As materias comúns constituirán 1/5 parte do contido do temario e as específicas 4/5 partes.

2ª As materias comúns versarán necesariamente sobre as seguintes materias: Constitución Española; Organización do Estado; Estatuto de Autonomía; Réxime Local; Dereito administrativo xeral; Facenda Pública e Administración tributaria.

3ª Nas probas selectivas para acceso á administración xeral 2/5 partes do programa desenrolarán en profundidade algunha ou algunha das materias enunciadas nas materias comúns. As restantes 2/5 partes versarán directamente sobre as funcións encomendadas con carácter habitual aos membros da respectiva escala, subescala ou clase de funcionarios.

4ª Nas probas selectivas para acceso á administración especial os programas conterán 4/5 partes de materias que permitan determinar a capacidade profesional dos aspirantes, según a escala, subescala, ou clase de funcionarios de que se trate así como a normativa específica relacionada coas funcións a desenrolar.

5ª O número mínimo de temas será de 90 para o subgrupo A1; 60 para subgrupo A2; 40 para o subgrupo C1; 20 para o subgrupo C2 e 10 para o subgrupo C3. O grupo B non ten previsto número de temas pero posto que o mesmo estaría incluído entre o subgrupo A2 e C1 considerase axeitado esixir 50 temas.

O contido do PEET en relación ao número mínimo de temas, os temas de materias comúns e o seu contido, da cumprimento ás esixencias do Real Decreto 896/1991.

No momento de aprobar as bases específicas, cuxa competencia corresponden á Alcaldía, serán tidas en conta as previsións do mesmo RD 896/1991.

Quinto.- Sistema selectivo.

No seu momento a Lei 30/1984 non dispuxo preferencia algunha entre os sistemas de concurso, oposición ou concurso-oposición libre para a selección tanto do persoal funcionario como laboral (art. 19.1).

Pola súa banda, o EBEP (art. 61.6) establece que os sistemas selectivos dos funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición, e engade que soamente en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso que consistirá unicamente na valoración de méritos. Deste xeito, aínda que non se chega a invertir a orde preferente o lexislador sitúa no mesmo plano a oposición e o concurso-oposición.

En relación co persoal laboral fixo, o EBEP (art. 61.7) establece que os sistemas selectivos serán os de oposición, concurso-oposición, ou concurso de valoración de méritos.

En calquera caso non resulta xustificada que se empreguen procedementos distintos segundo o tipo de persoal; neste concello se ven establecendo unha igualdade entre o persoal con independencia do seu carácter laboral ou funcional.

En relación coa Administración Local, segundo o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño (art. 2), o ingreso na función pública local debe realizarse, con carácter xeral, a través do sistema de oposición, salvo que, pola natureza das prazas ou das funcións a desempeñar, sexa máis adecuada a utilización de concurso-oposición ou concurso.

O sistema de concurso oposición na administración local é excepcional e, soamente no marco de unha convocatoria excepcional, como é o caso, podería ser utilizado.

O sistema selectivo previsto no PEET é o de concurso oposición. Este sistema da cumprimento ás esixencias normativas, particularmente ás contidas no artigo 56.1 LEPG; 2 e 4 RD 896/1991; 61 TREBEP.

O sistema de concurso oposición parece avalado pola STSX de Madrid 2/2019 recurso de apelación 1744/2018, do 7 de febreiro de 2019, que analiza un procedemento de selección enmarcado nun proceso de estabilización de acordo coa LPXE 2017.

A sentenza permite utilizar a figura do concurso oposición ao entender que é de aplicación a disposición transitoria cuarta do TREEBP que se refire á consolidación de emprego temporal, e que fai mención á fase de concurso na que poderán valorarse, entre outros méritos, o tempo de servizos prestados nas administracións públicas e a experiencia nos postos de traballo obxecto da convocatoria.

Entendemos que esta mesma liña é a que segue a LPXE 2018 que ven a continuar coa estabilización do emprego temporal nas administracións públicas.

Polo tanto, a normativa sobre o sistema selectivo, o carácter previo do concurso, o límite do 40% sobre o total do concurso oposición e o seu carácter non eliminatorio respectanse no PEET.

Sexto.- Valoración de méritos na fase de concurso.

A puntuación da fase de concurso no PEET do Concello de Ames é de 40 puntos e comprende a experiencia (32 puntos) e a formación (8 puntos).

A valoración da experiencia supón o 32% da puntuación máxima do proceso selectivo e a formación o 8%, polo que a experiencia non é o único mérito valorable.

Centrándonos na experiencia o PEE outorga maior puntuación á experiencia no Concello de Ames que á experiencia noutras administracións públicas para o mesmo posto de traballo.

O artigo 19 LPXE 2018 é o artigo 19 da LPXE 2017 permiten valorar a experiencia en liña co recollido na disposición transitoria cuarta do TREEBP.

Disposición transitoria cuarta do TREEBP: As administracións públicas poderán efectuar convocatorias de consolidación do emprego a postos ou prazas de natureza estrutural correspondentes aos seus distintos corpos, escalas, ou categorías que estean dotados orzamentariamente e se atopen desempeñados interina ou temporalmente con anterioridade a 1 de xaneiro de 2005. os procesos selectivos garantirán o cumprimento dos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. Os contido das probas gardará relación cos procedementos, tarefas, e funcións habituais dos postos obxecto da convocatoria. Na fase de concurso poderán valorarse, entre outros méritos, o tempo de servizos prestados nos postos de traballo obxecto da convocatoria.

Así mesmo o fundamento terceiro da recente sentenza do TSX Madrid 2/2019, recurso de apelación 1744/2018, do 7 de febreiro de 2019, establece que estos procedementos de estabilización do emprego público, segundo dispón o citado artigo 19, rexeranse pola disposición transitoria cuarta do RDL 5/2015 do 30 de outubro que se refire á consolidación do emprego temporal, dispoñendo no seu apartado 3 que o contido das probas gardará relación cos procedementos, tarefas, e funcións habituais dos postos obxecto de cada convocatoria. Na fase de concurso poderán valorarse, entre outros méritos, o tempo de servizos prestados nas administracións públicas e a experiencia nos postos de traballo obxecto da convocatoria.

Da normativa desprendese, sen dúbida, que nos atopamos ante un proceso de estabilización do emprego temporal que responde, obviamente, ao incremento que se ten producido na taxa de interinidade xenerada como consecuencia das especiais circunstancias económico orzamentarias acaecidas nos últimos anos.

A sentenza conclúe que concorren pois, circunstancias especiais para a valoración da experiencia que se discute que fai que o propio lexislador, tendo en consideración a existencia dun número elevado de interinos no ámbito das distintas administracións pública, lo que non é desexable para os propios funcionarios, permita as distintas administracións públicas decidir si fan uso da facultade conferida na disposición transitoria cuarta do estatuto básico do empregado público, levando a cabo convocatorias de procedementos de estabilización de emprego temporal para o persoal interino que se atopa desempeñando estes postos.

Para poder valorar a experiencia e os servizos previos na fase de concurso e que esta non sexa allea aos conceptos de mérito e capacidade no acceso ao emprego público, o TC introduce o concepto de proporcionalidade.

Así, na súa sentenza número 107/2003 de 2 de xuño, establece que a ponderación dos servizos previos non pode ser tan desproporcionada e irracional que descoñeza o dereito á igualdade no acceso ao emprego público constitucionalmente garantido (23,2 CE). A sentenza parte do análise do principio de igualdade nunha convocatoria enmarcada nun proceso de consolidación de emprego temporal, situando o umbral da proporcionalidade nunha porcentaxe do 27,58 % da puntuación máxima que podería obterse en total nun proceso selectivo, considerando que a relevancia cuantitativa outorgada ao mérito da experiencia non poda considerarse desproporcionada por non traspasar o límite do tolerable (sentenza TC 67/1989 do 18 de abril; 185/1994 de 20 de xuño; 11/1996 do 29 de xaneiro).

Cumpra analizar se na valoración da experiencia no PEET concorre a proporcionalidade a que fae referencia o TC nas súas sentenzas e, particularmente, na STC 107/2003.

Examinado á proposta do PEET en canto á proporcionalidade unha persoa que queira acadar a máxima puntuación por experiencia no mesmo posto que o convocado pero fora do concello debe acreditar unha experiencia de 53,33 anos fronte aos 8,87 anos que precisaría no Concello de Ames.

Se ben pode parecer que esta concreta forma de valoración é desproporcionada e, a xuízo das informantes debería outorgarselle unha menor diferenza, o certo é que está avalada pola Xurisprudencia.

A sentenza do TS do 14 de outubro de 2009, no seu fundamento de dereito quinto establece: En relación ao segundo motivo desta casación, relativo ao transcrito no segundo fundamento desta sentenza, cabe dicir que tamén debe ser desestimado, xa que deben considerarse correctas as apreciacións que se conteñen na sentenza recorrida acerca de que a convocatoria en cuestión, respectaba os estándares constitucionais previstos polo Tribunal Constitucional, singularmente na sentenza 107/2003, que aquela resolución xudicial cita en apoio das teses que defende. Dado que segundo se declara nesa sentenza e foi reiterado entre outras do propio Tribunal Constitucional, tense que partir de que, en principio, non pode considerarse como unha medida desproporcionada, arbitraria ou irrazoable en relación coa finalidade de consolidación do emprego temporal, a convocatoria dese tipo de probas que teñan en conta como valor a computar na fase de concurso os servizos prestados en funcións similares, como experiencia previa do persoal afectado. Sendo así, ademais que no caso de autos resulta que a Comunidade Autónoma de Valencia, segundo afirmación que esta fai nos autos, e que non está debidamente acreditado o contrario pola contra parte, era a primeira vez que utilizaba tan excepcional sistema de selección coa finalidade indicada, a partir da situación de excepcionalidade que describe como razón inmediata da adopción do acordo. Excepcionalidade tamén acreditada ao estar ilo incluso admitido pola recorrente en casación, o elevado numero de persoal que ia acumulando ao servizo da administración valenciana, en condicións de eventualidade, ata ter alcanzado un 35% do total. Acumulación determinada polo aumento de competencias asumidas en virtude de transferencias dende o estado e imposibilidade de ser cubertas as prazas con funcionarios en propiedade, a vista da numerosa litixiosidade producida sobre as procedentes probas,

que tiña dificultado a efectividade das normais convocatorias de acceso e traslado. E dado que, por outro lado, tampouco cabía faltar de desproporción na valoración que a regulación legal discutida atribuíra aos méritos por experiencia, pois si ben é certo que outorga unha certa vantaxe aos aspirante que a invocaban respecto de que non poden demostrar ese mérito, sen embargo non cabe dicir que os exclúa da competición, a consecuencia do chamado efecto mochila, xa que segun a lei discutida, é condición substancial para que poda ser valorada a experiencia no concurso, ter aprobado previamente a oposición. E visto que a vantaxe que a suma deses méritos pode producir na adxudicación final da praza, tampouco pode tacharse de constitucionalmente desproporcionada, pois a puntuación que, no caso de autos, pode obterse por méritos derivados da experiencia no pode sobrepassar o 32% do total de 1000, obtibles segun as regras da proba selectiva. Na que corresponde un máximo de 40 ao concurso e 60 a oposición, proba esta que esixe alcanzar un mínimo de 30 para ser superada. E dado que no concurso se valora xunto a experiencia, como mérito a considerar, o derivado do que se chama formación, na que de pode obterse ata 8 puntos, o que quere dicir que os intervinientes sen experiencia poden alcanzar unha puntuación superior ao máximo posible pro experiencia, sen necesidade de acudir a este mérito que lles é estraño ou alleo.

As previsións sobre a valoración da fase de concurso recollidas no artigo 7 do PEET adecúanse á liña xurisprudencial referida pois se ben outorgan un beneficio aos que xa traballaron para a administración non se pode considerar que exclúa a participación de outros aspirantes, en liña co recollido na sentenza do TS do 14-10-2009. A título ilustrativo faise a seguinte extrapolación:

Un traballador/a do Concello de Ames que puidera acreditar a máxima formación (8 puntos) e aprobara a oposición con un 5, necesitaría 8,8 anos de experiencia para obter a máxima puntuación de experiencia (32 puntos); polo tanto, contaría con 70 puntos.

Un aspirante de fora do Concello para poder igualarlle na puntuación total eses 70 puntos necesitaría unha experiencia de 20 anos e un exame de 8,30 puntos na fase de oposición. Se non tivera experiencia precisaría obter un 10 na fase de oposición para poder igualar os 70 puntos.

Dende o noso punto de vista a concorrencia limitaríase para os aspirantes de fora do concello que acheguen experiencia e, moito mais, para os que non acheguen experiencia algunha. A nosa opinión sería mais coincidente co voto particular da sentenza do TS de 14 de outubro de 2009 emitido polo maxistrado José Díaz Delgado pero o certo é que a sentenza indicada da por correcta unha puntuación equivalente á plantexada no PEET e referida ao acordo da mesa sectorial da función pública de 7 de outubro de 2003 sobre estabilidade laboral e promoción profesional da función pública valenciana cuxo acordo 3.2 establecía:

3.2.- Modalidade das probas selectivas.

As probas selectivas se levarán a cabo mediante o sistema de concurso-oposición, no que a fase de concurso terá unha puntuación de 40 puntos e fase de oposición 60 puntos.

As fase de concurso valorarase da seguinte forma:

1. A experiencia en postos de traballo da administración do Consello da Xeneralitat Valenciana, ou dos seus organismos autónomos cuxas competencias en materia de persoal se exerzan pola Consellería de Xustiza e Administracións Públicas segundo disposto no artigo 27 da lei da función pública valenciana que pertencen ao mesmo grupo de titulación e igual natureza xurídica, sector e especialidade ou categoría laboral ao dos postos convocados á razón de 0,60 puntos por cada mes completo de servizos en activo.
2. A experiencia en postos de traballo da administración do Consello da Xeneralitat Valenciana, ou dos seus organismos autónomos cuxas competencias en materia de persoal se exerzan pola Consellería de Xustiza e Administracións Públicas segundo o disposto no artigo 27 da lei da función pública valenciana, non contemplados no apartado anterior a razón de 0,15 puntos por cada mes completo de servizos en activo.
3. A experiencia noutras administracións públicas ou no sector privado en traballos por conta allea, autónomos e profesionais, en postos con funcións equivalentes aos dos postos convocados, a razón de 0,05 puntos por mes completo de servizos en activo.

Conforme a este acordo, que a STS avala, a proporción do convenio de Valencia sería a seguinte:

1º Experiencia no mesmo posto na administración convocante: 0,60 puntos por mes completo ata 32 puntos.

2º Experiencia noutros postos na administración convocante: 0,15 puntos por mes completo ata 32 puntos.

3º Experiencia nos mesmos postos noutras administracións ou no sector privado: 0,05 puntos por mes completo ata 32 puntos.

4º Para acadar a máxima puntuación por experiencia, no mesmo posto e na administración convocante, sería precisos 4,4 anos e noutros postos da administración convocante 17,7 anos; no mesmo posto noutra administración ou no sector privado se precisarían 53,3 anos.

O PEET do Concello de Ames respecta esta proporción e así:

a) Por cada mes completo de servizos prestados no Concello de Ames en prazas, postos e/ou categorías idénticos ás da convocatoria (exemplo, nas prazas de auxiliar administrativo valorarase só a experiencia en prazas de auxiliar administrativo): 0,3 puntos por mes (non se terán en conta fraccións inferiores a un mes) ata un máximo de 32 puntos. A valoración no concello é de 0,3 puntos/mes e no caso de convenio de Valencia 0,60 puntos/mes (o dobre).

b) Por cada mes completo de servizos prestados noutras administracións públicas en prazas, postos e/ou categorías idénticos ás da convocatoria (exemplo, nas prazas de auxiliar administrativo valorarase só a experiencia en prazas de auxiliar administrativo); 0,05 puntos por mes (non se terán en conta fraccións inferiores a un mes) ata un máximo de 32 puntos.

As diferencias con respecto ao acordo de Valencia son:

1ª Que a máxima puntuación se acadar en Valencia con 4.4 anos de servizo na administración convocante e no mesmo posto e no caso do Concello de Ames con 8,8 anos. Esta diferenza diminúe a vantaxe para os traballadores do concello.

2ª Que en Valencia se valora a experiencia noutros postos distintos aos convocados pero dentro da administración convocante e a experiencia no sector privado. Esta opción non foi recollida no PEET.

3ª Que en Valencia a puntuación no mesmo posto e na mesma administración é o dobre que no caso do PEET.

Cumpre engadir que o persoal do concello cuxos postos estarían afectados pola estabilización non todos eles acadarían a máxima puntuación por experiencia; que para alcanzar a máxima puntuación sería precisos 8,8 anos de experiencia no mesmo posto no Concello de Ames. Por outra banda, o concurso contempla tamén a formación a cal non é exclusiva do persoal municipal.

As puntuacións de experiencia do PEET do Concello de Ames respectan a liña xurisprudencial do TS e TC.

Sétimo.- Cualificación dos exercicios da fase de oposición.

A fase de oposición comprende dous exercicios obrigatorios e eliminatorios. O primeiro é a proba de galego. O seu carácter obrigatorio (para os que non acrediten estar en posesión do nivel CELGA establecido nas convocatorias correspondentes) ten fundamento na previsión contida no artigo 51 da LEPG.

Artigo 51.2 LEPG: A efectos do previsto neste artigo, para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei, incluírase un exame de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega de conformidade coa normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e , no seu caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.

O segundo exercicio de tipo teórico práctico comprende dúas probas. A primeira é unha proba teórica tipo test e a segunda unha proba práctica. Cada un dos exercicios se valora de 0 a 30 puntos e farán media sendo preciso acadar 30 puntos para poder aprobar o exercicio; soamente farase media se en cada proba se obtén un mínimo de 12 puntos. Este mínimo de puntuación para poder facer media trata de garantir o coñecemento teórico e práctico que debe concorrer nos aspirantes e ten o seu amparo no artigo 9 do RD 896/1991.

A posibilidade de facer media non está recollida na normativa pero si na xurisprudencia que complementa o ordenamento xurídico.

Se ben o carácter obrigatorio da proba de galego resulta da LEPG non ocorre o mesmo co carácter eliminatorio; non obstante é axustado ao ordenamento xurídico o seu carácter eliminatorio.

Oitavo.- Prazas reservadas á discapacidade.-

De conformidade co artigo 48.2 e 3 LEPG deberán estar reservadas á persoas con discapacidade un total non inferior ao 7% das prazas ofertadas, das cales un 2% o serán a persoas con discapacidade intelectual. Dado que o total de prazas ofertadas na OEP 2018 son 112 habería que reservar a discapacidade un 7% (8 prazas, sendo 2 de discapacidade intelectual e a restantes para calquera outro tipo de discapacidade).

Ao noso entender, as prazas reservadas a discapacidade xa deberían quedar fixadas no presente PEET se ben non resulta obrigatorio conforme á normativa aplicable.

Noveno.- Identidade de procesos selectivos no caso de persoal laboral e funcionario.

Se ben a normativa que regula a selección do persoal laboral e funcionario é distinta (artigos 7 e 9 da LEPG) o que podería levar a un réxime normativo distinto en ambos casos (recordase que hai prazas de persoal laboral e de persoal funcionario na OEP 2018), se aplicará o mesmo réxime normativo en ambos casos, concretamente á normativa do persoal funcionario.

Se ben esta cuestión non está regulada na normativa de réxime local si atopamos referencias na normativa do persoal do Estado que se aplicase con carácter supletorio, concretamente, o Real Decreto 364/1995 do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado. Este regulamento para a selección do persoal laboral remite á normativa propia do persoal funcionario. Por outra banda, o Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Ames (texto refundido publicado no BOP 236 do 12 de decembro de 2018) recolle no seu artigo 57.2 que na selección do seu persoal laboral o concello de Ames rexerese polo propio convenio e polo RD 364/1995 e 95/1991 do 20 de marzo e no RD 896/1991 do 7 de xuño.

A motivación desta uniformidade están no feito dunha identidade funcional e retributiva paras os postos da mesma categoría con independencia de que sexan de persoal laboral e funcionario. Nesta uniformidade abonda a lexislación estatal e o propio convenio colectivo do persoal laboral do concello.

Décimo.- Necesidade de negociación.

Tal e como tivo lugar con ocasión da aprobación do AEET é necesaria a fase de negociación, tal e como resulta do artigo 153.1.c LEPG e 37.1.c do TREBEP.

Artigo 153.1.c) LEPG: Serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada administración pública e co alcance que legalmente proceda en cada caso, as seguintes materias: as normas que fixen os criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión, sistema de clasificación de postos de traballo e plans e instrumentos de planificación de recursos humanos.

Artigo 37.1.c) TREBEP: Serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coa competencias de cada administración pública e co alcance que legalmente proceda en cada caso, as seguintes materias: as normas que fixen os criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión, sistemas de clasificación de postos de traballo e plans e instrumentos de planificación de recursos humanos.

O presente PEET deberá ser obxecto de negociación na Mesa Xeral de Negociación.

Décimo primeiro.- Órgano competente para a súa aprobación.

A este respecto compre precisar que, dentro da normativa reguladora de réxime local que resulta aplicable, non existe previsión nin referencia expresa ao respecto do órgano municipal competente para a aprobación de documentos como o agora informado, ou de análogas características.

Agora ben, tendo en conta que este plan é un desenrolo do Acordo de Estabilización aprobado en pleno o 31 de xaneiro de 2019 , cabería concluir que deberá ser este mesmo órgano o competente para aprobar o presente Plan de Estabilización, sen quórum especial, por non atoparse en ningún dos supostos do artigo 47 LRBRL.

Décimo segundo. Precisión en relación ao contido do PEET.

Tal e como se informa nos puntos anteriores as previsións do PEET do Concello de Ames cumpre as determinacións normativas aplicables; non obstante recomendase unha redacción mais sinxela que non modifique substancialmente o texto inicial pero que recolle as seguintes matizacións:

1ª Valorar na fase de concurso ter superada fase de oposición nun proceso selectivo nunha convocatoria da mesma praza en calquera administración pública.

2ª Valorar unicamente os cursos que teñan unha duración mínima de 10 horas lectivas con fin de garantir unha mínima carga formativa e debendo graduarse por intervalos, segundo a súa duración.

Conclusión:

Informar favorablemente o Plan de Estabilización do emprego temporal do Concello de Ames, coas matizacións indicadas no punto decimo segundo.

O Plan de estabilización deberá ser sometido á negociación ao ter carácter de bases xerais dos procesos selectivos que se convoquen ao abeiro da OEP 2018; posteriormente será sometido a aprobación plenaria sen quórum especial. En todo caso, a proposta de Alcaldía que recolla o texto definitivo a aprobar será sometida a informe proposta.

Ames, abril de 2019.

A secretaria.

Rosa Ana Prada Queipo

A interventora

Margarita Fernández Sobrino

PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN PLAN DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL NO CONCELLO DE AMES EN EXECUCIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 6/2018, DE 3 DE XULLO, DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2018.

Expediente 2019/X999/000052

Antecedentes

O presente Plan de Estabilización do Emprego Temporal no Concello de Ames (en diante PEET) elabórase ao abeiro do previsto no Acordo para a Estabilización do Emprego Temporal no Concello de Ames (en adiante AEET) aprobado en sesión plenaria do 31 de xaneiro de 2019, coa finalidade do fomento da estabilidade no emprego público municipal e a consecución dos obxectivos legais de redución da temporalidade.

O documento foi elaborado mediante conversas constantes entre o goberno e a representación sindical obtendo informe favorable da secretaria e intervención municipal con data do 2 de abril de 2019. O dito documento é sometido a aprobación da Mesa Xeral de Negociación con data do 10 de abril de 2019 no que se propoñen unhas modificacións puntais no documento; non obstante de non acadarse informe favorable ás mesmas prestarían conformidade ao documento tal e como foi informado favorablemente por Secretaría e Intervención municipal.

Por parte de Secretaría e Intervención, amosase conformidade e tal efecto asinan a presente proposta.

Por todo o exposto esta Alcaldía no uso das súas atribucións propón ao pleno do Concello sen quórum especial a adopción do seguintes acordos:

Primeiro.- Prestar aprobación ao plan de estabilización do emprego temporal no Concello de Ames en execución do establecido na lei 6/2018 do 3 de xullo de orzamentos xerais do estado para o ano 2018, aprobado na Mesa Xeral de Negociación do 11 de abril de 2019 e informado favorablemente por Secretaría e Intervención Municipal, sendo o texto o que figura como anexo.

Segundo.- Facultar ao señor alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Ames, 12 de abril de 2019.

O alcalde

José M. Miñones Conde

Conforme Secretaria e Intervención

Rosa Ana Prada Queipo

Margarita Fernández Sobrino

Anexo

PLAN DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL NO CONCELLO DE AMES EN EXECUCIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 6/2018, DE 3 DE XULLO, DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2018.

Artigo 1º.- Obxecto e ámbito de aplicación.

1.- O presente Plan de Estabilización do Emprego Temporal no Concello de Ames (en diante PEET) elabórase ao abeiro do previsto no Acordo para a Estabilización do Emprego Temporal no Concello de Ames (en adiante AEET) aprobado en sesión plenaria do 31 de xaneiro de 2019, coa finalidade do fomento da estabilidade no emprego público municipal e a consecución dos obxectivos legais de redución da temporalidade.

2.- O presente PEET resultará aplicable ao conxunto do emprego público municipal, con independencia de que as prazas que se convoquen, en execución do mesmo, sexan de persoal laboral ou funcionario.

3.- Os criterios xerais recollidos neste plan poderán estenderse a todas as ofertas de emprego ás que lles sexa de aplicación o AEET, se así o permite a lexislación vixente

Artigo 2º.- Principios xerais

1.- O PEET regula o conxunto de actuacións que, con arranxo ás previsións legais aplicables, e ao abeiro do previsto no AEET, serán desenvolvidas para a redución da temporalidade no emprego público local do Concello de Ames.

2.- Da execución do PEET non poderá derivarse, en ningún caso, un incremento do gasto de persoal nin de efectivos.

3. O desenvolvemento dos procesos selectivos de estabilización materializarase a través da respectivas convocatorias e bases específicas reguladoras, que deberán adecuarse aos criterios fixados neste Plan, así como no AEET e cumprir, en todo caso, cos principios de libre concorrència, igualdade, mérito, capacidade e publicidade; e antes da súa aprobación pola Alcaldía serán obxecto de tratamento e negociación no seo da Comisión Paritaria de seguimento, interpretación e aplicación do AEET (en adiante Comisión Paritaria).

4. As prazas que en desenvolvemento deste PEET, e previa inclusión nas OEP municipais 2018-2019-2020, sexan obxecto da convocatoria correspondente, estarán afectadas pola previsións e porcentaxes legais aplicables, en cada momento, sobre reserva de vacantes para seren cubertas por persoas con discapacidade.

Artigo 3º.- Desenvolvemento efectivo dos procesos de estabilización.

O desenvolvemento dos procesos de estabilización terá lugar con arranxo aos seguintes criterios:

1º.- As convocatorias a realizar en cada anualidade deberán quedar fixadas, como máximo, no mes de decembro do ano anterior, agás para as convocatorias do ano 2019 que deberán quedar fixadas antes de finais do mes de setembro de 2019.

2º.- En prol dos principios de eficiencia e celeridade poderán acumularse nunha mesma convocatoria procesos selectivos correspondentes a prazas distintas.

3º.- Con carácter xeral serán obxecto de convocatoria conxunta as prazas idénticas agás que por razóns debidamente xustificadas puidera estimarse oportuno a súa inclusión en diferentes convocatorias (elevado número de prazas a incluír que podan afectar ao normal funcionamento do concello) previo acordo na comisión paritaria.

4º.- Deberase dar preferencia a inclusión das prazas que contén con maior número de vacantes a estabilizar.

5º.- Serán convocadas en último lugar as ocupadas por persoal próximo á xubilación.

6º.- No caso de prazas que se correspondan con períodos de inactividade, tentarase facer coincidir o desenvolvemento efectivo das respectivas convocatorias cos ditos períodos.

7º.- Entenderase por convocatoria realizada, aos efectos legais e prácticos pertinentes, a formalmente aprobada e publicada no diario oficial correspondente; sendo o anuncio de convocatoria publicado no BOE o que determinará o cómputo dos prazos/criterios temporais que se veñen de indicar nos apartados anteriores.

Artigo 4º.- Exercicios e programas das probas selectivas.

A fase de oposición versará sobre as materias comúns e específicas contidas nos programas correspondente ás diferentes convocatorias.

Os programas conterán cunha parte común a todas as prazas correspondentes a un mesmo grupo de titulación (materias comúns) e unha parte específica (materias específicas) relacionada co contido das funcións e tarefas atribuídas á praza convocada e que serán aprobadas nas correspondentes bases específicas.

As materias comúns constituirán unha quinta parte do total das materias dos programas.

As materias específicas constituirán catro quintas partes do total das materias dos programas e serán fixadas nas bases específicas de cada convocatoria, previa negociación no seo da Comisión Paritaria.

O número mínimo de temas e a distribución entre materias comúns e específicas, atendendo ao grupo de titulación, é o seguinte:

GRUPO/SUBGRUPO	TEMAS COMÚNS	TEMAS ESPECÍFICOS	TOTAL TEMAS
SUBGRUPO A1	18	72	90
SUBGRUPO A2	12	48	60
SUBGRUPO B	10	40	50
SUBGRUPO C1	8	32	40
SUBGRUPO C2	4	16	20
SUBGRUPO C3 ou agrupacións profesionais	2	8	10

Temario materias comúns do grupo A subgrupo A1

1. A Constitución Española de 1978: Título preliminar. Os dereitos fundamentais, a súa garantía e suspensión. A Coroa
2. A Constitución Española de 1978: A organización territorial do Estado
3. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Título preliminar. As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia no Estatuto de autonomía: exclusivas, concorrentes e de execución da lexislación do Estado.
4. O goberno da comunidade autónoma de Galicia. A Xunta. natureza e composición, atribucións e funcionamento
5. A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público: ámbito de aplicación e principios xerais. Os órganos administrativos: Competencia, abstención e recusación.
6. Dos actos administrativos: requisitos, eficacia, nulidade e anulabilidade
7. A revisión dos actos administrativos. Revisión de oficio. Os recursos administrativos: principios xerais. O recurso de alzada. O recurso potestativo de reposición. O recurso extraordinario de revisión.
8. Das disposicións sobre o procedemento administrativo común: Garantías do procedemento, iniciación, ordenación, instrución e finalización. Tramitación simplificada do procedemento administrativo común. Execución.
9. Disposicións comúns ás entidades locais: Réxime de funcionamento. Información e participación cidadá
10. Disposicións comúns ás entidades locais: O estatuto dos membros das corporacións locais
11. O municipio: concepto e elementos. Territorio e poboación. Organización. Competencias. Réximes especiais
12. A provincia. Organización provincial. Competencias. Réximes especiais
13. Os bens das Entidades Locais. Concepto e clasificación. O patrimonio das Entidades Locais.
14. O persoal ao servizo das Entidades Locais: dereitos e deberes. Réxime disciplinario. Situacións administrativas. Incompatibilidades.
15. O persoal ao servizo das Entidades Locais: Adquisición e perda da condición de funcionario. Selección e provisión de postos de traballo.
16. Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais: Orzamento e gasto público
17. Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais: Normas xerais aplicables aos tributos das facendas locais. Imposición e ordenación de tributos locais
18. Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais: as taxas como recursos das facendas locais.

Temario materias comúns do grupo A subgrupo A2.

1. A Constitución Española de 1978: Título preliminar. Os dereitos fundamentais, a súa garantía e suspensión. A Coroa

2. A Constitución Española de 1978: A organización territorial do Estado
3. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Título preliminar. As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia no Estatuto de autonomía: exclusivas, concorrentes e de execución da lexislación do Estado.
4. O goberno da comunidade autónoma de Galicia. A Xunta. natureza e composición, atribucións e funcionamento
5. A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público: ámbito de aplicación e principios xerais. Os órganos administrativos: Competencia, abstención e recusación.
6. Dos actos administrativos: Requisitos, eficacia, nulidade e anulabilidade
7. A revisión dos actos administrativos. Revisión de oficio. Os recursos administrativos: principios xerais. O recurso de alzada. O recurso potestativo de reposición. O recurso extraordinario de revisión.
8. Das disposicións sobre o procedemento administrativo común: Garantías do procedemento, iniciación, ordenación, instrución e finalización. Tramitación simplificada do procedemento administrativo común. Execución.
9. O municipio: concepto e elementos. Territorio e poboación. Organización. Competencias. Réximes especiais
10. Disposicións comúns ás entidades locais: O estatuto dos membros das corporacións locais
11. O persoal ao servizo das Entidades Locais: dereitos e deberes. Réxime disciplinario. Situacións administrativas. Incompatibilidades.
12. Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais: Orzamento e gasto público

Temario materias comúns do grupo B

1. A Constitución Española de 1978: Título preliminar. Os dereitos fundamentais, a súa garantía e suspensión. A Coroa
2. A Constitución Española de 1978: A organización territorial do Estado
3. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Título preliminar. As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia no Estatuto de autonomía: exclusivas, concorrentes e de execución da lexislación do Estado.
4. Dos actos administrativos: Requisitos, eficacia, nulidade e anulabilidade
5. A revisión dos actos administrativos. Revisión de oficio. Os recursos administrativos: principios xerais. O recurso de alzada. O recurso potestativo de reposición. O recurso extraordinario de revisión.
6. Das disposicións sobre o procedemento administrativo común: Garantías do procedemento, iniciación, ordenación, instrución e finalización. Tramitación simplificada do procedemento administrativo común. Execución.
7. O municipio: concepto e elementos. Territorio e poboación. Organización. Competencias. Réximes especiais
8. Disposicións comúns ás entidades locais: O estatuto dos membros das corporacións locais
9. O persoal ao servizo das Entidades Locais: dereitos e deberes. Réxime disciplinario. Situacións administrativas. Incompatibilidades.
10. Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais: Orzamento e gasto público

Temario materias comúns do grupo C subgrupo C1

1. A Constitución Española de 1978: Título preliminar. Os dereitos fundamentais, a súa garantía e suspensión. A Coroa
2. A Constitución Española de 1978: A organización territorial do Estado
3. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Título preliminar. As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia no Estatuto de autonomía: exclusivas, concorrentes e de execución da lexislación do Estado.
4. Dos actos administrativos: Requisitos, eficacia, nulidade e anulabilidade
5. Das disposicións sobre o procedemento administrativo común: Garantías do procedemento, iniciación, ordenación, instrución e finalización. Tramitación simplificada do procedemento administrativo común. Execución.
6. O municipio: concepto e elementos. Territorio e poboación. Organización. Competencias. Réximes especiais
7. O persoal ao servizo das Entidades Locais: dereitos e deberes. Réxime disciplinario. Situacións administrativas. Incompatibilidades.
8. Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais: Orzamento e gasto público

Temario materias comúns do grupo C subgrupo C2

1. A Constitución Española de 1978: Título preliminar. Os dereitos fundamentais, a súa garantía e suspensión. A Coroa
2. A Constitución Española de 1978: A organización territorial do Estado. O Estatuto de Autonomía de Galicia: Título preliminar.
3. O municipio: concepto e elementos. Territorio e poboación. Organización. Competencias. Réximes especiais. As Taxas como recurso das facendas locais: Feito impoñible, suxeito pasivo, a súa contía e devengo.
4. Dos actos administrativos: Requisitos, eficacia, nulidade e anulabilidade

Temario materias comúns do grupo C subgrupo C3 (Agrupacións profesionais)

1. A Constitución Española de 1978: A organización territorial do Estado: Principios xerais. A administración local. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Título preliminar.
2. O municipio: territorio e poboación e organización. Recursos facendas locais: enumeración. Disposicións xerais do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e os interesados no procedemento.

Artigo 5º.- Desenvolvemento das probas selectivas.

O anuncio da convocatoria publicarase no BOE e no DOGA. Pola súa parte, as bases e as listas provisionais e definitivas de admitidos/as e excluídos/as publicaranse no BOP, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e páxina web municipal.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio ou proba a través da páxina web municipal indicando data lugar e hora do exercicio e proba. Serán excluídas da oposición as persoas que non comparezan.

As persoas aspirantes deberán acudir ao chamamento provistas do seu DNI, pasaporte ou documentos que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea, así como dos medios materias esixidos para a práctica dos exercicios. Queda prohibido a utilización do móbil ou calquera medio electrónico por parte dos/as aspirantes durante a realización do exercicio coa salvedade dos medios electrónicos que facilite o concello para realización de probas prácticas.

Garantírase o anonimato dos aspirantes. En calquera momento o tribunal poderá requirirles ás persoas aspirantes que acrediten a súa identidade.

Publicada a OEP e, con anterioridade ao inicio dos exercicios previstos nas diferentes bases das convocatorias, o Concello determinará, mediante un único sorteo celebrado logo de anuncio previo no BOP, a orde de actuación dos/as aspirantes en todas as probas selectivas que non poidan realizarse conxuntamente. O resultado do sorteo tamén se publicará no BOP.

Dende a total conclusión dun exercicio ata o comenzo do seguinte non poderán transcorrer menos de 48 horas nin mais de 40 días.

Os exercicios ou probas terán lugar a porta pechada sen outra asistencia que a dos membros do tribunal, os/as colaboradores/as designados polo tribunal e os/as aspirantes.

Na fase de oposición de todos os procesos selectivos haberá dous exercicios obrigatorios e eliminatorios

Primeiro exercicio: De carácter obrigatorio para todas as persoas aspirantes, menos para as que acrediten o nivel de coñecemento de galego requirido na convocatoria específica (CELGA ou equivalente), ou que estean en condición de acreditado documental dentro do prazo de presentación de instancias, que estarán exentas de realizar este exercicio

Este exercicio consistirá en realizar unha proba que acredite o coñecemento de lingua galega esixido na convocatoria. A proba de lingua galega determinará o Tribunal, será acorde coas características funcionais do posto e deberá demostrarse nela unha competencia similar á esixida para obter o certificado de lingua galega (CELGA) correspondente.

Esta proba cualificará ás persoas aspirantes como aptas ou non aptas. As persoas que non obteñan a cualificación de aptas quedarán eliminadas do proceso selectivo.

Segundo exercicio: Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes, e constará de dúas partes que poderán realizarse en sesións distintas.

Primeira parte: De carácter obrigatorio para todos as persoas aspirantes. Consistirá na resolución por escrito, nun prazo máximo de ata dúas horas e media, dun cuestionario de, como máximo, 100 preguntas con 3 respostas alternativas, das que só unha será a correcta, e 5 preguntas de reserva, en relación ao contido total do temario (materias comúns e específicas) que figuren no temario de cada unha das convocatorias.

Segunda parte: De carácter obrigatorio para todos as persoas aspirantes que tiñan obtida a puntuación mínima esixida na primeira parte (12 puntos). Consistirá en desenvolver, durante un tempo máximo de ata dúas horas, un suposto práctico relativo aos contidos das materias comprendidas na parte específica do temario de cada unha das convocatorias.

Artigo 6º Cualificación dos exercicios.

Os sistemas de cualificación das distintas probas selectivas especificaranse nas bases específicas de cada unha das convocatorias e respectando, en todo caso, os criterios seguintes:

- Nos cuestionarios con respostas alternativas, as respostas incorrectas non puntuarán negativamente.
- As puntuacións obtidas polas persoas aspirantes serán as medias aritméticas das cualificacións outorgadas por cada membro do tribunal.
- Corresponderá ao tribunal fixar o nivel/grao de coñecementos ou acertos necesarios para acadar a cualificación mínima requirida para a superación dos exercicios ou das diferentes probas. En todo caso, o nivel/grao de coñecemento fixado polo tribunal deberá garantir a idoneidade das persoas aspirantes seleccionadas.

Os exercicios da fase de oposición serán eliminatorios, e cualificaranse do seguinte xeito:

Primeiro exercicio: cualificarase como APTO/A ou NON APTO. As persoas aspirantes cualificadas como NON APTAS quedarán eliminadas do proceso selectivo.

Segundo exercicio: cualificarase cunha puntuación de 0 a 60 puntos. Cada unha das partes valorarase de 0 a 30 puntos. Para superar cada unha das partes será necesario obter unha cualificación mínima de 12 puntos e para superar o exercicio será necesario que a suma das notas de ambas as dúas partes sexa, como mínimo, de 30 puntos.

Artigo 7º.- Criterios básicos e xerais aplicables ás convocatorias e procesos selectivos de estabilización.

A fase oposición, cunha puntuación máxima de 60 puntos (60% da puntuación total), consistirá na superación das probas teóricas e/ou prácticas que se establezan nas respectivas bases reguladoras de cada convocatoria, e que deberán acreditar a capacidade das persoas aspirantes; o seu contido gardará relación cos procedementos, tarefas e funcións habituais das prazas obxecto de convocatoria.

A fase de concurso realizarase con carácter previo á fase de oposición e consistirá na valoración dos méritos alegados e acreditados polas persoas aspirantes admitidas no proceso selectivo. A puntuación desta fase non terá carácter eliminatorio e sumarse á obtida na fase oposición (sempre que se teña superado).

A cualificación final do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso e de oposición, e non poderán resultar aprobados un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Cos aspirantes aprobados que non obteñan praza conformaranse listas de agarda que substituirán as que puideran existir con anterioridade que quedarán anuladas.

A puntuación máxima da fase de concurso non superará o 40% da puntuación total (40 puntos) do concurso oposición.

Da puntuación da fase de concurso, o 20% (ata un máximo de 8 puntos) corresponderá a formación e será valorada con arranxo aos criterios seguintes:

- formación específica relacionada co posto cunha duración mínima de 10 horas lectivas, impartida, recoñecida e/ou homologada por Administracións Públicas ou entidades ou organismos dependentes destas.
- titulación distinta e / ou superior á esixida para concorrer á praza convocada.
- ter superado a fase de oposición dalgún proceso selectivo nalgunha administración pública para a mesma praza, posto e categoría idéntico e/ou equivalente que se convoca

O 80% restante da fase de concurso (ata un máximo de 32 puntos) corresponderá á experiencia acreditada e puntuarase con arranxo aos seguintes criterios:

a) Por cada mes completo de servizos prestados no Concello de Ames en prazas, postos e categorías idénticos e/ou equivalentes ás da convocatoria: 0,3 puntos por mes (non se terán en conta fraccións inferiores a un mes) ata un máximo de 32 puntos.

b) Por cada mes completo de servizos prestados noutras administracións públicas en prazas, postos e categorías idénticos e/ou equivalentes ás da convocatoria ; 0,05 puntos por mes (non se terán en conta fraccións inferiores a un mes) ata un máximo de 32 puntos.

Nos supostos en que á vista da documentación achegada polos aspirantes puideran existir dúbidas sobre a equivalencia coa vacante convocada das prazas, postos ou categorías respecto das que se alegue a experiencia, o Tribunal poderá requirir a documentación que estime necesaria.

En todo caso, dito criterio de equivalencia requirirá que a praza, posto ou categoría respecto dos que se alegue a experiencia profesional estean clasificados, na data da apertura do prazo de presentación das solicitudes de participación no proceso selectivo, no mesmo grupo/subgrupo profesional da vacante obxecto de convocatoria.

No caso de prazas/postos/categorías que teñan sido obxecto de previa reclasificación profesional, mediante procedementos legalmente establecidos, tomarase en consideración o grupo/subgrupo profesional formalmente recoñecido na data de apertura do prazo de presentación das solicitudes de participación no proceso selectivo; e, polo tanto, todos os servizos prestados e acreditados valoraranse como desempeñados no último grupo/subgrupo de clasificación profesional.

Nos supostos de servizos alegados coa condición de persoal indefinido non fixo, tomarase en consideración o posto de adscrición tralo recoñecemento da dita indefinición; e a antigüidade igualmente recoñecida xunto coa condición de indefinido/a.

En ningún caso se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados, debendo reducirse, os prestados a tempo parcial.

Artigo 8º.- Previsións sobre persoal laboral indefinido non fixo.

En cumprimento do previsto no AEET, ás prazas correspondentes a persoal declarado indefinido non fixo por sentenza xudicial firme, e incluídas nas OEP municipais, resultaranlles aplicables, no referente á súa convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos seralles de aplicación o presente PEET agás previsión normativa que o imposibilite.

Artigo 9º.- Seguimento, interpretación e aplicación do Plan

O seguimento, interpretación e aplicación do PEET corresponderá á Comisión Paritaria do AEET (artigo 4º); con arranxo aos criterios de funcionamento e competenciais previstos no dito Acordo, xunto cos especificamente contemplados ao longo deste Plan.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Marco normativo

En todo o non previsto no presente Plan estarase ao Acordo de Estabilización e á normativa que resulte aplicable.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Discapacidade.

Reservarase un porcentaxe non inferior ao 7% do total de prazas que figuran nas ofertas de emprego público municipal para ser cubertas entre persoas con discapacidade. Cando da aplicación dos porcentaxes resulten fraccións decimais, redondearase por exceso para o seu cómputo.

A reserva do mínimo do 7% realizarase de xeito que, ao menos o 2% das prazas ofertadas o sexa para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual, e o resto das prazas ofertadas o sexa para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

A reserva farase sobre o número total de prazas incluídas nas respectivas ofertas de emprego público, e será a comisión paritaria do AEET a encargada de propoñer, atendendo ao tipo de corpos, escala ou categoría que se adapte mellor as peculiaridades das persoas con discapacidade, en que convocatorias se concentrarán as prazas para ser cubertas entre persoas con discapacidade.

Será tamén a comisión paritaria do AEET a encargada de propoñer que ditas prazas se convoquen conxuntamente coas prazas ordinarias ou mediante convocatorias independentes, garantíndose, en todo caso, o carácter individual dos procesos selectivos. As probas dos procesos obxecto de convocatoria independente terán o mesmo contido que as que se realicen nas convocatorias ordinarias e as persoas que participen nelas deberán acreditar o grado de discapacidade indicado.

DISPOSICIÓN FINAL. Vixencia

O presente Plan surtirá efectos dende a súa aprobación por parte do órgano municipal competente, mantendo a súa vixencia nos termos e co alcance inicialmente acordados e, polo tanto, ata a efectiva execución dos procesos previstos no mesmo coa única limitación daqueles extremos que debeñan inaplicables, por contravir normas de rango superior, ou que poidan ser obxecto de posteriores modificacións, previo trámite de negociación colectiva.

(.....)

Rematadas as intervencións o Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Prestar aprobación ao Plan de Estabilización do emprego temporal no Concello de Ames en execución do establecido na lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do estado para o ano 2018, aprobado na Mesa Xeral de Negociación do 11 de abril de 2019 e informado favorablemente por Secretaría e Intervención Municipal e cuxo texto figura como anexo.

Segundo.- Facultar ao señor alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Anexo

PLAN DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL NO CONCELLO DE AMES EN EXECUCIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 6/2018, DE 3 DE XULLO, DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2018.

Artigo 1º.- Obxecto e ámbito de aplicación.

1.- O presente Plan de Estabilización do Emprego Temporal no Concello de Ames (en diante PEET) elabórase ao abeiro do previsto no Acordo para a Estabilización do Emprego Temporal no Concello de Ames (en diante AEET) aprobado en sesión plenaria do 31 de xaneiro de 2019, coa finalidade do fomento da estabilidade no emprego público municipal e a consecución dos obxectivos legais de redución da temporalidade.

2.- O presente PEET resultará aplicable ao conxunto do emprego público municipal, con independencia de que as prazas que se convoquen, en execución do mesmo, sexan de persoal laboral ou funcionario.

3.- Os criterios xerais recollidos neste plan poderán estenderse a todas as ofertas de emprego ás que lles sexa de aplicación o AEET, se así o permite a lexislación vixente

Artigo 2º.- Principios xerais

1.- O PEET regula o conxunto de actuacións que, con arranxo ás previsións legais aplicables, e ao abeiro do previsto no AEET, serán desenvolvidas para a redución da temporalidade no emprego público local do Concello de Ames.

2.- Da execución do PEET non poderá derivarse, en ningún caso, un incremento do gasto de persoal nin de efectivos.

3.- O desenvolvemento dos procesos selectivos de estabilización materializarase a través da respectivas convocatorias e bases específicas reguladoras, que deberán adecuarse aos criterios fixados neste Plan, así como no AEET e cumprir, en todo caso, cos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade; e antes da súa aprobación pola Alcaldía serán obxecto de tratamento e negociación no seo da Comisión Paritaria de seguimento, interpretación e aplicación do AEET (en diante Comisión Paritaria).

4.- As prazas que en desenvolvemento deste PEET, e previa inclusión nas OEP municipais 2018-2019-2020, sexan obxecto da convocatoria correspondente, estarán afectadas pola previsións e porcentaxes legais aplicables, en cada momento, sobre reserva de vacantes para seren cubertas por persoas con discapacidade.

Artigo 3º.- Desenvolvemento efectivo dos procesos de estabilización.

O desenvolvemento dos procesos de estabilización terá lugar con arranxo aos seguintes criterios:

1º.- As convocatorias a realizar en cada anualidade deberán quedar fixadas, como máximo, no mes de decembro do ano anterior, agás para as convocatorias do ano 2019 que deberán quedar fixadas antes de finais do mes de setembro de 2019.

2º.- En prol dos principios de eficiencia e celeridade poderán acumularse nunha mesma convocatoria procesos selectivos correspondentes a prazas distintas.

3º.- Con carácter xeral serán obxecto de convocatoria conxunta as prazas idénticas agás que por razóns debidamente xustificadas puidera estimarse oportuno a súa inclusión en diferentes convocatorias (elevado número de prazas a incluír que podan afectar ao normal funcionamento do concello) previo acordo na comisión paritaria.

4º.- Deberase dar preferencia a inclusión das prazas que contén con maior número de vacantes a estabilizar.

5º.- Serán convocadas en último lugar as ocupadas por persoal próximo á xubilación.

6º.- No caso de prazas que se correspondan con períodos de inactividade, tentarase facer coincidir o desenvolvemento efectivo das respectivas convocatorias cos ditos períodos.

7º.- Entenderase por convocatoria realizada, aos efectos legais e prácticos pertinentes, a formalmente aprobada e publicada no diario oficial correspondente; sendo o anuncio de convocatoria publicado no BOE o que determinará o cómputo dos prazos/criterios temporais que se veñen de indicar nos apartados anteriores.

Artigo 4º.- Exercicios e programas das probas selectivas.

A fase de oposición versará sobre as materias comúns e específicas contidas nos programas correspondente ás diferentes convocatorias.

Os programas conterán cunha parte común a todas as prazas correspondentes a un mesmo grupo de titulación (materias comúns) e unha parte específica (materias específicas) relacionada co contido das funcións e tarefas atribuídas á praza convocada e que serán aprobadas nas correspondentes bases específicas.

As materias comúns constituirán unha quinta parte do total das materias dos programas.

As materias específicas constituirán catro quintas partes do total das materias dos programas e serán fixadas nas bases específicas de cada convocatoria, previa negociación no seo da Comisión Paritaria.

O número mínimo de temas e a distribución entre materias comúns e específicas, atendendo ao grupo de titulación, é o seguinte:

GRUPO/SUBGRUPO	TEMAS COMÚNS	TEMAS ESPECÍFICOS	TOTAL TEMAS
SUBGRUPO A1	18	72	90
SUBGRUPO A2	12	48	60
SUBGRUPO B	10	40	50
SUBGRUPO C1	8	32	40
SUBGRUPO C2	4	16	20
SUBGRUPO C3 ou agrupacións profesionais	2	8	10

Temario materias comúns do grupo A subgrupo A1

1. A Constitución Española de 1978: Título preliminar. Os dereitos fundamentais, a súa garantía e suspensión. A Coroa
2. A Constitución Española de 1978: A organización territorial do Estado
3. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Título preliminar. As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia no Estatuto de autonomía: exclusivas, concorrentes e de execución da lexislación do Estado.
4. O goberno da comunidade autónoma de Galicia. A Xunta. natureza e composición, atribucións e funcionamento
5. A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público: ámbito de aplicación e principios xerais. Os órganos administrativos: Competencia, abstención e recusación.
6. Dos actos administrativos: requisitos, eficacia, nulidade e anulabilidade

7. A revisión dos actos administrativos. Revisión de oficio. Os recursos administrativos: principios xerais. O recurso de alzada. O recurso potestativo de reposición. O recurso extraordinario de revisión.
8. Das disposicións sobre o procedemento administrativo común: Garantías do procedemento, iniciación, ordenación, instrución e finalización. Tramitación simplificada do procedemento administrativo común. Execución.
9. Disposicións comúns ás entidades locais: Réxime de funcionamento. Información e participación cidadá
10. Disposicións comúns ás entidades locais: O estatuto dos membros das corporacións locais
11. O municipio: concepto e elementos. Territorio e poboación. Organización. Competencias. Réximes especiais
12. A provincia. Organización provincial. Competencias. Réximes especiais
13. Os bens das Entidades Locais. Concepto e clasificación. O patrimonio das Entidades Locais.
14. O persoal ao servizo das Entidades Locais: dereitos e deberes. Réxime disciplinario. Situacións administrativas. Incompatibilidades.
15. O persoal ao servizo das Entidades Locais: Adquisición e perda da condición de funcionario. Selección e provisión de postos de traballo.
16. Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais: Orzamento e gasto público
17. Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais: Normas xerais aplicables aos tributos das facendas locais. Imposición e ordenación de tributos locais
18. Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais: as taxas como recursos das facendas locais.

Temario materias comúns do grupo A subgrupo A2.

1. A Constitución Española de 1978: Título preliminar. Os dereitos fundamentais, a súa garantía e suspensión. A Coroa
2. A Constitución Española de 1978: A organización territorial do Estado
3. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Título preliminar. As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia no Estatuto de autonomía: exclusivas, concorrentes e de execución da lexislación do Estado.
4. O goberno da comunidade autónoma de Galicia. A Xunta. natureza e composición, atribucións e funcionamento
5. A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público: ámbito de aplicación e principios xerais. Os órganos administrativos: Competencia, abstención e recusación.
6. Dos actos administrativos: Requisitos, eficacia, nulidade e anulabilidade
7. A revisión dos actos administrativos. Revisión de oficio. Os recursos administrativos: principios xerais. O recurso de alzada. O recurso potestativo de reposición. O recurso extraordinario de revisión.
8. Das disposicións sobre o procedemento administrativo común: Garantías do procedemento, iniciación, ordenación, instrución e finalización. Tramitación simplificada do procedemento administrativo común. Execución.
9. O municipio: concepto e elementos. Territorio e poboación. Organización. Competencias. Réximes especiais
10. Disposicións comúns ás entidades locais: O estatuto dos membros das corporacións locais
11. O persoal ao servizo das Entidades Locais: dereitos e deberes. Réxime disciplinario. Situacións administrativas. Incompatibilidades.
12. Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais: Orzamento e gasto público

Temario materias comúns do grupo B.

1. A Constitución Española de 1978: Título preliminar. Os dereitos fundamentais, a súa garantía e suspensión. A Coroa
2. A Constitución Española de 1978: A organización territorial do Estado
3. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Título preliminar. As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia no Estatuto de autonomía: exclusivas, concorrentes e de execución da lexislación do Estado.
4. Dos actos administrativos: Requisitos, eficacia, nulidade e anulabilidade
5. A revisión dos actos administrativos. Revisión de oficio. Os recursos administrativos: principios xerais. O recurso de alzada. O recurso potestativo de reposición. O recurso extraordinario de revisión.
6. Das disposicións sobre o procedemento administrativo común: Garantías do procedemento, iniciación, ordenación, instrución e finalización. Tramitación simplificada do procedemento administrativo común. Execución.
7. O municipio: concepto e elementos. Territorio e poboación. Organización. Competencias. Réximes especiais
8. Disposicións comúns ás entidades locais: O estatuto dos membros das corporacións locais
9. O persoal ao servizo das Entidades Locais: dereitos e deberes. Réxime disciplinario. Situacións administrativas. Incompatibilidades.
10. Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais: Orzamento e gasto público

Temario materias comúns do grupo C subgrupo C1

1. A Constitución Española de 1978: Título preliminar. Os dereitos fundamentais, a súa garantía e suspensión. A Coroa
2. A Constitución Española de 1978: A organización territorial do Estado
3. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Título preliminar. As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia no Estatuto de autonomía: exclusivas, concorrentes e de execución da lexislación do Estado.
4. Dos actos administrativos: Requisitos, eficacia, nulidade e anulabilidade
5. Das disposicións sobre o procedemento administrativo común: Garantías do procedemento, iniciación, ordenación, instrución e finalización. Tramitación simplificada do procedemento administrativo común. Execución.
6. O municipio: concepto e elementos. Territorio e poboación. Organización. Competencias. Réximes especiais
7. O persoal ao servizo das Entidades Locais: dereitos e deberes. Réxime disciplinario. Situacións administrativas. Incompatibilidades.
8. Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais: Orzamento e gasto público

Temario materias comúns do grupo C subgrupo C2

1. A Constitución Española de 1978: Título preliminar. Os dereitos fundamentais, a súa garantía e suspensión. A Coroa

2. A Constitución Española de 1978: A organización territorial do Estado. O Estatuto de Autonomía de Galicia: Título preliminar.
3. O municipio: concepto e elementos. Territorio e poboación. Organización. Competencias. Réximes especiais. As Taxas como recurso das facendas locais: Feito imponible, suxeito pasivo, a súa contía e devengo.
4. Dos actos administrativos: Requisitos, eficacia, nulidade e anulabilidade

Temario materias comúns do grupo C subgrupo C3 (Agrupacións profesionais)

1. A Constitución Española de 1978: A organización territorial do Estado: Principios xerais. A administración local. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Título preliminar.
2. O municipio: territorio e poboación e organización. Recursos facendas locais: enumeración. Disposicións xerais do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e os interesados no procedemento.

Artigo 5º.- Desenvolvemento das probas selectivas.

O anuncio da convocatoria publicarase no BOE e no DOGA. Pola súa parte, as bases e as listas provisionais e definitivas de admitidos/as e excluídos/as publicarase no BOP, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e páxina web municipal.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio ou proba a través da páxina web municipal indicando data lugar e hora do exercicio e proba. Serán excluídas da oposición as persoas que non comparezan.

As persoas aspirantes deberán acudir ao chamamento provistas do seu DNI, pasaporte ou documentos que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea, así como dos medios materias esixidos para a práctica dos exercicios. Queda prohibido a utilización do móbil ou calquera medio electrónico por parte dos/as aspirantes durante a realización do exercicio coa salvedade dos medios electrónicos que facilite o concello para realización de probas prácticas.

Garantírase o anonimato dos aspirantes. En calquera momento o tribunal poderá requirirles ás persoas aspirantes que acrediten a súa identidade.

Publicada a OEP e, con anterioridade ao inicio dos exercicios previstos nas diferentes bases das convocatorias, o Concello determinará, mediante un único sorteo celebrado logo de anuncio previo no BOP, a orde de actuación dos/as aspirantes en todas as probas selectivas que non poidan realizarse conxuntamente. O resultado do sorteo tamén se publicará no BOP.

Dende a total conclusión dun exercicio ata o comezo do seguinte non poderán transcorrer menos de 48 horas nin mais de 40 días.

Os exercicios ou probas terán lugar a porta pechada sen outra asistencia que a dos membros do tribunal, os/as colaboradores/as designados polo tribunal e os/as aspirantes.

Na fase de oposición de todos os procesos selectivos haberá dous exercicios obrigatorios e eliminatorios

Primeiro exercicio: De carácter obrigatorio para todas as persoas aspirantes, menos para as que acrediten o nivel de coñecemento de galego requirido na convocatoria específica (CELGA ou equivalente), ou que estean en condición de acreditado documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias, que estarán exentas de realizar este exercicio

Este exercicio consistirá en realizar unha proba que acredite o coñecemento de lingua galega esixido na convocatoria. A proba de lingua galega determinará o Tribunal, será acorde coas características funcionais do posto e deberá demostrarse nela unha competencia similar á esixida para obter o certificado de lingua galega (CELGA) correspondente.

Esta proba cualificará ás persoas aspirantes como aptas ou non aptas. As persoas que non obteñan a cualificación de aptas quedarán eliminadas do proceso selectivo.

Segundo exercicio: Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes, e constará de dúas partes que poderán realizarse en sesións distintas.

Primeira parte: De carácter obrigatorio para todas as persoas aspirantes. Consistirá na resolución por escrito, nun prazo máximo de ata dúas horas e media, dun cuestionario de, como máximo, 100 preguntas con 3 respostas alternativas, das que só unha será a correcta, e 5 preguntas de reserva, en relación ao contido total do temario (materias comúns e específicas) que figuren no temario de cada unha das convocatorias.

Segunda parte: De carácter obrigatorio para todas as persoas aspirantes que tiñan obtida a puntuación mínima esixida na primeira parte (12 puntos). Consistirá en desenvolver, durante un tempo máximo de ata dúas horas, un suposto práctico relativo aos contidos das materias comprendidas na parte específica do temario de cada unha das convocatorias.

Artigo 6º Cualificación dos exercicios.

Os sistemas de cualificación das distintas probas selectivas especificarase nas bases específicas de cada unha das convocatorias e respectando, en todo caso, os criterios seguintes:

- Nos cuestionarios con respostas alternativas, as respostas incorrectas non puntuarán negativamente.
- As puntuacións obtidas polas persoas aspirantes serán as medias aritméticas das cualificacións outorgadas por cada membro do tribunal.
- Corresponderá ao tribunal fixar o nivel/gra de coñecementos ou acertos necesarios para acadar a cualificación mínima requirida para a superación dos exercicios ou das diferentes probas. En todo caso, o nivel/gra de coñecemento fixado polo tribunal deberá garantir a idoneidade das persoas aspirantes seleccionadas.

Os exercicios da fase de oposición serán eliminatorios, e cualificarase do seguinte xeito:

Primeiro exercicio: cualificarase como APTO/A ou NON APTO. As persoas aspirantes cualificadas como NON APTAS quedarán eliminadas do proceso selectivo.

Segundo exercicio: cualificarase cunha puntuación de 0 a 60 puntos. Cada unha das partes valorarase de 0 a 30 puntos. Para superar cada unha das partes será necesario obter unha cualificación mínima de 12 puntos e para superar o exercicio será necesario que a suma das notas de ambas as dúas partes sexa, como mínimo, de 30 puntos.

Artigo 7º.- Criterios básicos e xerais aplicables ás convocatorias e procesos selectivos de estabilización.

A fase oposición, cunha puntuación máxima de 60 puntos (60% da puntuación total), consistirá na superación das probas teóricas e/ou prácticas que se establezan nas respectivas bases reguladoras de cada convocatoria, e que deberán acreditar a capacidade das persoas aspirantes; o seu contido gardará relación cos procedementos, tarefas e funcións habituais das prazas obxecto de convocatoria.

A fase de concurso realizarase con carácter previo á fase de oposición e consistirá na valoración dos méritos alegados e acreditados polas persoas aspirantes admitidas no proceso selectivo. A puntuación desta fase non terá carácter eliminatorio e sumaráse á obtida na fase oposición (sempre que se teña superado).

A **cualificación final** do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso e de oposición, e non poderán resultar aprobados un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Cos aspirantes aprobados que non obteñan praza conformarase listas de agarda que substituirán as que puideran existir con anterioridade que quedarán anuladas.

A puntuación máxima da fase de concurso non superará o 40% da puntuación total (40 puntos) do concurso oposición.

Da puntuación da fase de concurso, o 20% (ata un máximo de 8 puntos) corresponderá a formación e será valorada con arranxo aos criterios seguintes:

- formación específica relacionada co posto cunha duración mínima de 10 horas lectivas, impartida, recoñecida e/ou homologada por Administracións Públicas ou entidades ou organismos dependentes destas.

- titulación distinta e / ou superior á esixida para concorrer á praza convocada.

- ter superado a fase de oposición dalgún proceso selectivo nalgunha administración pública para a mesma praza, posto e categoría idéntico e/ou equivalente que se convoca

O 80% restante da fase de concurso (ata un máximo de 32 puntos) corresponderá á experiencia acreditada e puntuarase con arranxo aos seguintes criterios:

a) Por cada mes completo de servizos prestados no Concello de Ames en prazas, postos e categorías idénticos e/ou equivalentes ás da convocatoria: 0,3 puntos por mes (non se terán en conta fraccións inferiores a un mes) ata un máximo de 32 puntos.

b) Por cada mes completo de servizos prestados noutras administracións públicas en prazas, postos e categorías idénticos e/ou equivalentes ás da convocatoria ; 0,05 puntos por mes (non se terán en conta fraccións inferiores a un mes) ata un máximo de 32 puntos.

Nos supostos en que á vista da documentación achegada polos aspirantes puideran existir dúbidas sobre a equivalencia coa vacante convocada das prazas, postos ou categorías respecto das que se alegue a experiencia, o Tribunal poderá requirir a documentación que estime necesaria.

En todo caso, dito criterio de equivalencia requirirá que a praza, posto ou categoría respecto dos que se alegue a experiencia profesional estean clasificados, na data da apertura do prazo de presentación das solicitudes de participación no proceso selectivo, no mesmo grupo/subgrupo profesional da vacante obxecto de convocatoria.

No caso de prazas/postos/categorías que teñan sido obxecto de previa reclasificación profesional, mediante procedementos legalmente establecidos, tomarase en consideración o grupo/subgrupo profesional formalmente recoñecido na data de apertura do prazo de presentación das solicitudes de participación no proceso selectivo; e, polo tanto, todos os servizos prestados e acreditados valoraranse como desempeñados no último grupo/subgrupo de clasificación profesional.

Nos supostos de servizos alegados coa condición de persoal indefinido non fixo, tomarase en consideración o posto de adscrición tralo recoñecemento da dita indefinición; e a antigüidade igualmente recoñecida xunto coa condición de indefinido/a.

En ningún caso se computarán os servizos que se prestan simultaneamente con outros igualmente alegados, debendo reducirse, os prestados a tempo parcial.

Artigo 8º.- Previsións sobre persoal laboral indefinido non fixo.

En cumprimento do previsto no AEET, ás prazas correspondentes a persoal declarado indefinido non fixo por sentenza xudicial firme, e incluídas nas OEP municipais, resultaranlles aplicables, no referente á súa convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos seralles de aplicación o presente PEET agás previsión normativa que o imposibilite.

Artigo 9º.- Seguimento, interpretación e aplicación do Plan

O seguimento, interpretación e aplicación do PEET corresponderá á Comisión Paritaria do AEET (artigo 4º); con arranxo aos criterios de funcionamento e competenciais previstos no dito Acordo, xunto cos especificamente contemplados ao longo deste Plan.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Marco normativo

En todo o non previsto no presente Plan estarase ao Acordo de Estabilización e á normativa que resulte aplicable.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Discapacidade.

Reservarase un porcentaxe non inferior ao 7% do total de prazas que figuran nas ofertas de emprego público municipal para ser cubertas entre persoas con discapacidade. Cando da aplicación dos porcentaxes resulten fraccións decimais, redondearase por exceso para o seu cómputo.

A reserva do mínimo do 7% realizarase de xeito que, ao menos o 2% das prazas ofertadas o sexa para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual, e o resto das prazas ofertadas o sexa para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

A reserva farase sobre o número total de prazas incluídas nas respectivas ofertas de emprego público, e será a comisión paritaria do AEET a encargada de propoñer, atendendo ao tipo de corpos, escala ou categoría que se adapte mellor as peculiaridades das persoas con discapacidade, en que convocatorias se concentrarán as prazas para ser cubertas entre persoas con discapacidade.

Será tamén a comisión paritaria do AEET a encargada de propoñer que ditas prazas se convoquen conxuntamente coas prazas ordinarias ou mediante convocatorias independentes, garantíndose, en todo caso, o carácter individual dos procesos selectivos. As probas dos procesos obxecto de convocatoria independente terán o mesmo contido que as que se realicen nas convocatorias ordinarias e as persoas que participen nelas deberán acreditar o grado de discapacidade indicado.

DISPOSICIÓN FINAL. Vixencia

O presente Plan surtirá efectos dende a súa aprobación por parte do órgano municipal competente, mantendo a súa vixencia nos termos e co alcance inicialmente acordados e, polo tanto, ata a efectiva execución dos procesos previstos no mesmo coa única limitación daqueles extremos que debeñan inaplicables, por contravir normas de rango superior, ou que poidan ser obxecto de posteriores modificacións, previo trámite de negociación colectiva.

Punto Sétimo.- Primeira prórroga do contrato de xestión do servizo público Ciclo Integral da Auga do Concello de Ames.

Expediente 2019/C004/000006

Figura no expediente informe conxunto de Secretaría e Intervención Municipal do teor literal seguinte:

Informe conxunto de Intervención e Secretaría Xeral

Asunto: Primeira prórroga do contrato de xestión do servizo público Ciclo Integral da Auga do Concello de Ames.

Expediente 2019/C004/000006

Antecedentes

En sesión plenaria de 28 de abril de 2016 foi aprobado o expediente de licitación da xestión do servizo público Ciclo Integral da Auga do Concello de Ames, mediante procedemento aberto, oferta económica mais vantaxosa con varios criterios de adxudicación.

Tras a correspondente licitación o contrato foi adxudicado en sesión plenaria de 29 de decembro de 2016 á licitadora Espina & Delfín SL. O contrato foi formalizado o 27 de xaneiro de 2017 dando inicio á prestación con data do 16 de xuño de 2017.

A cláusula segunda do contrato asinado regula a prórroga e establece que o prazo de duración do contrato é de 2 anos contados dende a data de inicio da prestación, prorrogables por prazos de 1 ano ata un máximo de 2 anos.

Con data do 2 de abril de 2019 a contratista Espina & Delfín SL solicita a primeira prórroga por prazo de 1 ano.

Figura no expediente informe favorable á prórroga do técnico do ciclo integral da auga (CIA) Esteban de la Fuente.

Lexislación aplicable

Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro (TRLCSP).

Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Fundamentos de Dereito.

Primeiro.- Duración do contrato e prórroga do mesmo.

Conforme á cláusula segunda do contrato asinado o prazo de duración do contrato é de 2 anos a contar dende o inicio da prestación, podendo ser prorrogado por períodos de 1 ano ata un máximo de 2.

Dado que o inicio da prestación ten lugar o 16 de xuño de 2017 (tal e como deriva de addenda ao contrato asinado o 27 de xaneiro de 2017), a vixencia inicial do contrato expirará o 15 de xuño de 2019.

A prórroga plantexada estenderá a vixencia do contrato ata o 15 de xuño de 2020.

Segundo.- Réxime xurídico aplicable.

Se ben no momento presente a normativa aplicable en materia de contratos é a Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no expediente de prórroga do contrato que nos ocupa debe aplicarse a normativa anterior, a vixente no momento da adxudicación que é o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSF aprobado polo RD Lexislativo 372011 do 14 de novembro).

Neste sentido, a disposición transitoria primeira punto 2 da LCSF establece que os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.

Artigo 23 TRLCSF . Prazo de duración dos contratos.

1. Sen perxuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos, a duración dos contratos do sector público deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións, as características da súa financiación e a necesidade de someter periodicamente a concorrència a realización das mesmas.

2. O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración de estas e que a concorrència para a súa adxudicación tiña sido realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos os períodos de prórroga.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poda producirse polo consentimento tácito das partes.

Artigo 303 TRLCSF. Duración do contrato de servizos.

1. Os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas presupostarias das Administracións Públicas, se ben poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente, o prazo fixado orixinariamente. A celebración de contratos de servizos de duración superior á sinalada poderá ser autorizada excepcionalmente polo Consello de Ministros ou polo órgano autonómico competente de forma singular, para contratos determinados, ou de forma xenérica, para certas categorías.

A prórroga do contrato, prevista na cláusula segunda do mesmo, é conforme coa normativa vixente no momento da adxudicación do contrato.

Terceiro.- Condicións para autorizar a primeira prórroga.

A posibilidade de prórroga se regula na cláusula segunda do contrato : O prazo da concesión da xestión é de dous (2) anos contados dende o inicio da prestación dos servizos, prorrogables por períodos de un (1) ano con un máximo de dúas (2) prórrogas según o estipulado na cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Tamén está recollida na cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas: A duración da concesión fíxase en dous (2) anos dende o inicio da prestación dos servizos, prorrogables por períodos de un ano, con un máximo de dúas prórrogas.

Polo tanto, é conforme coa normativa de contratación acordar a primeira prórroga por un período de 1 ano estendendo a vixencia do contrato ata o 15 de xuño de 2020.

Cuarto.- Condicións para autorizar a primeira prórroga

Na fase de prórroga deben manterse as condicións iniciais do contrato, debendo aquí ter en conta que o contrato debe executarse con suxeición ao contrato, aos pregos de licitación e á oferta do adxudicatario.

Cláusula primeira do contrato: Obxecto: É obxecto principal deste contrato a concesión administrativa da xestión dos servizos de abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais e xestión de augas pluviais do Concello de Ames, de acordo co establecido nos pregos de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas, así como coa oferta formulada polo adxudicatario.

Cláusula cuarta do contrato. Prezo. De acordo cos pregos e a oferta formulada as principais contraprestacións económicas do contrato son as seguintes:

CONCEPTO	PREZO M3 AUGA FACTURADA ETAP	PREZO M3 FACTURADO SANEAM. E DEPURACION	PREZO M3 CIRCULACIÓN EN ALTA A TEO	PREZO M3 AUGA FACTURA ETAPA BRION	% BAIXA APLICADA A SERVICIOS USUARIO (CLAUS. 15 PREGO)	% DE BAIXA SOBRE PREZOS DESCOMPOSTOS ANEXO VI	IMPORTE OFERTADO OBRAS REPARACION
Espina y Delfin, SL	0,5580	0,5580	0,0000	0,2628	76,00%	56,00%	300.000,0000

Quinto.- Cumprimento do contrato á plena satisfacción da administración.

Figura no expediente informe do técnico do Ciclo Integral da Auga no que expón que ata a día de hoxe a prestación do servizo pode considerarse axeitada informando favorablemente a proposta de solicitude de prórroga.

Informa tamén que deben manterse durante a prórroga as mesmas condicións que na duración inicial do contrato, especialmente en canto á mantemento correctivo, polo que as contías non consumidas no período de duración inicial do contrato se acumulan ao período de prórroga.

Sexto.- Órgano competente e quórum.

O órgano competente para acordar a prórroga é o mesmo que o competente para a adxudicación, o Pleno da Corporación, sen quórum especial.

Por todo o exposto se formula o seguinte informe proposta:

Primeiro.- Que o Pleno da Corporación, sen quórum especial, autorice unha primeira prórroga polo prazo de 1 ano do contrato de xestión do servizo público do ciclo Integral da Auga do Concello de Ames, asinado con Espina & Delfin SL. Durante o primeiro ano de prórroga deberan realizarse as actuacións de mantemento correctivo propias do ano de prórroga e as non executadas durante o período de duración inicial.

Con esta primeira prórroga o contrato estendería a súa vixencia ata o 15 de xuño de 2020.

Segundo.- Autorizar ó alcalde presidente do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Ames, abril de 2019.

A secretaria

A interventora

(.....)

Rematadas as intervencións o pleno da Corporación por maioría absoluta do número legal de membros, coa abstención dos/as 4 concelleiros/as do grupo municipal Ames Novo e o voto a favor dos restantes membros presentes da Corporación Municipal (4 concelleiros/as do grupo municipal Socialista, 3 concelleiros/as do grupo municipal Contigo Pódese, 2 concelleiros/as do grupo municipal BNG, 4 concelleiros/as do grupo municipal popular e 2 concelleiros/as presentes do grupo municipal Pacto x Ames), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Autorizar unha primeira prórroga polo prazo de 1 ano do contrato de xestión do servizo público do ciclo Integral da Auga do Concello de Ames, asinado con Espina & Delfin SL.

Durante o primeiro ano de prórroga deberan realizarse as actuacións de mantemento correctivo propias do ano de prórroga e as non executadas durante o período de duración inicial.

Con esta primeira prórroga o contrato estendería a súa vixencia ata o 15 de xuño de 2020.

Segundo.- Autorizar ó alcalde presidente do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Punto Oitavo.- Aprobación da constitución da Asociación do Camiño da Ría de Muros Noia. Aprobación de estatutos e designación de representante municipal.

Expediente 2019/X999/000057

Figura no expediente informe conxunto de Secretaría e Intervención Municipal do teor literal seguinte:

INFORME CONXUNTO DE SECRETARIA E INTERVENCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN CONSTITUCIÓN ASOCIACIÓN DO CAMIÑO RÍA DE MUROS NOIA. APROBACIÓN ESTATUTOS E DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE MUNICIPAL

Expediente 2019/X999/000057

ANTECEDENTES

Primeiro.- O Concello de Ames mediante acordo plenario do 25 de outubro de 2018 prestou aprobación ao convenio de colaboración nos traballos de delimitación do Camiño a Santiago da ría Muros Noia.

Punto Oitavo.- Convenio de colaboración nos traballos de delimitación do camiño a Santiago da ría Muros- Noia.

(.....)

Rematadas as intervencións o pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Prestar aprobación ó convenio de colaboración nos traballos de delimitación do camiño a Santiago da ría Muros Noia. O texto do convenio figura como anexo.

Segundo.- Autorizar o gasto que supón para este concello, na contía de 1.679,82 euros con cargo á aplicación orzamentaria 942.46200.

Terceiro.- Facultar ó alcalde do Concello de Ames para a sinatura do convenio e para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Segundo.- Trátase agora de constituír unha asociación e a tal efecto polo servizo de turismo remítese borrador de estatutos para a constitución da asociación do Camiño Ría de Muros Noia que estaría integrada polos concellos de Ames, Brión, Lousame, Muros, Noia, Outes, Porto do Son, Rois e Santiago de Compostela. Nun futuro poderán integrarse os concellos polos que transcorra o percorrido do Camiño Ría de Muros e Noia. A finalidade, polo tanto, da asociación é a promoción da ruta xacobeá coñecida como Camiño Ría de Muros Noia.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación

Lei 5/2016 do 4, de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Fundamentación xurídica do dereito de Asociación.

O artigo 4.1 LRBRL atribúe aos municipios entre outras, a potestade de autoorganización na que tería acomodo a integración nunha Asociación de concellos para a promoción da ruta xacobeá coñecida como Camiño Rúa de Muros e Noia.

Ademais do artigo 4 LRBRL o fundamento legal para a constitución e integración na Asociación estaría na propia lei de Asociacións, lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo que no seu artigo 2 recoñece o dereito de tódalas persoas a asociarse libremente para a consecución de fins lícitos. O dereito de asociación comprende a liberdade de asociarse ou crear asociacións sen necesidade de autorización previa.

O dereito recoñecido na Lei orgánica reguladora do dereito de asociación ten a súa fundamentación no artigo 22 da CE onde é regulado como un dereito fundamental (artigo 53 CE)

Artigo 22 CE:

- 1.Recoñecese o dereito de asociación.
2. As asociacións que persigan fines ou utilicen medios tipificados como delito son ilegais.
3. As asociacións constituídas ao amparo deste artigo deberán inscribirse nun rexistro aos solos efectos de publicidade.
- 4.As asociacións solo poderán ser disoltas ou suspendidas na súas actividades en virtude de resolución xudicial motivada

Artigo 2.º LXA:

- 1.Todas as persoas teñen o dereito a asociarse libremente para a consecución de fins lícitos.
2. O dereito de asociación comprende a liberdade de asociarse ou crear asociacións, sen necesidade de autorización previa.
4. A constitución de asociacións e o establecemento da súa organización e funcionamento levarase a cabo dentro do marco da Constitución, da presente lei orgánica e do resto do ordenamento xurídico.

Segundo.- Procedemento para a constitución de unha asociación

O procedemento para a constitución de unha asociación ven recollido na Lei Orgánica 1/2002 (artigo 5 e seguintes) a cal resulta de aplicación ás asociacións que non teñan finalidade lucrativa e que non estean sometidas a un réxime asociativo específico, rexéndose pola súa lexislación específica os partidos políticos; os sindicatos; as organizacións empresariais; as igrexas; as confesións e comunidades relixiosas; as federacións deportivas; as asociacións de consumidores e usuarios; así como calquera outras reguladas por leis especiais.

A Asociación obxecto deste informe non ten ánimo de lucro, tal e como deriva do artigo 1 do borrador de estatutos e non está en ningún dos supostos excluídos polo artigo 1 da Lei 1/2002 polo que o procedemento para a súa constitución é o previsto no artigo 5 e seguintes da referida lei.

Artigo 5 Lei 1/2002. Acordo de constitución.

1. As asociacións constitúense mediante acordo de tres ou mais persoas físicas ou xurídicas legalmente constituídas, que se comprometen a poñer en común coñecementos, medios e actividades para conseguir unhas finalidades lícitas, comúns, de interese xeral ou particular, e dótanse dos estatutos que rexen o funcionamento da asociación.

O acordo de constitución que incluíra a aprobación do estatutos haberá de formalizarse mediante acta fundacional, en documento público ou privado. Co outorgamento da acta adquirirá a asociación a súa personalidade xurídica e a plena capacidade de obrar, sen perxuízo da necesidade da súa inscrición aos efectos do artigo 10.

Artigo 6.2 Lei 1/2002. Acta fundacional

A acta fundacional haberá de acompañar, para o caso das persoas xurídicas, unha certificación do acordo validamente adoptado polo órgano competente, no que apareza a vontade de constituír a asociación e formar parte dela e a designación da persoa física que a representará.

O Concello de Ames deberá amosar a súa vontade de constituír a Asociación Camiño da Rúa de Muros Noia e prestar conformidade ao borrador de estatutos así como realizar a designación de representante municipal na referida asociación. Posteriormente a constitución forma seguirá os trámites do artigo 5 e seguintes da Lei orgánica 1/2002 e que son os seguintes:

- Mediante acta fundacional de tódolos integrantes da asociación terá lugar a constitución da mesma. A formalización da acta poderá ter lugar mediante documento público ou privado. Nese mesmo acto terá lugar a aprobación do estatutos. Posteriormente será inscrita no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia aos solos efectos de publicidade.

Decreto 267/1997 do 25 de setembro polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 1. Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia. Créase o Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, que terá a súa sede na Dirección Xeral de Interior da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e no que se inscribirán as asociacións que, sen ser competencia do Rexistro Nacional, non estean comprendidas nas previstas no artigo seguinte.

Artigo 2. Rexistros Provinciais de Asociacións. Os rexistros de asociacións existentes en cada unha das provincias da Comunidade Autónoma de Galicia radicarán nas delegacións provinciais da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais. Inscribíranse nos rexistros provinciais tódalas asociacións que desenvolvan as súas actividades e teñan establecido o seu domicilio dentro do territorio provincial respectivo.

Terceiro.- Finalidade da Asociación Camiño da rúa de Muros Noia.

A finalidade pretendida pola Asociación ten encaixe nas competencias propias do municipio

Artigo 25.2 LRBRL: O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos términos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

- a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten asumido a través do seu Estatuto de Autonomía a competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico de interese de Galicia sen perxuízo do previsto no artigo 149.1.28 CE; arquivos, bibliotecas, e museos de interese para a comunidade autónoma e que non sexan de titularidade estatal; conservatorios de música e servizos e belas artes de interese para a comunidade autónoma (artigo 27.18 Estatuto de Autonomía).

No uso desta competencia a Comunidade Autónoma de Galicia aproba a Lei 5/2016 do 4 de maio de patrimonio cultural de Galicia que ten por obxecto da protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia de forma que serva á cidadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sostible, e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valoración e transmisión ás xeneracións futuras.

Lei de patrimonio cultural de Galicia. Artigo 1.2.

O patrimonio cultural de Galicia está constituído polos bens móbiles, inmóbiles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropológico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo.

O interese da iniciativa ven recollido informe da técnica de turismo e da concelleira da área, de data abril de 2019

Cuarto.- Órgano municipal competente.

A vontade de constituír a Asociación Camiño Rúa de Muros Noia deberá ser amosada polo órgano municipal competente que é o pleno do concello de Ames, por aplicación do artigo 22 LRBRL. O acordo será adoptado co quórum de maioría absoluta do número legal de membros tal e como resulta do artigo 47 LRBRL.

Artigo 22.2 LRBRL. Corresponden, en todo caso, ao Pleno municipal as seguintes atribucións: b) Os acordos relativos á participación en organizacións supramunicipais.

Artigo 47.2.LRBRL: Requírese o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros das corporacións para a adopción de acordos nas seguintes materias:

g) Creación, modificación ou disolución de mancomunidades ou outras organizacións asociativas, así como a adhesión ás mesmas e a aprobación e modificación dos seus estatutos.

Quinto.- Contido dos estatutos da Asociación de Concellos do Camiño da ría de Muros Noia e a súa conformidade coa lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito de Asociación.

Os requisitos dos estatutos de unha asociación están recollidos no artigo 7 da Lei orgánica 1/2002 e se procede a analizar o borrador de estatutos remitido con fin de examinar a súa conformidade coa lexislación:

Esixencia do artigo 7 da lei 1/2002	Cumprimento do borrador de estatutos
A denominación	Cumpre; artigo 1.
O domicilio, eido territorial	Cumpre; artigos 2 e 3
A duración cando non teña carácter indefinido	Cumpre; artigo 4
Os fins e actividades descritos de forma precisa	Cumpre; artigo 5
Os requisitos e modalidades de admisión e baixa, sanción e separación dos asociados e clases destes. Consecuencia do impago das cotas por parte dos asociados	Cumpre; artigos 6 e 9.
Dereitos e obrigas dos asociados	Cumpre; artigos 7 e 8
Criterios que garantan o funcionamento democrático da asociación	Cumpre; artigos 11 e 18
Órganos de goberno e representación, composición, regras e procedementos para a elección e substitucións dos seus membros, atribucións, duración dos cargos, causas de cese, forma de deliberar, adoptar e executar acordos e as persoas ou cargos con facultade para certificarlos e requisitos para que os citados órganos queden validamente constituídos así como a cantidade de asociados necesaria para poder convocar sesións dos órganos de goberno ou propoñer asuntos na orde do día	Cumpre; artigos 11,12,13,14, 15,16,17, 18, 19,20,21 e 22.
Réxime de administración, contabilidade, documentación así como a data de peche do exercicio asociativo	Cumpre; artigos 23 e 24.
Patrimonio inicial e recursos económicos dos que poderá facerse uso	Cumpre; artigos 23 e 24.
Causas de disolución e destino do patrimonio que non poderán desvirtuar o seu carácter non lucrativo	Cumpre; artigo 23.

O contido do borrador de estatutos da Asociación de concellos do Camiño da ría de Muros e Noia son conformes coas esixencias da Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito de Asociación.

Por todo o exposto formulase o seguinte informe proposta ao Pleno da Corporación co quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación:

Primeiro. - Acordar a constituición da Asociación Camiño da Ría de Muros Noia na que se integrará o Concello de Ames.

Segundo. - Prestar conformidade ao borrador de estatutos da Asociación Camiño da Ría de Muros Noia que figuran como anexo.

Terceiro. - Designar como representante municipal de índole político ao alcalde do concello de Ames e ao concelleiro/a de turismo. Designar como representante técnico á técnico/a municipal de turismo.

Cuarto. - Facultar ao señor alcalde do concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Ames, abril de 2019.

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

Anexo

A interventora

Margarita Fernández Sobrino

ESTATUTOS

ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO DA RÍA DE MUROS NOIA

CAPÍTULO I

DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º. Constitución e denominación.

1. Constitúese unha Asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociación, e tendo en consideración a Disposición Adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e demais disposicións legais. A Asociación ten a seguinte denominación: "ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO DA RÍA DE MUROS NOIA"

2. A Asociación rexeráse polos presentes estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º. Domicilio social.

No momento da constituición o domicilio da Asociación radicarás na Casa do Concello de Lousame, en Portobravo, nº 1, Lousame (A Coruña).

Artigo 3º. Ámbito territorial.

A Asociación, en función dos seus fins e do seu emprazamento social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial dos concellos que a integran. Poderá, en todo caso, realizar actuacións fóra deste territorio sempre que respondan á finalidade e obxectivos recollidos nestes Estatutos.

Artigo 4º. Duración

1. A Asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

3. A Asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5º. Fins da Asociación.

1. A Asociación constitúese coa finalidade principal a promoción da ruta xacobeá coñecida como Camiño da Ría de Muros Noia, con independencia de que poida tomar outra denominación en función do que determinen as investigacións históricas ou os recoñecementos oficiais.

2. Son fins principais da Asociación:

- A delimitación do itinerario histórico da ruta e o seu recoñecemento oficial como Camiño de Santiago a efectos de patrimonio cultural e ruta turística xacobeá.
- A investigación, documentación, catalogación, difusión e fomento da cultura xacobeá e do patrimonio natural e cultural dos concellos implicados.
- Promover o desenvolvemento turístico dos concellos do Camiño da Ría de Muros Noia, achegando a cooperación destas institucións locais e contando co apoio da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma, a Administración do Estado e mancomunidades ou outra forma de agrupación de concellos afectados polo Camiño da Ría de Muros Noia.
- Promover a defensa e mellora do patrimonio natural e cultural do Camiño da Ría de Muros Noia.
- Planificar e desenvolver iniciativas de desenvolvemento sostible do territorio do Camiño da Ría de Muros Noia.
- Canalizar a promoción turística do Camiño da Ría de Muros Noia, así como a elaboración de programas turísticos e medioambientais.
- Ofrecer o apoio necesario aos peregrinos que transitan polo roteiro xacobeá do Camiño da Ría de Muros Noia.
- Desenvolver relacións de reciprocidade entre os concellos e territorios, fomentando e propoñendo iniciativas concretas que favorezan incrementos do movemento turístico, a implantación nos mercados nacionais e internacionais e a identidade de conxunto do territorio entre as grandes rutas viaxeiras do mundo.
- Incluír este proxecto no marco dos programas da Unión Europea e/ou doutras institucións, destinados a axudar a novas iniciativas que potencien os destinos turísticos europeos e que precisen da súa presentación de forma conxunta e coordinada.
- Planificar actuacións turísticas e de difusión de imaxe conxunta, que se corresponda cos intereses dos membros desta Asociación.
- Participar e colaborar activamente cos plans da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma e da Administración do Estado neste territorio.
- Representar aos concellos do Camiño da Ría de Muros Noia en cantos proxectos, convenios, acordos ou similares de carácter público ou privado se orienten ao cumprimento destes obxectivos e fins.
- Procurar a unión de iniciativas que en materia de desenvolvemento e promoción do Camiño da Ría de Muros Noia leven a cabo outros organismos públicos e privados.
- Fomentar o contacto e relación con outras entidades de natureza análoga que teñen entre os seus fins a promoción e defensa das diversas variantes do Camiño de Santiago.

3. Para levar a cabo os seus fins a Asociación poderá:

- Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes.
- Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados co Camiño da Ría de Muros Noia nos concellos membros.
- Constituír os servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros.
- Dirixirse aos poderes públicos e intervir con carácter consultivo, no seu caso, na formulación da normativa legal que afecte aos seus municipios.
- Organizar e participar en reunións, seminarios e congresos.
- Promover publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.
- Realizar calquera outra actividade con suxeición á lexislación vixente.
- Planificar e executar programas anuais en directa relación coa súa finalidade e obxectivos.

CAPÍTULO II DOS ASOCIADOS

Artigo 6º. Admisión de asociados.

1. A Asociación está integrada, no momento da súa constitución, polos concellos de Ames, Brión, Lousame, Muros, Noia, Outes, Porto do Son, Rois e Santiago de Compostela.

2. Poderán formar parte da Asociación todos os concellos polos que transcorra o percorrido xacobeá do Camiño da Ría de Muros Noia, unha vez estea oficialmente delimitado e con independencia da denominación oficial que se adopte. O acordo de integración deberá ser adoptado polo órgano competente da corporación interesada, no que se expresará a súa vontade de adhesión e cumprimento dos presentes estatutos.

3. A alta será solicitada polo alcalde ou Presidente da Corporación mediante escrito dirixido ao Presidente da Asociación, quen dará conta á Asemblea Xeral, que acordará acceder ou non á admisión.

4. Calquera membro pode separarse previo acordo plenario da Corporación correspondente. Dita separación fornecerá efectos a partir da toma de coñecemento da Asemblea Xeral.

5. O membro que, por calquera causa, deixase de pertencer á Asociación, acharase suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigacións contraídas.

Artigo 7º. Dereitos dos membros da Asociación.

Son dereitos dos membros da Asociación:

- Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se celebren.
- Ser candidatos aos cargos dos órganos de goberno.
- Participar nas áreas da Asociación.
- Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.
- Ter coñecemento da execución do orzamento.
- Solicitar ao Presidente reunir á Asemblea Xeral, segundo os casos, cando estimen que os seus dereitos foron vulnerados, sen prexuízo da impugnación de acordos e poidan formular segundo a lexislación vixente.

Artigo 8º. Obrigas dos socios da Asociación

Son obrigas dos membros da Asociación.

- Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos da Asociación e os seus órganos de goberno.
- Pagar as cotas regulamentarias e as achegas extraordinarias que, no seu caso, puidesen establecerse.

3. *Velar pola consecución dos fins propostos, cumprindo con exactitude as disposicións estatutarias e os regulamentos.*

Artigo 9º. Perda da condición de socio.

A condición de socio alterarase por algún dos seguintes motivos:

- *Por acordo da corporación correspondente, segundo o disposto no artigo 6.4.*
- *Por deber máis dunha cota, perderase o dereito de voto nos órganos da Asociación. Así mesmo, ningún concello con cotas pendentes poderá ser membro da Xunta Directiva.*
- *Os concellos que están neste suposto, verán reducida a súa presenza nas accións promocionais que a Asociación desenvolva, así como nos materiais editados pola mesma durante ese período.*
- *Perderase a condición de socio da Asociación, por falta de pagamento de 3 cotas ou máis, cando unha vez realizado o requirimento, pasasen máis de tres meses sen o pago das cotas debidas.*

Artigo 10º.- Membro amigo

- *Poderán participar na Asociación os denominados Membro Amigo que serán entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción do Camiño da Ría de Muros Noia.*
- *A condición de Membro Amigo supón que pode participar nas reunións e asembleas da Asociación con voz pero sen voto, non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obriga do pagamento de cotas.*
- *Para obter a condición de Membro Amigo a entidade ou organismo interesado deberá solicitar á presidencia a admisión argumentando o seu vencello co Camiño Inglés. Será a Asemblea Xeral a que acorde acceder ou non á admisión.*

CAPÍTULO III

DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11º. Órganos de goberno.

Os órganos de goberno da Asociación son os seguintes:

-*Asemblea xeral onde están representados todos os socios.*

-*Xunta directiva, que é o órgano do goberno da Asociación e está formada polo Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e un Vogal.*

Artigo 12º. A Asemblea Xeral.

A Asemblea Xeral é o órgano soberano da Asociación e está formada por todos os representantes das Corporacións asociadas, cargo que recaerá nas persoas que estas designen de conformidade coa súa normativa.

Artigo 13º. Competencias da Asemblea Xeral.

Son competencias da Asemblea Xeral:

- *Aprobar a modificación dos estatutos.*
- *Aprobar o plan de actuacións da Asociación.*
- *Aprobar os orzamentos e contas xerais, así como o regulamento de réxime interno.*
- *Aprobar as cotas ordinarias e achegas económicas extraordinarias.*
- *Disolver a Asociación.*
- *Establecer a estrutura organizativa.*
- *Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos previstos nos Estatutos e Regulamento Interno que os desenvolven.*
- *Aprobar a admisión de novos socios e membros amigo.*

Artigo 14º. Reunións ordinarias e extraordinarias da Asemblea Xeral.

1. *As sesións que celebre a Asemblea Xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.*
2. *A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano, sendo convocada polo Presidente cun mínimo de sete días de antelación á data de celebración da mesma.*
3. *A Asemblea reunirse con carácter extraordinario tantas veces sexa necesario, sendo convocada pola presidencia ou a petición dun terzo dos socios. A convocatoria farase coa mesma antelación prevista no apartado anterior.*
4. *As reunións da Asemblea Xeral, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela dous terzos dos asociados con dereito a voto; en segunda convocatoria, que se celebrará polo menos media hora máis tarde da primeira, quedará constituída a Asemblea Xeral sempre que asistan o Presidente e polo menos un terzo dos socios, coa excepción regulada no artigo 25 para a modificación de estatutos. Exercerá a secretaría tanto da Asemblea Xeral como das reunións da xunta o Secretario da Asociación.*

Artigo 15º. Convocatoria das reunións da Asemblea Xeral

1. *Tanto para a Asemblea Xeral ordinaria, como para a extraordinaria, a convocatoria haberá de facerse por escrito, expresando o lugar, o día e a hora de celebración da mesma.*
2. *Acompañarase á convocatoria a Orde do Día, comprensiva dos asuntos a tratar, debéndose incluír naquela, necesariamente, calquera tema que estando dentro dos fins desta Asociación, fose expresamente solicitado polo menos por un terzo dos membros.*

Artigo 16º. Acordos da Asemblea Xeral.

Os acordos adoptaranse por maioría. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do Presidente.

Artigo 17º. Presidencia da Asemblea Xeral.

As reunións da Asemblea Xeral estarán presididas polo Presidente, asistido do Secretario, quen levantará acta da sesión, na que se reflectirán as propostas e resolucións adoptadas.

Artigo 18º. Elección de órganos unipersoais.

1. *A Presidencia da Asociación será elixida entre os concellos que desexen ostentala e ratificada pola Asemblea Xeral. O Vicepresidente, o Secretario, o Tesoureiro e o Vogal que completan a Xunta Directiva tamén serán elixidos entre os asociados que se postulen.*
2. *A Vicepresidencia substituirá á presidencia en caso de ausencia e en casos concretos poderá recibir a delegación do exercicio das súas competencias.*

Artigo 19º. Mandato dos membros da Xunta Directiva.

1. *A duración do mandato do Presidente será de catro anos.*
2. *Calquera dos membros da Xunta Directiva cesarán nos seus cargos polas seguintes causas:*
 - *Por dimisión, comunicada por escrito á Asemblea.*
 - *Por perda da condición de membro da Asociación.*
 - *Por destitución mediante acordo da Asemblea Xeral en sesión extraordinaria, convocada a este só efecto, en tanto se celebre a seguinte Asemblea Xeral. Será necesario o voto da maioría absoluta dos asistentes.*

3. As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 concellos, que exercerán as funcións de Presidente, Secretario e Tesoureiro.

Artigo 20º. Atribucións do Presidente.

O Presidente da Asociación serao tamén da Asemblea, e terá as seguintes atribucións:

1. Representar á Asociación.
2. Convocar e presidir as sesións da Asemblea Xeral, con voz, voto e vogo de calidade.
3. Convocar e presidir as sesións da Asemblea Xeral, con voz, voto e voto de calidade.
4. Ordenar e autorizar pagos.
5. Asinar en nome da Asociación cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, achegas derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das Administracións Públicas e dos organismos delas dependentes ou doutras entidades, públicas ou non e para iso asinar os documentos públicos e privados que sexan precisos ou convenientes en nome da Asemblea Xeral.

CAPÍTULO IV DOUTROS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 21º. Atribucións da Xunta Directiva.

1. A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- A aprobación do programa de traballo e proxectos da Asociación.
- A fixación e execución do orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola Asemblea Xeral, segundo os recursos económicos dos que se dispoña.
- O nomeamento dunha Comisión Revisora de Contas que examine os balances económicos-financeiros e inventario dos bens da Asociación e dea parte á Asemblea Xeral.
- Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- Decidir sobre cuestións reservadas á Asemblea Xeral en caso de extrema urxencia, debendo ser ratificadas ditas resolucións posteriormente pola Asemblea Xeral na seguinte sesión que celebre.
- Velar polo bo funcionamento da Asociación.
- As competencias que o Presidente ou a Asemblea Xeral deleguen nela.

2. A duración do mandato dos membros de Xunta Directiva será de catro anos, podendo seren reelixidos pola Asemblea Xeral seguindo os criterios do Capítulo III art. 18 dos presentes estatutos.

Artigo 22º. Funcións da Secretaría e da Tesourería.

Secretaría e Tesourería

1. Son funcións da secretaría:

- a. A función de xefatura dos servizos administrativos da Asociación.
- b. Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da Asociación.
- c. Levantar actas dos acordos chegados na Asemblea Xeral e a Xunta Directiva e expedir certificacións destas co visto e praxe do Presidente.

2. Son funcións da Tesourería:

- Custodiar os fondos da Asociación e levar en orde a contabilidade..
- Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente.
- Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da Asociación.

CAPÍTULO V RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 23º. Patrimonio da Asociación.

1. A Asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

1. Terá un carácter non lucrativo.
2. Para o cumprimento dos seus fins a Asociación contará cun orzamento formado por achegas anuais dos seus membros.
3. Todos os seus ingresos aplicaranse aos fins que constitúen o obxecto desta Asociación, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre os asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
4. O seu patrimonio será independente do dos seus asociados.
5. Os beneficios obtidos pola Asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
6. Anualmente a Xunta Directiva presentará á Asemblea Xeral a unha memoria económica do exercicio xa rematado, xunto cos xustificantes de gasto que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola Asemblea Xeral.
7. Para a contratación de servizos ou investimentos, a Asociación estará suxeita á lexislación vixente de Contratos do Sector Público.

2. O patrimonio da Asociación pode estar integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica.

3. A dotación patrimonial da Asociación estará integrada por tódolos bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da Asociación e por aqueles outros que no sucesivo se aporten á mesma con ese carácter.

Artigo 24º. Recursos económicos da Asociación.

1. Os recursos da Asociación procederán de:

1. A Asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

- As cotas ordinarias de carácter anual que serán proporcionais tendo en consideración o censo de habitantes dos concellos membros.
- As achegas extraordinarias que deberán ser ratificadas polos respectivos plenos.
- As subvencións ou doazóns que se reciban.
- Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.

2. As cotas ordinarias terán carácter anual e serán determinadas en canto á súa contía pola Asemblea Xeral.

3. O abono das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano, sendo causa de apercibimento a falta de pagamento das mesmas.

4. A Asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así

como cantas obrigacións contables determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta Asociación.

5. O exercicio económico coincidirá co ano natural e terminará o día 31 de decembro de cada ano excepto no caso de disolución da Asociación, nese caso o peche será o da Asemblea Xeral que aprobe a disolución. A data de apertura do exercicio económico coincidirá co 1 de xaneiro, excepto no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.

CAPÍTULO VI MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 25º. Modificación de Estatutos.

A modificación de Estatutos deberá ser aprobada pola Asemblea Xeral en sesión extraordinaria. Para a súa constitución válida, será necesaria a presenza, en primeira convocatoria, de dous terzos dos seus membros. Na súa segunda convocatoria, quedará constituída validamente con polo menos tres dos asociados.

O acordo de modificación adoptarase por maioría absoluta dos asistentes.

CAPÍTULO VII DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 26º. Acordo de disolución.

1. O acordo de disolución deberá ser adoptado en sesión extraordinaria pola Asemblea Xeral convocada para o efecto, e por unha maioría absoluta dos asistentes. Son causas de disolución da Asociación:

- Por acordo da Asemblea Xeral extraordinaria.
- Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.
- Por resolución xudicial e firme.

2. Acordada a disolución, a Asemblea constituirase na Comisión Liquidadora, que procederá á liquidación da Asociación, repartindo o patrimonio social entre entidades benéficas, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigas pertinentes.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira. En calquera outro suposto non recollido nestes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociación.

(.....)

Rematadas as intervencións o Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Acordar a constitución da Asociación Camiño da Ría de Muros Noia na que se integrará o Concello de Ames.

Segundo.- Prestar conformidade ao borrador de estatutos da Asociación Camiño da Ría de Muros Noia que figuran como anexo.

Terceiro.- Designar como representante municipal de índole político ao alcalde do concello de Ames e ao concelleiro/a de turismo. Designar como representante técnico á técnico/a municipal de turismo.

Cuarto.- Facultar ao señor alcalde do concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Anexo

ESTATUTOS ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO DA RÍA DE MUROS NOIA

CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º. Constitución e denominación.

1. Constitúese unha Asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociación, e tendo en consideración a Disposición Adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e demais disposicións legais. A Asociación ten a seguinte denominación: "ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO DA RÍA DE MUROS NOIA"

2. A Asociación rexerese polos presentes estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º. Domicilio social.

No momento da constitución o domicilio da Asociación radicará na Casa do Concello de Lousame, en Portobravo, nº 1, Lousame (A Coruña).

Artigo 3º. Ámbito territorial.

A Asociación, en función dos seus fins e do seu emprazamento social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial dos concellos que a integran. Poderá, en todo caso, realizar actuacións fóra deste territorio sempre que respondan á finalidade e obxectivos recollidos nestes Estatutos.

Artigo 4º. Duración

1. A Asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

3. A Asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5º. Fins da Asociación.

1. A Asociación constitúese coa finalidade principal a promoción da ruta xacobeá coñecida como Camiño da Ría de Muros Noia, con independencia de que poida tomar outra denominación en función do que determinen as investigacións históricas ou os recoñecementos oficiais:

2. Son fins principais da Asociación:

- a) A delimitación do itinerario histórico da ruta e o seu recoñecemento oficial como Camiño de Santiago a efectos de patrimonio cultural e ruta turística xacobeá.
- b) A investigación, documentación, catalogación, difusión e fomento da cultura xacobeá e do patrimonio natural e cultural dos concellos implicados.
- c) Promover o desenvolvemento turístico dos concellos do Camiño da Ría de Muros Noia, achegando a cooperación destas institucións locais e contando co apoio da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma, a Administración do Estado e mancomunidades ou outra forma de agrupación de concellos afectados polo Camiño da Ría de Muros Noia.
- d) Promover a defensa e mellora do patrimonio natural e cultural do Camiño da Ría de Muros Noia.
- e) Planificar e desenvolver iniciativas de desenvolvemento sostible do territorio do Camiño da Ría de Muros Noia.
- f) Canalizar a promoción turística do Camiño da Ría de Muros Noia, así como a elaboración de programas turísticos e medioambientais.
- g) Ofrecer o apoio necesario aos peregrinos que transitan polo roteiro xacobeo do Camiño da Ría de Muros Noia.
- h) Desenvolver relacións de reciprocidade entre os concellos e territorios, fomentando e proponendo iniciativas concretas que favorezan incrementos do movemento turístico, a implantación nos mercados nacionais e internacionais e a identidade de conxunto do territorio entre as grandes rutas viaxeiras do mundo.
- i) Incluír este proxecto no marco dos programas da Unión Europea e/ou doutras institucións, destinados a axudar a novas iniciativas que potencien os destinos turísticos europeos e que precisen da súa presentación de forma conxunta e coordinada.
- j) Planificar actuacións turísticas e de difusión de imaxe conxunta, que se corresponda cos intereses dos membros desta Asociación.
- k) Participar e colaborar activamente cos plans da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma e da Administración do Estado neste territorio.
- l) Representar aos concellos do Camiño da Ría de Muros Noia en cantos proxectos, convenios, acordos ou similares de carácter público ou privado se orienten ao cumprimento destes obxectivos e fins.
- m) Procurar a unión de iniciativas que en materia de desenvolvemento e promoción do Camiño da Ría de Muros Noia leven a cabo outros organismos públicos e privados.
- n) Fomentar o contacto e relación con outras entidades de natureza análoga que teñen entre os seus fins a promoción e defensa das diversas variantes do Camiño de Santiago.

3. Para levar a cabo os seus fins a Asociación poderá:

- Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes.
- Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados co Camiño da Ría de Muros Noia nos concellos membros.
- Constituír os servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros.
- Dirixirse aos poderes públicos e intervir con carácter consultivo, no seu caso, na formulación da normativa legal que afecte aos seus municipios.
- Organizar e participar en reunións, seminarios e congresos.
- Promover publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.
- Realizar calquera outra actividade con suxeición á lexislación vixente.
- Planificar e executar programas anuais en directa relación coa súa finalidade e obxectivos.

CAPÍTULO II DOS ASOCIADOS

Artigo 6º. Admisión de asociados.

1. A Asociación está integrada, no momento da súa constitución, polos concellos de Ames, Brión, Lousame, Muros, Noia, Outes, Porto do Son, Rois e Santiago de Compostela.

2. Poderán formar parte da Asociación todos os concellos polos que transcorra o percorrido xacobeo do Camiño da Ría de Muros Noia, unha vez estea oficialmente delimitado e con independencia da denominación oficial que se adopte. O acordo de integración deberá ser adoptado polo órgano competente da corporación interesada, no que se expresará a súa vontade de adhesión e cumprimento dos presentes estatutos.

3. A alta será solicitada polo alcalde ou Presidente da Corporación mediante escrito dirixido ao Presidente da Asociación, quen dará conta á Asemblea Xeral, que acordará acceder ou non á admisión.

4. Calquera membro pode separarse previo acordo plenario da Corporación correspondente. Dita separación fornecerá efectos a partir da toma de coñecemento da Asemblea Xeral.

5. O membro que, por calquera causa, deixase de pertencer á Asociación, acharase suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigacións contraídas.

Artigo 7º. Dereitos dos membros da Asociación.

Son dereitos dos membros da Asociación:

- Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se celebren.
- Ser candidatos aos cargos dos órganos de goberno.
- Participar nas áreas da Asociación.
- Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.
- Ter coñecemento da execución do orzamento.
- Solicitar ao Presidente reunir á Asemblea Xeral, segundo os casos, cando estimen que os seus dereitos foron vulnerados, sen prexuízo da impugnación de acordos e poidan formular segundo a lexislación vixente.

Artigo 8º. Obrigas dos socios da Asociación

Son obrigas dos membros da Asociación.

1. Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos da Asociación e os seus órganos de goberno.
2. Pagar as cotas regulamentarias e as achegas extraordinarias que, no seu caso, puidesen establecerse.

3. Velar pola consecución dos fins propostos, cumprindo con exactitude as disposicións estatutarias e os regulamentos.

Artigo 9º. Perda da condición de socio.

A condición de socio alterarase por algún dos seguintes motivos:

- Por acordo da corporación correspondente, segundo o disposto no artigo 6.4.
- Por deber máis dunha cota, perderase o dereito de voto nos órganos da Asociación. Así mesmo, ningún concello con cotas pendentes poderá ser membro da Xunta Directiva.
- Os concellos que están neste suposto, verán reducida a súa presenza nas accións promocionais que a Asociación desenvolva, así como nos materiais editados pola mesma durante ese período.
- Perderase a condición de socio da Asociación, por falta de pagamento de 3 cotas ou máis, cando unha vez realizado o requirimento, pasasen máis de tres meses sen o pago das cotas debidas.

Artigo 10º.- Membro amigo

- Poderán participar na Asociación os denominados Membro Amigo que serán entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción do Camiño da Ría de Muros Noia.
- A condición de Membro Amigo supón que pode participar nas reunións e asembleas da Asociación con voz pero sen voto, non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obriga do pagamento de cotas.
- Para obter a condición de Membro Amigo a entidade ou organismo interesado deberá solicitar á presidencia a admisión argumentando o seu vencello co Camiño Inglés. Será a Asemblea Xeral a que acorde acceder ou non á admisión.

CAPÍTULO III

DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11º. Órganos de goberno.

Os órganos de goberno da Asociación son os seguintes:

-Asemblea xeral onde están representados todos os socios.

-Xunta directiva, que é o órgano do goberno da Asociación e está formada polo Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e un Vogal.

Artigo 12º. A Asemblea Xeral.

A Asemblea Xeral é o órgano soberano da Asociación e está formada por todos os representantes das Corporacións asociadas, cargo que recaerá nas persoas que estas designen de conformidade coa súa normativa.

Artigo 13º. Competencias da Asemblea Xeral.

Son competencias da Asemblea Xeral:

- Aprobar a modificación dos estatutos.
- Aprobar o plan de actuacións da Asociación.
- Aprobar os orzamentos e contas xerais, así como o regulamento de réxime interno.
- Aprobar as cotas ordinarias e achegas económicas extraordinarias.
- Disolver a Asociación.
- Establecer a estrutura organizativa.
- Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos previstos nos Estatutos e Regulamento Interno que os desenvolven.
- Aprobar a admisión de novos socios e membros amigo.

Artigo 14º. Reunións ordinarias e extraordinarias da Asemblea Xeral.

1. As sesións que celebre a Asemblea Xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.

2. A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano, sendo convocada polo Presidente cun mínimo de sete días de antelación á data de celebración da mesma.

3. A Asemblea reunirse con carácter extraordinario tantas veces sexa necesario, sendo convocada pola presidencia ou a petición dun terzo dos socios. A convocatoria farase coa mesma antelación prevista no apartado anterior.

4. As reunións da Asemblea Xeral, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela dous terzos dos asociados con dereito a voto; en segunda convocatoria, que se celebrará polo menos media hora máis tarde da primeira, quedará constituída a Asemblea Xeral sempre que asistan o Presidente e polo menos un terzo dos socios, coa excepción regulada no artigo 25 para a modificación de estatutos. Exercerá a secretaría tanto da Asemblea Xeral como das reunións da xunta o Secretario da Asociación.

Artigo 15º. Convocatoria das reunións da Asemblea Xeral

1. Tanto para a Asemblea Xeral ordinaria, como para a extraordinaria, a convocatoria haberá de facerse por escrito, expresando o lugar, o día e a hora de celebración da mesma.

2. Acompañarase á convocatoria a Orde do Día, comprensiva dos asuntos a tratar, debéndose incluír naquela, necesariamente, calquera tema que estando dentro dos fins desta Asociación, fose expresamente solicitado polo menos por un terzo dos membros.

Artigo 16º. Acordos da Asemblea Xeral.

Os acordos adoptaranse por maioría. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do Presidente.

Artigo 17º. Presidencia da Asemblea Xeral.

As reunións da Asemblea Xeral estarán presididas polo Presidente, asistido do Secretario, quen levantará acta da sesión, na que se reflectirán as propostas e resolucións adoptadas.

Artigo 18º. Elección de órganos unipersonais.

1. A Presidencia da Asociación será elixida entre os concellos que desexen ostentala e ratificada pola Asemblea Xeral. O Vicepresidente, o Secretario, o Tesoureiro e o Vogal que completan a Xunta Directiva tamén serán elixidos entre os asociados que se postulen.

2. A Vicepresidencia substituirá á presidencia en caso de ausencia e en casos concretos poderá recibir a delegación do exercicio das súas competencias.

Artigo 19º. Mandato dos membros da Xunta Directiva.

1. A duración do mandato do Presidente será de catro anos.

2. Calquera dos membros da Xunta Directiva cesarán nos seus cargos polas seguintes causas:

- Por dimisión, comunicada por escrito á Asemblea.

- Por perda da condición de membro da Asociación.
- Por destitución mediante acordo da Asemblea Xeral en sesión extraordinaria, convocada a este só efecto, en tanto se celebre a seguinte Asemblea Xeral. Será necesario o voto da maioría absoluta dos asistentes.

3. As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 concellos, que exercerán as funcións de Presidente, Secretario e Tesoureiro.

Artigo 20º. Atribucións do Presidente.

O Presidente da Asociación serao tamén da Asemblea, e terá as seguintes atribucións:

1. Representar á Asociación.
2. Convocar e presidir as sesións da Asemblea Xeral, con voz, voto e vogo de calidade.
3. Convocar e presidir as sesións da Asemblea Xeral, con voz, voto e voto de calidade.
4. Ordenar e autorizar pagos.
5. Asinar en nome da Asociación cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, achegas derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das Administracións Públicas e dos organismos delas dependentes ou doutras entidades, públicas ou non e para iso asinar os documentos públicos e privados que sexan precisos ou convenientes en nome da Asemblea Xeral.

CAPÍTULO IV

DOUROS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 21º. Atribucións da Xunta Directiva.

1. A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- A aprobación do programa de traballo e proxectos da Asociación.
- A fixación e execución do orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola Asemblea Xeral, segundo os recursos económicos dos que se dispoña.
- O nomeamento dunha Comisión Revisora de Contas que examine os balances económicos-financeiros e inventario dos bens da Asociación e dea parte á Asemblea Xeral.
- Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- Decidir sobre cuestións reservadas á Asemblea Xeral en caso de extrema urxencia, debendo ser ratificadas ditas resolucións posteriormente pola Asemblea Xeral na seguinte sesión que celebre.
- Velar polo bo funcionamento da Asociación.
- As competencias que o Presidente ou a Asemblea Xeral deleguen nela.

2. A duración do mandato dos membros de Xunta Directiva será de catro anos, podendo seren reelixidos pola Asemblea Xeral seguindo os criterios do Capítulo III art. 18 dos presentes estatutos.

Artigo 22º. Funcións da Secretaría e da Tesourería.

Secretaría e Tesourería

1. Son funcións da secretaría:

- d. A función de xefatura dos servizos administrativos da Asociación.
- e. Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da Asociación.
- f. Levantar actas dos acordos chegados na Asemblea Xeral e a Xunta Directiva e expedir certificacións destas co visto e prace do Presidente.

2. Son funcións da Tesourería:

- Custodiar os fondos da Asociación e levar en orde a contabilidade..
- Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente.
- Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da Asociación.

CAPÍTULO V

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 23º. Patrimonio da Asociación.

1. A Asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

1. Terá un carácter non lucrativo.
2. Para o cumprimento dos seus fins a Asociación contará cun orzamento formado por achegas anuais dos seus membros.
3. Todos os seus ingresos aplicaranse aos fins que constitúen o obxecto desta Asociación, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre os asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
4. O seu patrimonio será independente do dos seus asociados.
5. Os beneficios obtidos pola Asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
6. Anualmente a Xunta Directiva presentará á Asemblea Xeral a unha memoria económica do exercicio xa rematado, xunto cos xustificantes de gasto que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola Asemblea Xeral.
7. Para a contratación de servizos ou investimentos, a Asociación estará suxeita á lexislación vixente de Contratos do Sector Público.

2. O patrimonio da Asociación pode estar integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica.

3. A dotación patrimonial da Asociación estará integrada por tódolos bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da Asociación e por aqueles outros que no sucesivo se aporten á mesma con ese carácter.

Artigo 24º. Recursos económicos da Asociación.

1. Os recursos da Asociación procederán de:

1. A Asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

- As cotas ordinarias de carácter anual que serán proporcionais tendo en consideración o censo de habitantes dos concellos membros.

- As achegas extraordinarias que deberán ser ratificadas polos respectivos plenos.
 - As subvencións ou doazóns que se reciban.
 - Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.
2. As cotas ordinarias terán carácter anual e serán determinadas en canto á súa contía pola Asemblea Xeral.
3. O abono das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano, sendo causa de apercibimento a falta de pagamento das mesmas.
4. A Asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como cantas obrigacións contables determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta Asociación.
5. O exercicio económico coincidirá co ano natural e terminará o día 31 de decembro de cada ano excepto no caso de disolución da Asociación, nese caso o peche será o da Asemblea Xeral que aprobe a disolución. A data de apertura do exercicio económico coincidirá co 1 de xaneiro, excepto no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.

CAPÍTULO VI

MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 25°. Modificación de Estatutos.

A modificación de Estatutos deberá ser aprobada pola Asemblea Xeral en sesión extraordinaria. Para a súa constitución válida, será necesaria a presenza, en primeira convocatoria, de dous terzos dos seus membros. Na súa segunda convocatoria, quedará constituída validamente con polo menos tres dos asociados.

O acordo de modificación adoptárase por maioría absoluta dos asistentes.

CAPÍTULO VII

DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 26°. Acordo de disolución.

1. O acordo de disolución deberá ser adoptado en sesión extraordinaria pola Asemblea Xeral convocada para o efecto, e por unha maioría absoluta dos asistentes. Son causas de disolución da Asociación:

- Por acordo da Asemblea Xeral extraordinaria.
- Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.
- Por resolución xudicial e firme.

2. Acordada a disolución, a Asemblea constituirase na Comisión Liquidadora, que procederá á liquidación da Asociación, repartindo o patrimonio social entre entidades benéficas, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigas pertinentes.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira. En calquera outro suposto non recollido nestes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociación.

Punto Noveno.- Proposta dos membros da Corporación do Concello de Ames solicitando unha mellora da atención sanitaria urxente no transporte sanitario no Concello de Ames (R.E. numero 20190000002445).

(.....)

Rematadas as intervencións o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes presta aprobación á proposta do teor literal seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As Urgencias Sanitarias en Galicia están xestionadas na nosa Comunidade Autónoma pola Fundación Pública 061 Urgencias Sanitarias de Galicia, integrada na rede asistencial do SERGAS e dependente da Consellería de Sanidade.

O 061 de Galicia, servizo con pouco máis de 20 anos de existencia é un elemento fundamental da asistencia sanitaria en Galicia, o servizo é dos mais valorados pola cidadanía e converteuse no principal actor sanitario na coordinación da atención sanitaria urxente no noso país. A estrutura da asistencia sanitaria urxente prestada polo 061 basease, de xeito simplificado, en 2 elementos fundamentais:

- 1. A Central de Coordinación de Urgencias Sanitarias de Galicia (CCUS) onde se reciben unas 3.200 chamadas ao día de demanda de atención urxente que son filtradas, analizadas e reciben unha resposta por parte dun equipo multidisciplinar composto por persoal sanitario, técnicos e operadores. Outra das súas funcións fundamentais é a de coordinar todos os recursos de asistencia sanitaria urxente de Galicia, tanto na asistencia sanitaria urxente primaria como especializada.*
- 2. Os recursos móbiles: compostos por dúas redes diferenciadas, complementarias e coordinadas pola CCUS. Por unha banda a Rede de recursos medicalizados, Unidades de Soporte Vital Avanzado (USVA) aéreas e terrestres con persoal sanitario e técnico e a Rede de Transporte Sanitario Urxente (RTSU) con Unidades de Soporte Vital Básico (USVB) con persoal técnico.*

A Área de Transporte Sanitario Urxente (ATSU) na que se atopa o noso concello conta cunha Unidade de Soporte Vital Básico (USVA) e ten a súa base no concello de Negreira, dando cobertura sanitaria aos concellos de Ames, A Baña, Brión e Negreira. Estas ambulancias contan con un/ha condutor técnico en emerxencias sanitarias e un/ha axudante técnico en emerxencias sanitarias. Indicar que non todo o concello de Ames está

atendido pola ambulancia con base en Negreira, xa que tanto O Milladoiro como parte de Biduído están incluídos na Área de Santiago de Compostela, que conta con dúas unidades de SVB, pero que atende a Santiago de Compostela, Teo, Boqueixón, Vedra e unha parte de Trazo.

Está claro que a ambulancia que da cobertura á maioría do noso concello é insuficiente para poder cubrir as urxencias existentes e que por esa razón hai incidencias nas que o tempo de resposta é superior aos 10/15 minutos, sempre e cando a ambulancia con base en Negreira non se atope ocupada nunha emerxencia, polo que será necesario derivar outra unidade dun área distinta. É importante ter en conta, ademais, que o concello de Ames é o máis poboado da zona, con moita diferenza sobre o resto, e polo tanto con máis urxencias sanitarias e situacións de emerxencia.

Por outra banda compre lembrar que as patoloxías máis emerxentes como as Paradas Cardiorrespiratorias se non son atendidas nun tempo máximo de 15-20 minutos teñen case nulas opcións de recuperación, que a mortalidade dos Infartos Agudos de Miocardio prodúcese fundamentalmente na primeira hora, que os pacientes politraumatizados reducen drasticamente a súa supervivencia tras 20 minutos sen asistencia ou que o tratamento do ictus reduce a súa eficacia cada hora que pasa, conclúese que os casos con patoloxías máis emerxentes cos tempos de resposta existentes están correndo serios riscos de quedar desatendidos.

Por todo o anteriormente exposto, **PROPONSE AO PLENO DO CONCELLO DE AMES A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE**

ACORDOS:

- Reclamar á Consellería de Sanidade a reorganización dos recursos RTSU do 061 de Galicia, e que e que o concello de Ames poida contar cunha Unidade de Soporte Vital Básico (USVA).
- Solicitar á Consellería de Sanidade a realización dun estudio serio e riguroso sobre a atención urxente no noso concello, contrastando número de urxencias atendidas, urxencias trasladadas ao CHUS, tempos de resposta, tempos de asistencia, tempos de traslados ao CHUS, etc. para que se analice a conveniencia de dispoñer dunha Unidade de Soporte Vital Básico (USVA) no Concello de Ames.

C) MOCIÓNS.

Non se presentaron.

D) PARA CONTROL DO GOBERNO.

Punto Décimo.-Rogos e Preguntas.

Se formulan diversos rogos e preguntas, recollidos na vídeo acta desta sesión plenaria.

E non habendo mais asuntos de que tratar, o señor presidente deu por rematado o acto e levantou a sesión ás vinte e dúas horas e dez minutos do día 25 de abril de 2019, de todo o que eu, como secretaria, certifico.

Visto e prace
O alcalde

A secretaria

José M. Miñones Conde

Rosa Ana Prada Queipo